



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 386
27 de setembro de 2022

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 41720 (11/PNP-003528)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 14 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia

[150871](#)

Admisión a trámite e publicación

■ 41207 (11/PNP-003487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co servizo de transporte escolar da empresa Monbus

[150878](#)

■ 41220 (11/PNP-003488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas e o programa Life Rexenera Limia

[150881](#)

■ 41227 (11/PNP-003489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para paliar os retrocesos da produción industrial

[150884](#)



I 41233 (11/PNP-003490)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa posta en marcha da Estratexia galega de convivencia 2021-2025

[150887](#)**I 41242 (11/PNP-003491)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para defender a frota galega da pesca de artes de fondo

[150890](#)**I 41248 (11/PNP-003492)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para fomentar a xeración de emprego de calidade para a xuventude

[150894](#)**I 41257 (11/PNP-003493)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020

[150897](#)**I 41265 (11/PNP-003494)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir o cumprimento do contrato á empresa concesionaria do servizo de transporte escolar nas cormarcas do Barbanza, Muros e Noia

[150900](#)**I 41274 (11/PNP-003496)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas deficiencias do centro de ensinanza infantil e primaria Agolada

[150902](#)**I 41284 (11/PNP-003498)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para licitar as obras de construción do parque acuático no Complexo Lúdico-Deportivo de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar

[150905](#)**I 41290 (11/PNP-003499)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar unha estratexia de apoio á cultura [150908](#)

I 41301 (11/PNP-003501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a decisión do Goberno galego de administrar a cuarta dose da vacina contra a covid-19 ás persoas maiores de 80 anos en centros de vacinación masiva [150911](#)

I 41307 (11/PNP-003502)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para presentar a nova Estratexia galega de responsabilidade social empresarial 2022-2024 [150914](#)

I 41311 (11/PNP-003503)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitar que desenvolva medidas e actuacións que aseguren a protección da maternidade das traballadoras [150917](#)

I 41327 (11/PNP-003504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar de maior financiamento o Sistema Universitario de Galicia [150922](#)

I 41331 (11/PNP-003505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o deseño dun plan específico para superar o estancamento no uso habitual do galego [150925](#)

I 41337 (11/PNP-003506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para levar a cabo un plan de protección, conservación e recuperación das turbeiras [150928](#)

I 41506 (11/PNP-003507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sistema de repartición dos fondos do Plan Hurbe [150931](#)

I 41512 (11/PNP-003508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar a oferta educativa nos másters acreditativos da formación pedagóxica e didáctica no Sistema Universitario de Galicia [150939](#)

I 41519 (11/PNP-003509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para atender as necesidades educativas do Instituto de Ensino Secundario de Soutomaíor [150943](#)

I 41526 (11/PNP-003510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas denuncias, efectuadas por centros educativos e equipos directivos, de recortes no ensino público [150946](#)

I 41530 (11/PNP-003511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para suprimir os concertos educativos con todos os centros que segregan alumnado por sexo [150948](#)

I 41551 (11/PNP-003512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar os xulgados de medios persoais e materiais para facilitar o exercicio da capacidade xurídica das persoas con discapacidade [150951](#)

I 41560 (11/PNP-003513)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa información e o seguimento da situación do viaduto do Castro, na autovía A-6 [150954](#)

I 41561 (11/PNP-003514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa contratación do profesorado de reforzo do programa Arco [150957](#)

I 41571 (11/PNP-003515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en materia de impulso demográfico [150960](#)



I 41590 (11/PNP-003516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización da nova Estratexia da cultura galega

[150962](#)

I 41595 (11/PNP-003517)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en funcionamento o comedor escolar na escola infantil de Camariñas

[150965](#)

I 41603 (11/PNP-003518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución

[150967](#)

I 41625 (11/PNP-003520)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar o Plan reitor de uso e xestión do parque natural das Fragas do Eume

[150970](#)

I 41642 (11/PNP-003521)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas prazas de Pedagogía Terapéutica e a de docente itinerante no Centro de Ensinanza Infantil e Primaria Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría

[150973](#)

I 41648 (11/PNP-003522)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a inclusión do importe pagado polos concellos no financiamento da gratuidade das escolas infantís

[150975](#)

I 41650 (11/PNP-003523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cubrir as prazas de persoal sanitario necesarias no Punto de Atención Continuada da Parda, en Pontevedra

[150978](#)

I 41659 (11/PNP-003524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de tomar medidas urxentes para loitar contra a contaminación das augas da comarca da Limia [150981](#)

I 41671 (11/PNP-003525)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha dun transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña [150984](#)

I 41679 (11/PNP-003526)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a información ao Parlamento das iniciativas desenvolvidas en relación coa recuperación das esculturas de Abraham e Isaac, pertencentes aos bens do pazo de Meirás [150987](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia asignación a comisión e publicación

I 41721 (11/PNC-003650)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 14 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia [150989](#)

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 41208 (11/PNC-003607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co servizo de transporte escolar da empresa Monbus [150996](#)

I 41209 (11/PNC-003608)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co servizo de transporte escolar da empresa Monbus [150999](#)

I 41219 (11/PNC-003609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas e o programa Life Rexenera Limia [151002](#)

I 41221 (11/PNC-003610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas e o programa Life Rexenera Limia [151005](#)

I 41226 (11/PNC-003611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para paliar os retrocesos da produción industrial [151008](#)

I 41234 (11/PNC-003612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa posta en marcha da Estratexia galega de convivencia 2021-2025 [151011](#)

I 41241 (11/PNC-003613)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para defender a frota galega da pesca de artes de fondo [151014](#)

I 41249 (11/PNC-003614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para fomentar a xeración de emprego de calidade para a xuventude [151018](#)

I 41258 (11/PNC-003615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020 [151021](#)

I 41263 (11/PNC-003616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir o cumprimento do contrato á empresa concesionaria do servizo de transporte escolar nas comarcas da Barbanza, Muros e Noia [151024](#)



I 41264 (11/PNC-003617)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir o cumprimento do contrato á empresa concesionaria do servizo de transporte escolar nas comarcas do Barbanza, Muros e Noia

[151026](#)**I 41273 (11/PNC-003619)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas deficiencias do centro de ensinanza infantil e primaria Agolada

[151028](#)**I 41285 (11/PNC-003621)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para licitar as obras de construción do parque acuático no Complexo Lúdico-Deportivo de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar

[151031](#)**I 41291 (11/PNC-003622)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar unha estratexia de apoio á cultura

[151034](#)**I 41306 (11/PNC-003625)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para presentar a nova Estratexia galega de responsabilidade social empresarial 2022-2024

[151037](#)**I 41310 (11/PNC-003626)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitar que desenvolva medidas e actuacións que aseguren a protección da maternidade das traballadoras

[151040](#)**I 41328 (11/PNC-003627)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar de maior financiamento o Sistema Universitario de Galicia

[151045](#)**I 41332 (11/PNC-003628)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre o deseño dun plan específico para superar o estancamento no uso habitual do galego

[151048](#)

I 41338 (11/PNC-003629)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para levar a cabo un plan de protección, conservación e recuperación das turbeiras

[151051](#)**I 41507 (11/PNC-003630)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sistema de repartición dos fondos do plan Hurbe

[151054](#)**I 41513 (11/PNC-003631)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar a oferta educativa nos másters acreditativos da formación pedagóxica e didáctica no Sistema Universitario de Galicia

[151062](#)**I 41520 (11/PNC-003632)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para atender as necesidades educativas do Instituto de Ensino Secundario de Soutomaior

[151066](#)**I 41525 (11/PNC-003633)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas denuncias, efectuadas por centros educativos e equipos directivos, de recortes no ensino público

[151069](#)**I 41531 (11/PNC-003634)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para suprimir os concertos educativos con todos os centros que segregan alumnado por sexo

[151071](#)**I 41550 (11/PNC-003635)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar continuidade á senda peonil prevista na estrada OU-150, en Valdorregueiro (Ourense)

[151074](#)**I 41552 (11/PNC-003636)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar os xulgados de medios persoais e materiais para facilitar o exercicio da capacidade xurídica das persoas con discapacidade

[151078](#)

I 41559 (11/PNC-003637)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa información e o seguimento da situación do viaduto do Castro, na autovía A-6

[151081](#)

I 41562 (11/PNC-003638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa contratación do profesorado de reforzo do programa Arco

[151084](#)

I 41572 (11/PNC-003639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en materia de impulso demográfico

[151087](#)

I 41589 (11/PNC-003640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización da nova Estratexia da cultura galega

[151089](#)

I 41596 (11/PNC-003641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en funcionamento o comedor escolar na escola infantil de Camariñas

[151092](#)

I 41602 (11/PNC-003642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución

[151094](#)

I 41641 (11/PNC-003643)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas prazas de Pedagogía Terapéutica e a de docente itinerante no Centro de Ensinanza Infantil e Primaria Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría

[151097](#)



I 41647 (11/PNC-003644)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a inclusión do importe pagado polos concellos no financiamento da gratuidade das escolas infantís

[151099](#)**I 41651 (11/PNC-003645)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cubrir as prazas de persoal sanitario necesarias no Punto de Atención Continuada da Parda, en Pontevedra

[151102](#)**I 41658 (11/PNC-003646)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de tomar medidas urxentes para loitar contra a contaminación das augas da comarca da Limia

[151105](#)**I 41672 (11/PNC-003647)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha dun transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña

[151108](#)**I 41680 (11/PNC-003648)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a información ao Parlamento das iniciativas desenvolvidas en relación coa recuperación das esculturas de Abraham e Isaac, pertencentes aos bens do Pazo de Meirás

[151111](#)**I 41624 (11/PNC-003652)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar o Plan reitor de uso e xestión do parque natural das Fragas do Eume

[151113](#)**1.4. Procedementos de información****1.4.2. Solicitudes de comparecencia****1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión****Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación****I 41582 (11/CPC-000081)****Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Da Sra. directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por petición propia, para informar sobre o balance da campaña de verán baixo o lema *O verán que queres contar*

[151116](#)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 41580 (11/INT-002023)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a situación laboral das traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

[151118](#)

Admisión a trámite e publicación

■ 41210 (11/INT-002003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre o transporte escolar público

[151124](#)

■ 41228 (11/INT-002004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a situación do sector industrial

[151127](#)

■ 41229 (11/INT-002005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o control da praga da rata toupa na montaña lucense

[151129](#)

■ 41235 (11/INT-002006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a Estratexia galega de convivencia 2021-2025

[151133](#)

■ 41240 (11/INT-002007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a limitación e restrición da pesca de artes de fondo por parte da Comisión Europea

[151136](#)

■ 41250 (11/INT-002008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre a política económica dirixida á mocidade

[151139](#)

■ 41280 (11/INT-002010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre o financiamento do Sistema Universitario de Galicia

[151141](#)



I 41288 (11/INT-002011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os retrasos dos contratos de obras

[151143](#)**I 41294 (11/INT-002012)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política de apoio á cultura

[151146](#)**I 41302 (11/INT-002013)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a administración da cuarta dose da vacina contra a covid-19

[151149](#)**I 41335 (11/INT-002014)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega

[151152](#)**I 41341 (11/INT-002015)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a conservación das turbeiras

[151155](#)**I 41510 (11/INT-002016)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do plan Hurbe

[151157](#)**I 41516 (11/INT-002017)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o mestrado de profesorado

[151165](#)**I 41524 (11/INT-002018)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a xestión dos recortes no ensino público

[151170](#)**I 41534 (11/INT-002019)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre os concertos educativos

[151172](#)**I 41555 (11/INT-002020)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis



Sobre o exercicio nos xulgados da capacidade xurídica das persoas con discapacidade [151174](#)

I 41565 (11/INT-002021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a contratación do profesorado de reforzo [151177](#)

I 41573 (11/INT-002022)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política en relación co impulso demográfico [151180](#)

I 41591 (11/INT-002024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a renovación da Estratexia da cultura galega [151182](#)

I 41597 (11/INT-002025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a concesión directa de axudas a concellos [151185](#)

I 41623 (11/INT-002026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre os plans reitores de uso e xestión dos parques naturais [151187](#)

I 41646 (11/INT-002027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a gratuidade da atención educativa en escolas infantís [151190](#)

I 41675 (11/INT-002028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre o transporte público por estrada [151193](#)

I 41683 (11/INT-002029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a recuperación de bens do patrimonio cultural [151196](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 26 de setembro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 41720 (11/PNP-003528)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 14 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia

Admisión a trámite e publicación

- 41207 (11/PNP-003487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co servizo de transporte escolar da empresa Monbus

- 41220 (11/PNP-003488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas e o programa Life Rexenera Limia

- 41227 (11/PNP-003489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para paliar os retrocesos da produción industrial

- 41233 (11/PNP-003490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa posta en marcha da Estratexia galega de convivencia 2021-2025



- 41242 (11/PNP-003491)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para defender a frota galega da pesca de artes de fondo

- 41248 (11/PNP-003492)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para fomentar a xeración de emprego de calidade para a xuventude

- 41257 (11/PNP-003493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020

- 41265 (11/PNP-003494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir o cumprimento do contrato á empresa concesionaria do servizo de transporte escolar nas cormarcas do Barbanza, Muros e Noia

- 41274 (11/PNP-003496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas deficiencias do centro de ensinanza infantil e primaria Agolada

- 41284 (11/PNP-003498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para licitar as obras de construción do parque acuático no Complexo Lúdico-Deportivo de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar

- 41290 (11/PNP-003499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar unha estratexia de apoio á cultura

- 41301 (11/PNP-003501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis



Sobre a decisión do Goberno galego de administrar a cuarta dose da vacina contra a covid-19 ás persoas maiores de 80 anos en centros de vacinación masiva

- 41307 (11/PNP-003502)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para presentar a nova Estratexia galega de responsabilidade social empresarial 2022-2024

- 41311 (11/PNP-003503)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitar que desenvolva medidas e actuacións que aseguren a protección da maternidade das traballadoras

- 41327 (11/PNP-003504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar de maior financiamento o Sistema Universitario de Galicia

- 41331 (11/PNP-003505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o deseño dun plan específico para superar o estancamento no uso habitual do galego

- 41337 (11/PNP-003506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para levar a cabo un plan de protección, conservación e recuperación das turbeiras

- 41506 (11/PNP-003507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sistema de repartición dos fondos do Plan Hurbe

- 41512 (11/PNP-003508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar a oferta educativa nos másters acreditativos da formación pedagóxica e didáctica no Sistema Universitario de Galicia

- 41519 (11/PNP-003509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para atender as necesidades educativas do Instituto de Ensino Secundario de Soutomaioir

- 41526 (11/PNP-003510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas denuncias, efectuadas por centros educativos e equipos directivos, de recortes no ensino público

- 41530 (11/PNP-003511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para suprimir os concertos educativos con todos os centros que segregan alumnado por sexo

- 41551 (11/PNP-003512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar os xulgados de medios persoais e materiais para facilitar o exercicio da capacidade xurídica das persoas con discapacidade

- 41560 (11/PNP-003513)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa información e o seguimento da situación do viaduto do Castro, na autovía A-6

- 41561 (11/PNP-003514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa contratación do profesorado de reforzo do programa Arco

- 41571 (11/PNP-003515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en materia de impulso demográfico

- 41590 (11/PNP-003516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización da nova Estratexia da cultura galega

- 41595 (11/PNP-003517)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en funcionamento o comedor escolar na escola infantil de Camariñas

- 41603 (11/PNP-003518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución

- 41625 (11/PNP-003520)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar o Plan reitor de uso e xestión do parque natural das Fragas do Eume

- 41642 (11/PNP-003521)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas prazas de Pedagogía Terapéutica e a de docente itinerante no Centro de Ensinanza Infantil e Primaria Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría

- 41648 (11/PNP-003522)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a inclusión do importe pagado polos concellos no financiamento da gratuidade das escolas infantís

- 41650 (11/PNP-003523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cubrir as prazas de persoal sanitario necesarias no Punto de Atención Continuada da Parda, en Pontevedra

- 41659 (11/PNP-003524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de tomar medidas urxentes para loitar contra a contaminación das augas da comarca da Limia

- 41671 (11/PNP-003525)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha dun transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña



- 41679 (11/PNP-003526)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a información ao Parlamento das iniciativas desenvolvidas en relación coa recuperación das esculturas de Abraham e Isaac, pertencentes aos bens do pazo de Meirás

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia asignación a comisión e publicación

- 41721 (11/PNC-003650)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 14 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 41208 (11/PNC-003607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co servizo de transporte escolar da empresa Monbus

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41209 (11/PNC-003608)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co servizo de transporte escolar da empresa Monbus

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41219 (11/PNC-003609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas e o programa Life Rexenera Limia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 41221 (11/PNC-003610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 4 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas e o programa Life Rexenera Limia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41226 (11/PNC-003611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para paliar os retrocesos da produción industrial

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 41234 (11/PNC-003612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa posta en marcha da Estratexia galega de convivencia 2021-2025

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41241 (11/PNC-003613)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para defender a frota galega da pesca de artes de fondo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 41249 (11/PNC-003614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para fomentar a xeración de emprego de calidade para a xuventude

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 41258 (11/PNC-003615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41263 (11/PNC-003616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir o cumprimento do contrato á empresa concesionaria do servizo de transporte escolar nas comarcas da Barbanza, Muros e Noia

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 41264 (11/PNC-003617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir o cumprimento do contrato á empresa concesionaria do servizo de transporte escolar nas comarcas do Barbanza, Muros e Noia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41273 (11/PNC-003619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas deficiencias do centro de ensinanza infantil e primaria Agolada
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41285 (11/PNC-003621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para licitar as obras de construción do parque acuático no Complexo Lúdico-Deportivo de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41291 (11/PNC-003622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar unha estratexia de apoio á cultura
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41306 (11/PNC-003625)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para presentar a nova Estratexia galega de responsabilidade social empresarial 2022-2024
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41310 (11/PNC-003626)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitar que desenvolva medidas e actuacións que aseguren a protección da maternidade das traballadoras
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41328 (11/PNC-003627)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar de maior financiamento o Sistema Universitario de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41332 (11/PNC-003628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o deseño dun plan específico para superar o estancamento no uso habitual do galego

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41338 (11/PNC-003629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para levar a cabo un plan de protección, conservación e recuperación das turbeiras

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41507 (11/PNC-003630)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sistema de repartición dos fondos do plan Hurbe

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41513 (11/PNC-003631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar a oferta educativa nos másters acreditativos da formación pedagóxica e didáctica no Sistema Universitario de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41520 (11/PNC-003632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para atender as necesidades educativas do Instituto de Ensino Secundario de Soutomaior

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41525 (11/PNC-003633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas denuncias, efectuadas por centros educativos e equipos directivos, de recortes no ensino público

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 41531 (11/PNC-003634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para suprimir os concertos educativos con todos os centros que segregan alumnado por sexo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41550 (11/PNC-003635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar continuidade á senda peonil prevista na estrada OU-150, en Valdorregueiro (Ourense)

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41552 (11/PNC-003636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar os xulgados de medios persoais e materiais para facilitar o exercicio da capacidade xurídica das persoas con discapacidade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41559 (11/PNC-003637)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa información e o seguimento da situación do viaduto do Castro, na autovía A-6

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41562 (11/PNC-003638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa contratación do profesorado de reforzo do programa Arco

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41572 (11/PNC-003639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en materia de impulso demográfico

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41589 (11/PNC-003640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización da nova Estratexia da cultura galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 41596 (11/PNC-003641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en funcionamento o comedor escolar na escola infantil de Camariñas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41602 (11/PNC-003642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41641 (11/PNC-003643)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas prazas de Pedagogía Terapéutica e a de docente itinerante no Centro de Ensinanza Infantil e Primaria Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41647 (11/PNC-003644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a inclusión do importe pagado polos concellos no financiamento da gratuidade das escolas infantís

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 41651 (11/PNC-003645)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cubrir as prazas de persoal sanitario necesarias no Punto de Atención Continuada da Parda, en Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41658 (11/PNC-003646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de tomar medidas urxentes para loitar contra a contaminación das augas da comarca da Limia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 41672 (11/PNC-003647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha dun transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41680 (11/PNC-003648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a información ao Parlamento das iniciativas desenvolvidas en relación coa recuperación das esculturas de Abraham e Isaac, pertencentes aos bens do Pazo de Meirás

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41624 (11/PNC-003652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar o Plan reitor de uso e xestión do parque natural das Fragas do Eume

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 41582 (11/CPC-000081)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por petición propia, para informar sobre o balance da campaña de verán baixo o lema *O verán que queres contar*

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 41580 (11/INT-002023)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a situación laboral das traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Admisión a trámite e publicación

- 41210 (11/INT-002003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre o transporte escolar público



- 41228 (11/INT-002004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a situación do sector industrial

- 41229 (11/INT-002005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o control da praga da rata toupa na montaña lucense

- 41235 (11/INT-002006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a Estratexia galega de convivencia 2021-2025

- 41240 (11/INT-002007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a limitación e restrición da pesca de artes de fondo por parte da Comisión Europea

- 41250 (11/INT-002008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre a política económica dirixida á mocidade

- 41280 (11/INT-002010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre o financiamento do Sistema Universitario de Galicia

- 41288 (11/INT-002011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os retrasos dos contratos de obras

- 41294 (11/INT-002012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política de apoio á cultura

- 41302 (11/INT-002013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a administración da cuarta dose da vacina contra a covid-19

- 41335 (11/INT-002014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis



Sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega

- 41341 (11/INT-002015)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a conservación das turbeiras

- 41510 (11/INT-002016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do plan Hurbe

- 41516 (11/INT-002017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o mestrado de profesorado

- 41524 (11/INT-002018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a xestión dos recortes no ensino público

- 41534 (11/INT-002019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre os concertos educativos

- 41555 (11/INT-002020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o exercicio nos xulgados da capacidade xurídica das persoas con discapacidade

- 41565 (11/INT-002021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a contratación do profesorado de reforzo

- 41573 (11/INT-002022)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política en relación co impulso demográfico

- 41591 (11/INT-002024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a renovación da Estratexia da cultura galega



- 41597 (11/INT-002025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre a concesión directa de axudas a concellos

- 41623 (11/INT-002026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre os plans reitores de uso e xestión dos parques naturais

- 41646 (11/INT-002027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a gratuidade da atención educativa en escolas infantís

- 41675 (11/INT-002028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 3 máis
Sobre o transporte público por estrada

- 41683 (11/INT-002029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a recuperación de bens do patrimonio cultural

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Pedro Puy Fraga, Paula Prado del Rio, José Alberto Pazos Couñago, José Manuel Rey Varela, María Sol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López, María Felisa Rodríguez Carrera, Jose Antonio Armada Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, Maria Elena Candia López, Jose Luís Ferro Iglesias, Jose Manuel Balseiro Orol e Raquel Arias Rodríguez** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de incorporar achegas de interese especial para Galicia ao programa de traballo da Presidencia española do Consello da Unión Europea (UE)

Exposición de Motivos:

No segundo semestre de 2023, España ocupará a presidencia rotatoria do Consello da UE. Trátase dunha valiosa oportunidade para que o Goberno impulse os dossiers legislativos e non legislativos de especial interese para Galicia e o resto de España.

Por desgracia, e atendendo ao calendario electoral, existe o risco de que Goberno teña a tentación de desnaturalizar esta circunstancia, primando o electoralismo sobre a defensa dos intereses nacionais.

Historicamente, os presidentes socialistas aferráronse ás presidencias españolas do Consello da UE como táboas de salvación para rescatar a gobernos en horas baixas, buscando unha lexitimación externa da que carecían a nivel interno. Así ocorreu con Felipe González en 1995 e con José Luis Rodríguez Zapatero en 2010.

Todo apunta a que, no segundo semestre de 2023, e por terceira vez, un goberno socialista en crise tratará de converter a presidencia española da UE nunha plataforma propagandística orientada ás seguintes eleccións.

O PP de Galicia, como partido de goberno e partido de Estado, é plenamente consciente de que a presidencia española da UE no segundo semestre de 2023 é unha gran oportunidade para que España coloque na axenda política da Unión asuntos do seu interese e impulse os dossiers que considere prioritarios. É por tanto unha empresa de país, que vai máis aló das cores políticas do Goberno en cuestión.



Tras o último Debate del Estado de la Nación, o venres 15 de xullo, o Congreso de los Diputados aprobou unha proposta de resolución presentada polo Grupo Popular na que se pedía, entre outros puntos, “impulsar el papel de España en la UE, especialmente a través de una agenda ambiciosa con ocasión de la presidencia española de la Unión que contemple entre otras medidas el reforzamiento del Estado de Derecho con la reforma de la Euroorden, la adaptación de los procedimientos internos de la Comisión que permitan agilizar la incorporación de Ucrania a la UE y el pleno desarrollo de una política común de seguridad y defensa.”

Ademais, a celebración en A Coruña do cumio hispano-alemán os días 4 e 5 de outubro é tamén unha gran oportunidade para que a principal economía da Unión Europea coñeza de primeira man os intereses e as demandas de Galicia.

Neste contexto, o Grupo Parlamentario Popular presenta unha serie de demandas de especial interese galego en materia europea, para que o Goberno de España as inclúa na súa axenda lexislativa, as aborde co Goberno alemán en A Coruña e as incorpore no seu programa de prioridades para a presidencia española do Consello da UE. O noso obxectivo é acadar un gran acordo entre as forzas parlamentarias e consensuar unha posición común.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central que incorpore, na súa axenda de cuestións a tratar co Goberno alemán na Coruña e no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da UE de 2023, os seguintes elementos de especial interese para Galicia:

1. **Fondos europeos.** Asegurar unha xestión e execución eficaces dos fondos *Next Generation EU*, de xeito que cheguen ao tecido produtivo galego, especialmente as PEMES.
 - a) Reorientar o deseño e a xestión dos fondos europeos de recuperación *Next Generation EU*, como xa se propuxo recentemente no Plan Económico que o Presidente do PP remitiu ao Goberno.
 - b) Confirmar a inclusión nos PERTES correspondentes, ou calquera outra fórmula de apoio efectivo aos proxectos estratéxicos que Galicia ten trasladado ao Goberno central en diversas ocasións, dado o seu potencial transformador e o seu elevado impacto no emprego e ao seu aliñamento coas principais temáticas do *Next Generation EU*.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



- c) En particular, acadar a participación no PERTE do Vehículo Eléctrico e Conectado, ou de calquera outra fórmula de axuda, do alto potencial de Galicia na industria automobilística e do seu principal produtor, Stellantis, que lidera desde o centro de Balaídos en Vigo a fabricación de vehículos en España.
- 2. Pesca.** Reorientar as normas europeas para asegurar a sustentabilidade social, económica e medioambiental da cadea mar-industria galega.
- a) Promover unha reforma da Política Pesqueira Común (PPC), en liña co ditame aprobado recentemente polo Consello Galego da Pesca, para adaptar a PPC ás necesidades das comunidades costeiras europeas e aos novos retos globais, en concordancia das normas con ela conexas, como é o Regulamento de Control que se está a debater para a súa modificación.
- b) Garantir a seguridade xurídica na planificación territorial da cadea mar-industria, en aplicación da Directiva de Ordenación do Espazo Marítimo, a Carta de Dereitos Fundamentais da UE e as Orientacións da Comisión Europea e o Consello en materia de acuicultura.
- c) Cumprir na UE cos principios do *Manifesto en defensa da pesca, o marisqueo, a acuicultura e a cadea mar-industria europeas*, subscrito o pasado 5 de xullo pola Xunta de Galicia e as entidades máis importantes da industria pesqueira galega rexeitando que a Comisión Europea avance de maneira unilateral na prohibición da pesca de fondo en augas europeas.
- 3. Medio Rural.** Adaptar as normas europeas sobre agricultura, gandería e montes á realidade de Galicia.
- a) Asegurar que a Política Agraria Común e o Plan Estratéxico Nacional inclúan e respecten as particularidades do medio rural galego.
- b) Que a UE estableza criterios homoxéneos a nivel supranacional para compatibilizar de xeito adecuado a conservación do lobo coa actividade agrogandeira no medio rural e co mantemento da biodiversidade.
- c) Acadar o apoio da Comisión Europea e financiación para o futuro Centro Integral de Loita contra o Lume na localidade ourensá de Toén, que se converterá nun auténtico campus forestal de ámbito internacional e será unha referencia en materia formativa para bombeiros de toda Europa.



4. Cultura. Promover o fenómeno xacobeo na Unión Europea como parte da Nova Axenda Europea para a Cultura e a Estratexia da UE para as Relacións Culturais Internacionais:

- a) Impulsar a sinalización dos Camiños de Santiago e outras rutas culturais de maneira homoxénea en toda a UE, co obxectivo de incrementar a súa visibilidade e a súa presenza.
- b) Que o logo da presidencia española da UE sexa alusivo aos Camiños de Santiago, que son tamén Camiños de Europa.
- c) Que o “flagship cultural project” (“proxecto cultural destacado”) da presidencia española estea relacionado cos Camiños de Santiago.
- d) Que se instale en Santiago de Compostela unha “Casa Europa” do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, seguindo a senda da Casa América en Madrid, a Casa Asia en Barcelona e a Casa África en Canarias.

5. Enerxía. Apostar por un modelo de transición enerxética ordenada, garantista, sustentable e respectuoso co medio ambiente, que permita chegar a familias, pemes e industria un prezo competitivo.

- a) Que o Goberno aprobe un marco regulatorio competitivo e, en particular, acelere a aprobación e desenvolvemento do PERTE de descarbonización orientado á industria intensiva en enerxía, de xeito que se poida beneficiar dos fondos *Next Generation EU*; que oferte a enerxía do RECORE (Renovables, coxeneración e residuos) a un prezo regulado; que exonere o 80% das peaxes da enerxía e que active o servizo substitutivo das poxas de interrumpibilidade.
- b) Que se alcance un acordo coa UE para a concesión de axudas estatais e mecanismos de compensación para evitar o peche e a deslocalización de empresas.
- c) Cimentar Galicia como *hub* gasístico en Europa coa reconversión nun *hub* de hidróxeno a medio prazo. Garantir o financiamento europeo para as interconexións enerxéticas.



6. Transportes. Aproveitar ao máximo os fondos europeos dispoñibles para impulsar as sinerxías entre Galicia e Portugal co fin de poder reforzar a competitividade.

- a) Completar o antes posible a conexión ferroviaria de Galicia co Norte de Portugal.
- b) Que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana impulse canto antes a saída Sur de Vigo, que aínda segue en estudo de alternativas e sen planificación orzamentaria para a súa execución.

7. Demografía e despoboamento. Integrar a demografía e o despoboamento nos distintos programas de financiamento da Unión Europea.

- a) Dar continuidade aos traballos desenvolvidos pola Vicepresidenta da Comisión Europea para Democracia e Demografía, a popular croata Dubravka Šuica (Libro Verde sobre Envellecemento, Atlas da Demografía, Informe sobre o Impacto do Cambio Demográfico na Unión).
- b) Converter o despoboamento rural nunha emerxencia de ámbito europeo, en liña coas propostas da Visión a longo prazo para as zonas rurais da Comisión Europea, e incorporar beneficios automáticos na concesión de fondos europeos para as rexións despoboadas.
- c) Que se adopte o antes posible o novo Acordo de Asociación do FEDER, incorporando o plan de acción en materia de demografía ao que fai referencia o considerando 43 do Regulamento do FEDER.
- d) En cumprimento do Regulamento 2021/1060, de Disposicións Comúns aos fondos europeos, que tanto os Acordos de Asociación coma os Programas Operativos que conclúa o Goberno incorporen un enfoque integrado para abordar os retos demográficos.

8. Política exterior. Reforzar a protección consular dos europeos en terceiros países.

- a) Que as Delegacións da UE exerzan unha maior presión política ante os Gobernos estranxeiros en casos de emerxencia consular, coma por exemplo, no caso do terrible asasinato no coruñés Diego Bello en Filipinas, o tráxico afundimento do *Villa de Pitanxo* en Terranova ou o recente sinistro do *Albacora Cuatro* en Seychelles.



9. Relacións con América.

- a) Impulsar a firma e ratificación dos novos acordos comerciais entre a UE e Iberomérica (Mercosur, México e Chile), que beneficiarían especialmente ás pemes galegas.
- b) Estudar un programa de intercambio académico entre universidades europeas, latinoamericanas e estadounidenses (“Erasmus transatlántico”).
- c) Reforzar o compromiso coas liberdades nas ditaduras iberoamericanas de Venezuela, Cuba e Nicaragua, esixindo unha posición europea máis clara en apoio da causa democrática.

10. Defensa. Velar por que a renovada importancia da política europea de defensa beneficie a Galicia.

- a) Reforzar o papel da Unión como provedor de seguridade marítima internacional.
- b) Insistir na necesidade de que os Estados membros marítimos reforcen as súas capacidades navais militares.
- c) Que, entre os proxectos aprobados pola UE no marco da chamada “cooperación estruturada permanente no eido da defensa” (PESCO), e entre eles o desenvolvemento dun proxecto de patrulleiro europeo oceánico, inclúan alomenos un Buque de Acción Marítima (BAM) nos asteiros de Navantia na ría de Ferrol.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/09/2022 13:19:33

Paula Prado del Río na data 23/09/2022 13:19:51

José Alberto Pazos Couñago na data 23/09/2022 13:20:00

José Manuel Rey Varela na data 23/09/2022 13:20:20

María Sol Díaz Mouteira na data 23/09/2022 13:20:34

Ana Belén García Vidal na data 23/09/2022 13:20:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Noelia Pérez López na data 23/09/2022 13:21:08

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/09/2022 13:21:25

José Antonio Armada Pérez na data 23/09/2022 13:21:56

Marta Nóvoa Iglesias na data 23/09/2022 13:22:11

Teresa Egerique Mosquera na data 23/09/2022 13:22:29

María Elena Candia López na data 23/09/2022 13:22:57

José Luis Ferro Iglesias na data 23/09/2022 13:23:37

José Manuel Balseiro Orol na data 23/09/2022 13:23:55

Raquel Arias Rodríguez na data 23/09/2022 13:24:13



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Neste inicio de curso escolar estamos a recoller numerosas incidencias no transporte escolar por parte de concellos e comunidades educativas con escritos informando e trasladando queixas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e á empresa de transporte Monbus, logo de constatar que o servizo non cubriu os traxectos establecidos como está estipulado, deixando a varios e varias estudantes nas paradas sen posibilidade de desprazarse ata o instituto.

É o caso do que viviron alumnos e alumnas do IES de Poio por exemplo no primeiro día de curso con fallos que obrigaron a moitos proxenitores para achegar aos nenos ao centro tras deixar aos nenos e nenas tiradas nas paradas porque Monbus non cubriu os traxectos establecidos como está estipulado. Tamén na área de Compostela tal e como dende o Grupo Parlamentario Socialista denunciámos o curso pasado neste Parlamento, producíronse incidencias no incumprimento de horarios que non se respectan, autobuses que non chegan nunca ás paradas e mesmo emprego de VTC en vez dos vehículos obrigados por contrato.

Na Baña, a ruta chegou tarde e con moitos rapaces e prazas de pé xa que o autobús que enviaron era de 20 prazas e desa liña fan uso cando menos 30 menores. En Dodro o autobús que leva os escolares a Padrón chegou tarde. No Pino a liña de Monbus Lugo-Santiago que utilizan os e as estudantes para ir aos institutos (bacharelato e FP) de Santiago fixo a ruta cunha hora de atraso.

Por outra banda, as asociacións de nais e pais agrupadas na Confederación ANPA galegas solicitaron a comezos do pasado mes de marzo unha xuntanza co secretario xeral técnico da Consellería de Educación, para abordar e insistir na situación de desigualdade que padecen moitos os alumnos e alumnas de Bacharelato e FP que estudan nunha localidade diferente á da súa residencia. Estes estudantes non teñen dereito a transporte escolar gratis, xa que estudan



nunha etapa non obrigatoria e sofren así unha discriminación que afecta fundamentalmente ao alumnado das zonas rurais. As e os estudantes caso de que teñan a sorte de contar con transporte escolar na súa zona e de dispoñer de prazas libres poden collelo, pero se non se dá o caso, como acontece en moitas ocasións, teñen que coller e pagar autobuses interurbanos para poder desprazarse ao centro de ensino correspondente e sempre no caso de que existan esas conexións. Tal e como veñen denunciando nais, pais, estudantes e a propia comunidade educativa, este problema de vertebración do territorio e do ensino que padecen dende hai moito tempo se está a agravar, especialmente para a mocidade rural. A obriga do goberno da Xunta de Galicia é a de garantir que todas as nenas e nenos da comunidade teñan os mesmos servizos, oportunidades e condicións de igualdade, algo que non acontece e que á vista da situación nin sequera ten a ben atender. É máis, nos últimos tempos teñen denunciado os recortes no servizo de transporte escolar coa entrada en vigor do novo contrato con Monbus coa eliminación de liñas e a modificación e incumprimento de traxectos e horarios que está a afectar tanto ao ensino obrigatorio como ao alumnado de bacharelato e FP.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo todas as accións necesarias para que as liñas de autobús da empresa Monbus que prestan servizo de transporte ao alumnado galego cumpran horarios, cubran prazas e dean un servizo digno.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Noa Díaz Varela
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 10:12:26

Patricia Otero Rodríguez na data 16/09/2022 10:12:34

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2022 10:12:46

Eduardo Ojea Arias na data 16/09/2022 10:12:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 10:13:06



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O pantano das Conchas situado nos concellos de Bande e Muíños leva décadas acumulando contaminación por fósforo e nitratos dos xurros, fertilizantes e residuos das explotacións gandeiras da comarca da Limia, a de maior densidade de granxas de porcos e polos de Galicia. Eses residuos alimentan as cianobacterias causantes desta contaminación, unha situación que unida á falla de osíxeno e auga fresca nas augas do pantano pola calor e a meteoroloxía, unidas á acumulación esaxerada de microalgas, provoca na cabeceira da presa o envelenamento das augas con ácido sulfhídrico que se produce pola descomposición das cianobacterias que se atopan no fondo e que apenas reciben luz.

A propia Comisión Europea xa alertaba desta situación despois do informe elaborado polo Ministerio de Transición Ecolóxica sobre contaminación da auga por nitratos entre os anos 2016 e 2019 que detectaba 41 puntos eutróficos ou hipertróficos sen designar como zonas vulnerables en Galicia e a propia Confederación Hidrográfica do Miño-Sil publicou que nese 2019 tiña detectados incumprimentos por cantidade de nitratos na auga nun 24 % dos puntos de mostraxe.

No mes de maio deste ano o MITECO publicou o mapa de contaminación por nitratos establecendo tres masas de augas superficiais situadas no concello de Xinzo, nos ríos Limia en Porto Alto e no Nocado en Rebordechá e na canle da Lagoa en Vilar de Santos. Sinala tamén dúas masas de augas subterráneas en San Pedro de Laroá no concello de Xinzo e Cardeita no concello de Sandiás e sinala dous puntos no pantano das Conchas, un no curso do río Limia, máis ou menos á altura de Güimil e outro na zona de Porto Quintela e Mugueimes.

Pese aos datos coñecidos, a Xunta de Galicia non tomou ata o día de hoxe ningún tipo de medida preventiva nin paliativa que faga fronte a esta situación e mentres observamos como os medios de comunicación recollían



hai poucas datas a nova de que o Partido Popular nos gobernos do Estado, a Xunta e a Deputación de Ourense, destinaran fondos europeos que deberían de estar destinados a rexenerar o pantano de As Conchas para un complexo acuático recreativo de máis de medio millón de euros.

En 2013, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), baixo o Goberno de Mariano Rajoy, puxo en marcha un proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas. Os obxectivos deste proxecto eran “mellorar a calidade das augas do encoro, compensar a falta de baño con outras zonas adaptadas ao devandito uso, promover actividades lúdicas, culturais e de saúde na contorna fluvial, e (...) a seguridade e a accesibilidade da ribeira”.

Na realidade, o primeiro obxectivo apenas recibiu fondos. A maioría do orzamento, que superaba o millón de euros co IVE, destinouse a construír unha instalación de dúas piscinas e o reacondicionamiento como tales das termas romanas de Porto Quintela, todas no concello de Bande.

Para a recuperación ambiental das augas do pantano só se orzamentaron 30.200 euros. A única actuación destinada a recuperar as augas contaminadas foi instalar unha illa flotante vexetal duns poucos metros cadrados que se supoñía ía filtrar os tóxicos dun lago de 645 hectáreas de superficie e de case 30 millóns de metros cúbicos de auga embalsada.

No mes de xullo deste ano tamén observamos como o Consello de Contas alertaba que se deixara sen executar máis do 40 % do orzamento doutro programa europeo, o Life Rexenera Limia, que pretendía poñer en marcha proxectos piloto de recuperación dos acuíferos que desaugan no río Limia, que á súa vez verte no encoro das Conchas, un programa aprobado en 2014 e que comezou a executarse un ano despois e que estaba dotado cun orzamento de 2,05 millóns de euros financiado esta vez ao 50 % con fondos europeos, no que participaba o Goberno do Estado baixo a presidencia de Rajoy, a Xunta de Galicia presidida por Feijóo e a Deputación de Ourense, baixo mando do actual presidente do PP provincial Manuel Baltar.

Despois de 13 anos de desleixo do goberno do PP na Xunta de Galicia, a situación converteuse en insostible e agora temos un grave problema de saúde pública e na obriga de que se declare a comarca da Limia como zona



vulnerable por nitratos, en cumprimento da Directiva de Nitratos da Unión Europea que obriga aos Estados membros a delimitar as áreas máis sensibles e contaminadas. Unha competencia que é das comunidades autónomas, pero aínda que o 40 % do territorio da UE xa conta coa declaración desa figura protectora, a Xunta aínda non catalogou ningunha zona vulnerable en Galicia a pesar da carga gandeira que soporta o territorio da comunidade o que lle valeu a España a apertura dun expediente de infracción da Comisión Europea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a informar na Cámara sobre o resultado obtido co “Proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas” e o “Programa Life Rexenera Limia”, así como dos cambios na calidade das augas do encoro despois da súa aplicación.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 16/09/2022 10:49:08

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/09/2022 10:49:27

Marina Ortega Otero na data 16/09/2022 10:49:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 10:52:35



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Os datos publicados nas derradeiras datas por organismos oficiais e unha axencia independente falan dunha debilitade do sector industrial, que perdeu peso relativo, tanto en termos de valor engadido bruto como en termos de perda de empresas. En concreto, nos trece anos de gobernos da Xunta de Galicia presididos por Alberto Núñez Feijóo, a falla de política industrial activa caracterizou un tempo no que desapareceron importantes empresas galegas e no que o sector industrial non conseguiu o desenvolvemento necesario para situarse no 20 % do PIB, tal e como figuraba no documento do Goberno galego chamado Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0 para o período entre os anos 2015 e 2020 e que era a referencia da Comisión Europea para a industria.

A comparación de datos recentes con España amosa a preocupante evolución dalgúns indicadores industriais para Galicia, como por exemplo o Índice de Producción Industrial. Os datos do primeiro cuadrimestre de 2022, falaban da caída dun 6,5 % en relación co mesmo período do exercicio anterior; mentres no total de España subira un 2 %, cunha fenda de máis de 8 puntos entre Galicia e o Estado. Estes datos continúan a ser negativos ata o mes de xuño nos que a produción industrial galega acumula unha caída do 2,9 % en comparación co mesmo período de 2021, mentres que no total do Estado español crece ese mesmo 2,9 %.

Esta tendencia inversa, de crecemento do sector industrial en España mentres se amosa un decrecemento industrial en Galicia, supón unha fonda chamada de atención para a economía galega, na que o peso do VEB industrial xa se reducira previamente, tendo en conta que ata o mes de abril Galicia tiña a maior caída do Estado.

Por outra banda, consultando o informe da consultora especializada D&B, un total de 46 empresas abandonaron Galicia no primeiro trimestre deste ano para asentarse noutros territorios do Estado, unha dinámica que sitúa o país en saldo negativo, xa que marchan máis sociedades das que veñen e isto se se traduce na perda de 26 millóns de euros mensuais. Ao longo de 2021 marcharon de Galicia para domiciliarse noutros territorios 113 empresas e entre 2013 e 2019 marcharon



de Galicia para outras comunidades do Estado español máis de 830 sociedades, que facturaban por valor duns mil millóns de euros.

A crise industrial en Galicia amosa evidencias empíricas en datos como ese, que corroboran a necesidade dunha política industrial activa dende o Goberno da Xunta de Galicia. É evidente que hai sectores e empresas de éxito na economía galega, algunhas novas e outras con décadas de madurez e rodaxe, pero tamén que hai outras en fases complicadas, pero tanto detrás dunhas como noutras subxace a ausencia de política industrial que acompañe o emprendemento nos ámbitos tecnolóxicos, enerxético, estratéxicos e de investimento, entre outros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Desenvolver un plan de acción industrial dentro das competencias propias para abordar os retos do sector e paliar os retrocesos da produción industrial en Galicia e o abandono de sociedades do noso territorio.

2º) Apostar por un modelo de desenvolvemento económico en Galicia que asuma a importancia do sector industrial, tanto para a xeración de valor engadido na economía galega como para o nivel e calidade do emprego, priorizando este mantemento e xeración de emprego.

3º) Definir e activar unha política industrial integral que conxugue perspectiva macro con medidas micro e plans sectoriais, e que poña a capacidade da Xunta de Galicia a disposición das industrias galegas para favorecer o seu futuro.

4º) Incorporar na política industrial galega un firme compromiso coa innovación e a intensidade tecnolóxica, promovendo o incremento do investimento en I+D+i tanto no ámbito público coma no privado.

5º) Que a Consellería de Economía, Industria e Innovación, con toda a estrutura competente da Xunta de Galicia, incluído o Igape, busquen mecanismos para dar solucións a crises actuais de grandes empresas galegas, así como para apoiar a viabilidade e futuro de pequenas e medianas empresas.

6º) Que realice unha planificación estratéxica industrial a medio prazo para que o sector industrial poida chegar a representar o 20 % do PIB galego.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 16/09/2022 11:32:47

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/09/2022 11:33:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/09/2022 11:33:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 11:33:59



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Un de cada catro alumnos percibiu o curso pasado que había un caso de acoso escolar na súa clase, fronte ao 15,2 % do curso da pandemia e o 34,1 % de 2019, un fenómeno que ademais está a cambiar: agora o máis frecuente é insultar e poñer motes, mentres baixan as agresións físicas, pero cada vez máis as cometen varias persoas en grupo.

Son conclusións do último Informe anual da Fundación Anar sobre acoso escolar.

Aquí en Galicia, son diversos os estudos e enquisas arredor desta problemática do acoso nas escolas, por citar algún de relevancia temos a “Análise da relación entre acoso escolar, ciberacoso e consumo de substancias” publicado na revista Children and Youth Services Review. Este traballo analizou a relación entre o acoso escolar, o ciberacoso e o consumo de substancias estupefacientes realizado entre mozos de 12 a 17 anos. No estudo utilizouse unha metodoloxía selectiva, aplicando unha enquisa a alumnos de IES de Galicia, e obtendo unha mostra de 3.173 adolescentes de 12 a 17 anos. O estudo foi aprobado polo Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela. Arredor de un de cada tres adolescentes estivo involucrado en casos de acoso escolar e un de cada dez en casos de ciberacoso; un de cada catro xa se emborrachou e fumou a idade temperá e un de cada cinco consumiu cánnabis. Ademais as mozas e mozos involucrados en casos de acoso escolar ou ciberacoso teñen taxas de consumos de risco ata tres veces superiores segundo os datos dun estudo “Análise da relación entre acoso escolar, ciberacoso e consumo de substancias” publicado na revista Children and Youth Services Review que analizou a relación entre o acoso escolar, o ciberacoso e o consumo de substancias estupefacientes realizado entre mozos de 12 a 17 anos. No estudo utilizouse unha metodoloxía selectiva, aplicando unha enquisa a alumnos de IES de Galicia, e obtendo unha mostra de 3.173 adolescentes de 12 a 17 anos. O estudo foi aprobado polo Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela.



Unha das principais conclusións é que o acoso escolar, o ciberacoso, o consumo de drogas e alcohol e outras condutas problemáticas estarían interrelacionadas. Neste traballo desenvolvido polos investigadores Rafael Pichel, Sandra Feijóo, Manuel, Isorna, Jesús Varela e Antonio Rial, destacan que os esforzos de prevención e intervención deben realizarse desde unha idade máis temperá, antes de secundaria, xa que os nenos de 12 anos xa están inmersos no acoso escolar e nos consumos de risco.

Os datos deste estudo reflicten que un de cada tres adolescentes (34,4 %) estivo involucrado en acoso escolar, no caso de ciberacoso o 14,1% das e dos adolescentes.

A conclusión das persoas expertas involucradas no traballo é que o bullying é un problema en aumento e as altas taxas de vitimización atopadas no grupo de idade de 12-13 anos apoian a idea de que o acoso se está estendendo a idades máis novas.

O pasado ano en setembro de 2021 o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, presentou no Consello Galego de Convivencia os principais resultados da macro enquisa de convivencia escolar. Unha mellora que estaría baseada na percepción da comunidade educativa. Neste marco, xa hai máis dun ano no que se anunciaba por parte do conselleiro a nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025. Chegados a un novo comezo de curso sen saber nada arredor desta importante ferramenta cómpre lembrar tamén que este ano tivo lugar a aprobación cun gran consenso da Lei orgánica de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (8/2021, do 4 de xuño, LOPIVI), unha oportunidade para que nenas, nenos e adolescentes que asisten aos centros educativos contén coa maior protección fronte a calquera tipo de violencia en todos os ámbitos da súa vida e que na nosa comunidade nada se sabe da aplicación da Lei que contempla a figura do coordinador de benestar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á posta en marcha de inmediato da nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 11:39:53

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2022 11:40:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 11:40:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Onte mesmo coñecía-se o anuncio da Comisión Europea que o propio comisario de Pesca, Océanos e Medio Ambiente anticipaba xa a finais do pasado 2021 coa escenificación pública do seu apoio á campaña que estaba en marcha naquel momento e que pedía a prohibición da pesca de arrastre.

Punto por punto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.

Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe.

Tamén o Parlamento galego debateu ata en tres ocasións, e aprobou dúas veces por unanimidade, iniciativas de rexeitamento e medidas a levar a cabo para tratar de evitar a prohibición das artes de fondo por parte da UE.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

A propia Xunta de Galiza, anunciou publicamente a realización de distintos informes -dos que os distintos Grupos da Cámara non tivemos máis coñecemento que as declaracións da conselleira de Mar en distintos actos e roldas de prensa- que avaliarían o impacto da prohibición das artes de fondo no noso sector pesqueiro e na economía do país.

Nunha resposta do 25 de agosto ás preguntas do BNG do mes de marzo, a Xunta confirma a elaboración deses informes e a súa entrega en Bruxelas, así como o “establecemento de alianzas con aquelas rexións pesqueiras europeas que se verían afectadas polas restricións”.

E foi a mesma Conselleira de Mar quen asegurou, sempre aos medios de comunicación, que, de consumarse a prohibición das artes de fondo, defendería á frota galega pola vía xudicial.

Un acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándoo nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser aterrecedoras, non pode ser aceptado baixo ningún concepto nin polos afectados nin polo Goberno de Galiza, unha das primeiras potencias pesqueiras de Europa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.

. Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da CE”.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/09/2022 12:10:22

Daniel Castro García na data 16/09/2022 12:10:33

María do Carme González Iglesias na data 16/09/2022 12:10:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2022 12:10:57



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Gonzalo Caballero Miguez, Carmen Rodríguez Dacosta, Noelia Otero Lago e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A situación económica e laboral da mocidade galega debe ser unha prioridade na política económica do goberno da Xunta de Galicia. Despois de que Galicia perdesse 100.000 habitantes nos anos de goberno do presidente Feijóo, cómpre apostar polo futuro da mocidade na nosa comunidade.

Sen embargo, Galicia amosa unha taxa de actividade e de emprego da mocidade inferior ao dato nacional, mesturado cunha temporalidade laboral que segue empeorando e roza xa o 60 % e cun salario neto máis baixo que o promedio de España.

Por outra banda, os datos do último informe do Observatorio de Emancipación do Consejo de la Juventud de España, correspondente ao segundo semestre de 2021, poñen de manifesto unha realidade preocupante: as condicións laborais e salariais da mocidade galega están dificultando a súa emancipación á vista dos altos prezos da vivenda.

En concreto, no que atinxe á emancipación das persoas mozas en Galicia, o citado informe revela que só o 15,1 % da xuventude galega residía en 2021 nunha vivenda distinta á do seu fogar de orixe, por baixo da media estatal.

Canto á vivenda, a escasa oferta de vivenda de promoción autonómica xúntase a uns elevados prezos tanto de compra como de aluguer, que chegan, segundo o antedito informe, a supoñer ata un 70 % do salario neto medio das persoas mozas na provincia da Coruña.

Todo isto, nun contexto no que o salario medio en Galicia é un 26,2 % inferior ás retribucións medias dos 27 países da Unión Europea e un 7,5 % máis baixo que a nivel estatal, segundo os datos que recolle o VIII Monitor Adecco sobre Salarios, elaborado por The Adecco Group Institute.



Neste escenario, cómpre tomar medidas dende a Xunta de Galicia para fomentar as posibilidades económicas e laborais da mocidade galega así como para favorecer a emancipación das persoas mozas en Galicia a través de accións destinadas a mellorar a calidade do emprego e as opcións para acceder á vivenda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver unha política económica que inclúa un paquete de medidas específicas para a mocidade galega coa finalidade de fomentar a xeración de emprego de calidade para a xuventude, favorecer o acceso á vivenda e dar posibilidades de emancipación á mocidade, así como para apoiala de forma efectiva para que poida facer fronte ao escenario de incremento de prezos que existe en Galicia.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Carmen Rodríguez Dacosta
Noelia Otero Lago
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/09/2022 13:11:39

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/09/2022 13:11:48

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 13:11:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/09/2022 13:12:06





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 13:18:09
Nº Rexistro: 41248
Data envío: 16/09/2022 13:18:09.570

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 13:12:25

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A xestión da COVID supuxo un reto para as administracións no plano sanitario para poder facer fronte a unha ameaza grave e inesperada, que forzou a tomar decisión e reorientar prioridades como nunca tiña ocorrido. Esta xestión asistencial precisou de decisións claras para poder soste economicamente as necesidades, e por tanto foi imprescindible deseñar novos mecanismos financeiros.

Ademais doutras cuestións máis específicas, o goberno de España abriu unha vía de financiación extraordinaria para os gobernos autonómicos destinada a paliar as consecuencias nos distintos campos de xestión. Como era lóxico, o ámbito de maior prioridade nos primeiros tempos da pandemia foi o sistema sanitario, e así o Goberno do Estado asignou a Galicia dous tramos do fondo COVID para sanidade no ano 2020, que tiveron contías de 268 e 150 millóns de euros respectivamente, o que supón un total de 418 millóns para sanidade. Outras contías a maiores foron destinadas para sanidade noutros fondos nese ano, aínda que fosen involucradas nun paquete máis amplo.

Centrando aínda só nos 418 millóns de euros de fondo COVID extraordinario, a Conta Xeral 2020 publicada pola Consellería de Facenda indica que, deses fondos extraordinarios, foron destinados a Sanidade 259 millóns de euros, o que supón apenas un 61 % do total. O resto dos fondos, 4 de cada 10 euros que Galicia recibiu do Estado para os gastos extraordinarios en sanidade, non foron utilizados para iso.

Este enorme desfase entre o que Galicia recibiu para tal fin e o que utilizou para sanidade, que son 158 millóns de euros, supera a estimación xa realizada pola AiREF. Esta entidade independente estimaba que o efecto en Galicia dos investimentos COVID podía valorar en torno aos 316 millóns de euros, o que



supoñía 100 millóns de euros de desfase que Galicia ingresara pero non investira. A propia conta xeral amplía ese diferencial ata eses 158 millóns de euros que Galicia recibiu para sanidade pero non investiu en sanidade e que perdéronse sen rastro no orzamento da Comunidade Autónoma.

Galicia converteuse así na Comunidade Autónoma de España que maior desfase evidencia entre o recibido e o investido en sanidade fronte á COVID, só despois da desastrosa xestión de Madrid, desperdiciando para este fin máis de 150 millóns de euros que utilizou para outras funcións non clarificadas. Outras comunidades autónomas dedicaron estes fondos extraordinarios de maneira eficiente a sanidade, como Cantabria, Castela a Mancha ou Estremadura que aproximáronse ao 100 %, ou como Baleares ou Valencia que non so utilizaron o 100 % senón que aportaron parte propia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia acordar crear, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos e o procedemento definido para tal fin, unha comisión de investigación sobre a xestión por parte do goberno da Xunta de Galicia dos fondos COVID extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020 e, de maneira específica, sobre as partidas achegadas para sanidade sobre as que a Conta Xeral 2020 amosa un desaxuste entre o recibido e o investido de máis de 150 millóns de euros.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/09/2022 10:11:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/09/2022 10:11:49

Marina Ortega Otero na data 19/09/2022 10:11:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/09/2022 10:12:11



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O comezo do curso escolar 2022-2023 está a resultar caótico no que atinxe ao servizo de transporte escolar, coa conseguinte afectación na organización das aulas e a actividade nos centros así como na conciliación das familias.

Os problemas na prestación deste servizo non son novos dende que se adjudicou o novo contrato, algo que o grupo socialista xa tiña denunciado en numerosas ocasións. Mais lonxe de solucionarse de maneira inmediata, o Goberno galego respondía que se trataba de “casos puntuais” que xa foran resoltos.

Á vista do caos no comezo do curso e das denuncias que se espallan por todo o territorio galego por parte dos equipos directivos dos centros escolares e das Anpas, é evidente que non houbo a resposta precisa.

Tampouco a houbo nin a hai nas comarcas do Barbanza, Noia e Muros, onde os problemas se suceden cada día dende que comezou o curso: horarios que non se respectan, autobuses que non chegan nunca ás paradas, emprego de VTC en vez dos vehículos obrigados, nenos e nenas de pé nos traxectos porque os autobuses son de menor capacidade que os usuarios que recollen, etc...

Nestas comarcas exceden o cento de denuncias comunicadas dende os equipos directivos dos centros -aos que se suman comunicados de protesta das anpas, como por exemplo en Ribeira-, así que a Xunta xa non pode poñer como escusa a falla de expedientes de queixa para non actuar.

A maiores, a nova concesión, cuxo contrato leva consigo unha mellora integral do servizo, mantén as mesmas condicións deficitarias de todos os vehículos, mesmo incumprindo a actual normativa, sen que a Xunta de Galicia actúe supervisando o seu estado.

A “normalidade” da que falaba o conselleiro de Educación no inicio deste curso escolar non é mérito do Goberno galego senón do esforzo dos equipos directivos dos centros e de todo o profesorado, que cada vez se ven máis obrigados a facer máis con menos, e do voluntarismo das familias, que recollen os menores nos seus propios vehículos para achegalos aos seus centros diante da falla do transporte público.



O transporte escolar é de máxima importancia para toda a poboación, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. E é ademais e sobre todo un servizo de conciliación. Ao grupo socialista non só nos preocupa que nenos e nenas perdan tempo das súas clases, coa afectación que supón na súa ensinanza e na organización do curso para o profesorado; tamén a inseguridade constante que provocan nas familias e as súas consecuencias no aspecto laboral.

Todo o exposto dá conta do desleixo da Xunta de Galicia na esixencia de cumprimento do contrato de transporte e por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Esixir o cumprimento íntegro do contrato á empresa ou empresas concesionarias do servizo de transporte nas comarcas do Barbanza, Muros e Noia para garantir o normal funcionamento do curso escolar e a conciliación das familias.

2º) Realizar e publicar un informe de inspección das rutas, horarios, paradas e vehículos de que dispón a concesionaria ou concesionarias neses termos municipais.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2022 13:17:37

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 13:17:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 13:18:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as actuacións a realizar para subsanar as deficiencias no CEIP Agolada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do CEIP de Agolada leva tempo demandando que por parte da Consellaría de Cultura, Ensino e Ordenación Universitaria se atendan as súas demandas de arranxo de deficiencias no centro.

As obras que demandan son: Mellora do ximnasio (vestiarios, chan, carpintería metálica, tanto porta de acceso como as ventás, illamento e calefacción, xa que consideran que as instalacións non reúnen os requisitos técnicos necesarios para o seu uso polo alumnado coa suficiente garantía. Outra demanda é que se substitúan as ventás interiores do edificio principal do centro escolar, xa que estas abren cara o interior a unha altura que supoñen un risco permanente para @s nen@s e profesorado. Ao mesmo tempo solicitan que se arranxe a sala na que se atopa a caldeira, na que cedeu o terreo e afecta á estrutura e ás columnas, con fendas importantes.

A dirección do CEIP ten enviado en novembro de 2021 escrito ao Xefe Territorial da Consellaría na provincia de Pontevedra, solicitando as melloras, tras acordo do Consello Escolar. Do mesmo xeito desde a ANPA Aquam Latam deste centro téñense dirixido en diversas ocasións tanto ao Xefe Territorial como ao Delegado Territorial sen ter obtido resposta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente a falta de diálogo por parte d@s responsábeis da consellaría de Cultura, Ensino e Ordenación Universitaria na provincia de Pontevedra, que a pesares dos meses transcorridos desde que solicitaron por primeira vez reunións e tentar ter unha interlocución para abordar a situación, sempre se atopan coa calada por resposta. Consideran que as carencias existentes non permiten levar a cabo a actividade escolar con garantías.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a atender as demandas da comunidade educativa do CEIP Agolada e polo tanto que os responsábeis da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Pontevedra procedan a reunirse de inmediato c@s representantes da ANPA e do equipo directivo do CEIP para analizar a situación do centros, realizar unha avaliación de todas as deficiencias detectadas, e establecer unha planificación para darlle solución ás mesmas, con un cronograma e compromiso orzamentario.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2022 10:47:22

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/09/2022 10:47:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Castro García e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a nova licitación das obras de construción do parque acuático no complexo deportivo de Monterrei no concello de O Pereiro de Aguiar en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de agosto de 2021 adxudicouse o que contrato de Obras de construción da primeira fase do parque acuático no Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei no Concello do Pereiro de Aguiar. O contrato, formalizado no mes de setembro, tiña un orzamento de 4.701.920,85 € IVE incluído e un prazo de procedéndose á formalización de 8 meses.

A mediados de xuño de 2022 a Xunta de Galiza, transcorrido abondo o prazo de execución do contrato e no canto de informar a entrada en funcionamento do parque acuático, a Xunta de Galiza anuncia a resolución do contrato. A execución do contrato non só levaba meses paralizada, senón que ate o momento da “retirada” da empresa adxudicataria, o avance nas obras era extraordinariamente lento e xa evidenciaba que ía ser imposible rematar no prazo contratado.

Asemade a intervención simultánea en todo o espazo -tanto o de nova creación como as piscinas que xa estaban en funcionamento – reflicte unha falla de planificación na actuación construtiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo a Xunta de Galiza careceu da máis mínima dilixencia tanto no seguimento da execución da obra e do cumprimento do contrato, como, ante o abandono da obra pola adxudicataria, na resolución do devandito contrato. Tanto é así que aínda meses despois de que fora anunciada a resolución non consta a formalización da mesma.

As consecuencias de tanta negligencia foi que ante o verán coas temperaturas máis elevadas de toda a serie histórica cun grande número de xornadas por riba dos 40º, a cidadanía da comarca de Ourense viuse privada dun dos espazos acuáticos e de lecer de maior capacidade e aforo de toda a contorna.

Actualmente a actuación continúa paralizada, o espazo acuático integramente derruído e o contrato pendente de ser novamente licitado, inactividade que de continuar comprometera o lecer da cidadanía de toda a comarca unha tempada máis.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza á inmediata licitación das obras de construción do parque acuático no Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei no concello do Pereiro de Aguiar en Ourense.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2022 12:19:22

Daniel Castro García na data 19/09/2022 12:19:26

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/09/2022 12:19:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a afectación do actual contexto inflacionista na produción cultural e no acceso á cultura en equidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorren os últimos meses deste 2022 cunha preocupación que segue a callar na sociedade galega: a suba dos prezos de bens tan básicos como o alimentos, aos que hai que sumar a electricidade e os combustíbeis.

O dato máis recente da inflación do mes de agosto reflicte as seguintes conclusións:

- A variación interanual en Galiza se sitúa no 11,00% (cando en xullo era do 11,5%). - Seguímos a ter en Galiza un diferencial coa media estatal que se situou en agosto no 10,5%.

- No que vai de ano Galiza acumula un incremento dos prezos do 6,6% fronte a media estatal do 6,1%.

- A inflación subxacente sitúase no 6,1% en Galiza, o que significa que esta situación inflacionaria non é apenas conxuntural pola subida da enerxía e carburantes, senón que o aumento dos prezos trasladouse ao conxunto de bens e servizos (polo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aumento do custos xeralizados de bens intermedios e o seu traslado a prezos por parte da industria, comercio e servizos).

A cultura galega non permanece allea ás consecuencias desta alza inflacionista tanto desde a perspectiva dos axentes creadores como do conxunto da sociedade consumidora de cultura.

No primeiro caso, a inflación xera un aumento de custes nos procesos creativos das producións culturais e no segundo dificulta, condiciona ou mesmo anula a capacidade de gasto en acceso á cultura para moitas persoas ou núcleos familiares.

A recente aprobación do Plan Estratéxico de Galicia 2030, que parte dunha análise económica do 2019, non contempla actuacións de reforzo compensador dun proceso sumatorio das consecuencias da crise económica anterior de 2010, agravada polas provocadas pola pandemia ao longo de case dous anos e à que agora se suman as propias desta tan incontralada como inasumíbel suba de prezos de bens de primeira necesidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a impulsar unha estratexia de apoio à cultura galega que permita garantir o dereito de acceso á cultura en igualdade e apoiar os sectores e axentes culturais galegos no actual contexto inflacionista.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/09/2022 12:47:23

Daniel Castro García na data 19/09/2022 12:47:28

Mercedes Queixas Zas na data 19/09/2022 12:47:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á administración da cuarta dose da vacina contra a Covid-19 ás persoas maiores de 80 anos en “vacunómetros”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sergas ven de informar de que ten intención de administrar ás persoas maiores de 80 anos a cuarta dose da vacina contra a Covid 19 en centros de vacinación masiva, os chamados “vacunómetros”.

Non entendemos esa decisión, cando as tres anteriores doses lle foron administradas nos centros de saúde, coa pandemia moito máis presente e máis dificultades.

O BNG quere mostrar a súa desconformidade con esta medida, consideramos inxustificado obrigar aos nosos maiores, persoas de 80, 85,90 ou máis anos a desprazarse a quilómetros de distancia, co que iso significa tanto no aspecto físico como económico.

Son persoas con problemas de mobilidade, que lles vai obrigar a depender de familiares ou achegados para que @s leven ou pagar o desprazamento en taxi, ida-espera-volta, agardar de pé...

Significa tamén perda de continuidade na atención que se lles presta por parte d@s profesionais que @s atenden nos centros de saúde.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É unha decisión que supón molestias, intranquilidade e gastos económicos para un colectivo que nunha parte moi importante ten unhas pensións moi baixas.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rectificar a decisión de administrar a cuarta dose da vacina contra a Covid 19 ás persoas maiores de 80 anos en centros de vacinación masiva “vacunómetros” e manter os circuitos normais de vacinación para @s maiores nos centros de saúde.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2022 16:46:26

Iria Carreira Pazos na data 19/09/2022 16:46:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2022 16:46:39



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

A Responsabilidade Social Empresarial (RSE) pódese entender como a contribución ao desenvolvemento humano sostible a través do compromiso e a confianza da empresa cara ás súas persoas traballadoras e as familias destas, á fin de camiñar cara unha mellor sociedade e contorna.

O obxectivo principal é que o impacto positivo que causan estas prácticas na Comunidade se traduza nunha maior competitividade e sostenibilidade para as empresas: ser responsable socialmente xera, automaticamente, máis produtividade, porque mellora as condicións para as persoas traballadoras e optimiza a súa eficacia.

A Xunta de Galicia quere avanzar cara unha Galicia igualitaria, responsable, solidaria e competitiva, na que empresas e Administración traballen man a man cara un desenvolvemento sostible, tomando como base a colaboración dos axentes públicos e privados dos grupos de interese.

Por iso, no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, desenvólvese a Estratexia Galega de RSE 2019-2021, unha ferramenta a través da que se buscaba promover que as empresas galegas se desenvolveran atendendo de forma equilibrada as variables económicas, ambientais, sociais e de bo goberno, así como as demandas dos seus grupos de interese para construír unha Galicia de futuro.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia propón á Cámara o seguinte proposición non de lei:



“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a presentar, antes de que finalice o ano, a nova Estratexia Galega de Responsabilidade Social Empresarial 2022-2024, co obxectivo de seguir promovendo que as empresas galegas desenvolvan a súa actividade atendendo ao benestar de todas as persoas traballadoras e da sociedade no seu conxunto”.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/09/2022 16:49:19

María Corina Porro Martínez na data 19/09/2022 16:49:39

Paula Prado del Río na data 19/09/2022 16:49:59

López Sánchez, Rosalía na data 19/09/2022 16:50:31

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 19/09/2022 16:50:44

José Alberto Pazos Couñago na data 19/09/2022 16:51:00

Noelia Pérez López na data 19/09/2022 16:51:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O artigo 40.2 da Constitución española encomenda aos poderes públicos, como un dos principios reitores da política social e económica, velar pola seguridade e a hixiene no traballo e, polo tanto, desenvolver unha política de protección da saúde das persoas traballadoras mediante a prevención dos riscos derivados do seu traballo, tamén no caso das mulleres embarazadas.

Neste sentido, o artigo 26 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, encaixado no capítulo III de dereitos e obrigas, vela pola protección da maternidade establecendo como deberes, entre outros, o de valorar os procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na saúde das traballadoras ou do feto, ou o de adaptar as súas condicións ou tempo de traballo.

Unha obriga que se cabe é máis inescusable cando se trata de colectivos de traballadoras como o conformado polo sector de axuda a domicilio, pois presenta unha problemática singular.

Por unha banda, é moi difícil avaliar os riscos nos lugares de traballo debido, por exemplo, á inviolabilidade dos domicilios particulares a efectos de seguimento e control. E, por outra, a adaptación do posto de traballo non se asegura, pois hai que ter



en conta que en moitos casos o servizo de atención ás persoas usuarias préstao en exclusiva a profesional do coidado, sen axudas técnicas ou humanas.

En consecuencia, hai traballadoras que se ven abocadas a solicitar a baixa e a correspondente prestación económica por risco durante o embarazo.

A este propósito, o Decreto 295/2009, do 6 de marzo, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, sinala, no artigo 40, que a efectos desta prestación se considera situación protexida aquela na que se encontra a traballadora embarazada durante o período de interrupción da actividade profesional, nos supostos en que o desempeño da mesma inflúa negativamente na súa saúde ou na do feto, e así se certifique polos servizos médicos da entidade xestora ou da mutua colaboradora da Seguridade Social competente. E no artigo 47 regúlase o procedemento para o recoñecemento deste dereito.

Sen embargo, a pesares da normativa, en moitos casos as mulleres traballadoras atópanse con atrancos e impedimentos na tramitación da prestación económica por risco durante o embarazo, así como no seu recoñecemento.

Problemas como, por exemplo, a ausencia dun modelo de solicitude de certificación médica de risco na maioría das mutuas; o retraso no recoñecemento do dereito á prestación por parte das mutuas ou entidades colaboradoras; a non comunicación por escrito da denegación da certificación médica solicitada; etc..

É dicir, ante a non reposta ou a negativa do recoñecemento acaba producíndose unha baixa por enfermidade común das mulleres traballadoras embarazadas, que o único que perseguen é evitar durante o embarazo os riscos laborais inherentes ao seu posto



de traballo, como os relacionados coa carga física, o manexo manual de persoas, a carga mental ou posibles agresións. E a estes súmanselle os riscos que aparecen nos distintos desprazamentos entre os domicilios, as circunstancias da vivenda ou a situación da persoa e a unidade de convivencia na que se presta o servizo.

En definitiva, os riscos laborais para as mulleres embarazadas, transcenden o ámbito privado, polo que protexer a súa saúde e a da súa descendencia, evitando calquera risco, é unha cuestión de máxima importancia social.

Trátase, pois, dun problema xeneralizado que fai necesaria a garantía da protección da maternidade tamén a través da prevención dos riscos laborais avanzando, así, nunha real e efectiva igualdade laboral.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitar que, tendo en conta ás entidades colaboradoras, desenvolva medidas e actuacións que aseguren a protección da maternidade das traballadoras, entre elas: avanzar na tramitación da prestación económica por risco durante o embarazo das profesionais do coidado; garantir que non se solicite a achega de ningún documento non esixido pola normativa aplicable e asegurar que se acorte o tempo da tramitación, todo á fin de resolver dun xeito máis eficaz e áxil as solicitudes de prestación económica por risco durante o embarazo”.



Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/09/2022 16:59:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Noelia Pérez López na data 19/09/2022 16:59:49

Paula Prado del Río na data 19/09/2022 17:00:55

María Corina Porro Martínez na data 19/09/2022 17:01:14

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/09/2022 17:01:31

José Alberto Pazos Couñago na data 19/09/2022 17:01:50

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 19/09/2022 17:02:07

López Sánchez, Rosalía na data 19/09/2022 17:02:22

María Elena Suárez Sarmiento na data 19/09/2022 17:02:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez, Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O actual Plan galego de financiamento universitario galego abrangue ata 2026. Pero o escenario de dificultades pola suba de prezos derivada da invasión de Ucraína por parte de Rusia e da consecuente crise enerxética constitúe un reto non só para as familias e empresas galegas, especialmente cando a inflación é máis alta en Galicia que en España, senón tamén para as universidades públicas galegas e o seu estudiantado.

Na apertura do curso oficial do Sistema Universitario Galego, o propio reitor da USC, falando en representación dos reitores das tres universidades públicas galegas, chamou a atención sobre as dificultades que están sufrindo estas institucións académicas para enfrontar a alza dos custes. A inflación nos gastos correntes das universidades e os maiores custes no persoal investigador foron apuntados polo reitor da USC como determinantes dunha maior dificultade financeira nas universidades.

O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle no seu artigo 31 que a ensinanza é unha competencia plena de Galicia en todos os niveis e graos, de xeito que á Xunta de Galicia correspóndelle tomar medidas que contribúan a que o Sistema Universitario de Galicia (SUG) poida facer fronte ás novas circunstancias existentes e así cumprir a súa misión de ser garante da igualdade de oportunidades na formación. Nestas circunstancias cómpre que a Xunta de Galicia reaccione ante as peticións dos reitores de reunir a Comisión de seguimento do plan de financiamento. A maiores cabe sinalar a situación descrita polos informes de fiscalización das universidades públicas galegas, feitos dende o



Consello de Contas, que apuntan unha perda de financiamento de 159.7 millóns de euros destas institucións académicas pola política de conxelación de taxas universitarias da Xunta de Galicia.

Ademais da suba dos prezos, outro aspecto que incide nos retos do SUG é a adaptación a un novo contexto derivado da recente aprobación no Congreso dos Deputados da Lei de Ciencia, que outorga máis garantías e dereitos á comunidade científica, con melloras na carreira laboral no eido da I+D+i e con novos dereitos laborais para os investigadores novos (como a indemnización por finalización dos contratos pre e posdoutorais).

Por todo o exposto, e tendo en conta a necesidade de garantir dende a Xunta ao bo funcionamento e suficiente financiamento das universidades públicas galegas, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abordar coas universidades públicas galegas a fórmula para dotar de maior financiamento ao SUG ante o incremento de custes ao que teñen que facer fronte.
2. Complementar con partidas extraordinarias todas as bolsas da Xunta de Galicia no Sistema Universitario Galego.
3. Adoptar un plan de apoio que favoreza un prezo accesible das residencias e comedores universitarios.
4. Desenvolver e aplicar desde este mesmo curso académico un plan para favorecer que as primeiras matrículas nas universidades públicas galegas sexan sen custes para o estudiantado universitario galego.



5. Desenvolver unha programación orzamentaria para o SUG que compense os custes soportados polas universidades públicas froito da conxelación das taxas universitarias que sinala o Consello de Contas de Galicia.
6. Reforzar as tres universidades públicas galegas cun plan extraordinario de incorporación de novo profesorado e novos investigadores/as para os próximos anos que fortaleza a docencia e a investigación, así como as posibilidades de transferencia de resultados, compensando o nivel de envellecemento crecente do profesorado universitario e buscando tamén reforzar o PDI e os niveis de investigación existentes en Galicia.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/09/2022 17:48:23

Noelia Otero Lago na data 19/09/2022 17:48:31

Noa Susana Díaz Varela na data 19/09/2022 17:48:39

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/09/2022 17:48:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/09/2022 17:49:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 é definido polo goberno da Xunta como a folla de ruta do futuro que terá como prioridades acadar unha recuperación sostible, resistente e inclusiva.

O presente da lingua galega fai parte dunha das áreas analizadas neste plan estratéxico, nomeadamente o que di respecto do seu coñecemento e uso, partindo dos datos da Enquisa estrutural a fogares do IGE do ano 2018.

Entre os datos máis relevantes de cara a garantir unha boa saúde da lingua galega no presente e no futuro inmediato destaca o feito de que *entre a poboación menor de 15 anos, a porcentaxe dos que sabe falar pouco ou nada o galego incrementase ata o 23,9%%, mentres que entre a poboación de 65 ou máis anos non chega ao 9%.*

Por outra banda, o Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 tamén recolle como a Enquisa estrutural a fogares do IGE reflicte que a porcentaxe de estudantes que reciben a mesma proporción de clases en galego que en castelán sitúase no 59,6% en 2018, unha porcentaxe que baixa ata o 36,0% entre a poboación de 17 ou máis anos, xa que recibe o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

46,5% das clases en castelán ou maioritariamente neste idioma, o que claramente pon en cuestionamento o principio de igualdade lingüística e, como consecuencia, as posibilidades de adquirir competencia en galego.

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 recolle na análise DAFO centrada no P.A 4.3: Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía, reconece como debilidade, a respecto da lingua galega, *o estancamento no uso habitual do galego que presenta significativas diferenzas xeográficas e por grupos de idade.*

No entanto, a diferenza de todos os restantes ítems, esta debilidade non recolle correspondencia ningunha con ameazas, fortalezas e oportunidades.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a deseñar, desde o consenso, un plan específico para superar a debilidade recollida no Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 a respecto do *estancamento no uso habitual do galego co obxectivo de conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos, se o desexar.*”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 09:25:53

Daniel Castro García na data 20/09/2022 09:25:57

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 09:26:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a protección e conservación das turbeiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de outubro de 2020 a Xunta adxudicou o contrato de “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia” á USC cun prezo de 70.966,50 € e un prazo de execución de 12 meses.

O citado estudo debería ser un bo punto de partida para a protección destes espazos e para o desenvolvemento dun plan de conservación e recuperación destes hábitats esenciais para a preservación da biodiversidade e para a loita contra o cambio climático.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Dar conta ao Parlamento do resultado do estudo sobre o estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galiza.

2. Levar a cabo a protección de todas as turbeiras mediante a súa inclusión no Rexistro de humidais protexidos.

3. Desenvolver un plan de protección, conservación e recuperación das turbeiras.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2022 09:46:46

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2022 09:46:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2022 09:47:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os convenios do Plan Hurbe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O portal de contratos publicou nos anos 2021 e 2022 a información dos seguintes contratos de obras do Plan Hurbe, ao abeiro dos convenios asinados entre a Consellaría de Medio Ambiente e determinados concellos:

-Obra de derrubo de edificio e acondicionamento de praza na rúa do Faro 38 en San Cibrao no concello de Cervo (Lugo. Orzamento base de licitación 467.967,50 con IVE

-Obra de melloras na intersección da rúa do Souto con Praza da Vila no lugar de Vilariño de Conso, concello de Vilariño de Conso (Ourense). Orzamento base de licitación 239.070,98 con IVE

-Obras de mellora do bordo da praia, no concello de Porto do Son (A Coruña). Orzamento base de licitación 229.889,93 con IVE

-Subministración e colocación de 34 bancos públicos en núcleos rurais no Concello de Montederramo (Ourense). Orzamento base de licitación 38.015,94 con IVE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Acondicionamento e mellora do núcleo de Montesalgueiro, no concello de Aranga (A Coruña). Contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción laboral. Orzamento base de licitación 107.093,65 con IVE

-Obras de construción de piscina pública e un centro BTT, no concello de Outeiro de Rei (Lugo). Orzamento base de licitación 972.037,67 con IVE

-Reforma da praza, zona do mercado e biblioteca, no concello de Bande (Ourense). Orzamento base de licitación 107.463,80 con IVE

-Humanización dos contornos de Papucín e Fonte Santaia, no concello de Frades (A Coruña). Orzamento base de licitación 134.737,57 con IVE

-Humanización de espazos públicos, no concello de Os Blancos (Ourense). Orzamento base de licitación 70.770,06 con IVE

-Obra de rehabilitación da praza de abastos no concello de Viana do Bolo (Ourense). Orzamento base de licitación 695.512,57 con IVE

-Obra de melloras no acceso ao núcleo de Seadur, Larouco (Ourense). Orzamento base de licitación 79.189,74 con IVE

-Acondicionamento dos accesos á ruta de Salgueirón (A Barrela), no concello de Carballo. Orzamento base de licitación 99.997,91 con IVE

-Obra mellora do entorno do Campo da Feira de Paiosaco, A Laracha (A Coruña). Orzamento base de licitación 114.463,06 con IVE

-Obra de humanización, melloras bioclimáticas e aproveitamento dos recursos hídricos de San Pedro de Leirado, Quintela de Leirado (Ourense). Orzamento base de licitación 431.879,04 con IVE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de urbanización e mellora de espazo público, Parada de Sil (Ourense).
Orzamento base de licitación 156.557,37 con IVE

-Obra de mellora da vía principal no lugar dos Novais, Quiroga (Lugo).
Orzamento base de licitación 69.282,47 con IVE

-Obra de urbanización e humanización da parcela do campamento de turismo municipal, Ribas de Sil (Lugo). Orzamento base de licitación 78.575,54 con IVE

-Obra construción dun edificio destinado a usos múltiples no lugar de Arenteiro, Piñor (Ourense). Orzamento base de licitación 451.336,66 con IVE

-Obra de urbanización de parque público no lugar de Outeiro Cruz no Concello de Arnoia (Ourense). Orzamento base de licitación 286.972,07 con IVE

-Obra de humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Coirós de Abaixo no Concello de Coirós (A Coruña). Orzamento base de licitación 98.810,17 con IVE

-Obra de embelecemento do entorno de Luíntra mediante a creación dun espazo no acceso á Oficina Municipal de Promoción Turística, Nogueira de Ramuín (Ourense). Orzamento base de licitación 99.999,99 con IVE

- Obra de humanización dos accesos ao Balneario e Fonte de Augas Santas, Pantón (Lugo). Contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción laboral. Orzamento base de licitación 99.999,99 con IVE

-Obra de construción dunha piscina pública en Boborás (Ourense). Orzamento base de licitación 414.979,18 con IVE

- Obra de urbanización e mellora de espazo público, Parada de Sil (Ourense)
Orzamento base de licitación 156.557,37 con IVE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de mellora das rúas Calvo Sotelo e Justo Martínez, A Estrada (Pontevedra). Orzamento base de licitación 275.403,80 con IVE

-Obra de humanización das rúas Mediodía e Víctor González Faya, Ordes (A Coruña). Orzamento base de licitación 398.734,17 con IVE

-Obra de urbanización do entorno das vivendas do grupo escolar, Vilardevós (Ourense). Orzamento base de licitación 89.999,99 con IVE

-Obra de humanización parcial do núcleo do Pereiro de Aguiar, 1ª fase (Ourense). Orzamento base de licitación 148.652,90 con IVE

-Obra de equipamento municipal de ocio nas instalación de Mirallos, Moraña (Pontevedra). Orzamento base de licitación 452.056,61 con IVE

-Rehabilitación de vivenda municipal en Fontán, Parderrubias. SALCEDA CASELAS. Orzamento base de licitación 74.547,36 con IVE

-Obra de pavimentación de rúas en Nocedo, Os Blancos (Ourense). Orzamento base de licitación 49.962,35 con IVE

- Obra de humanización da contorna parroquial de San Mamede, Mos (Pontevedra). Orzamento base de licitación 390.000,00 con IVE

-Obra de humanización e mellora do espazo público do Tameirón, A Gudiña (Ourense). Orzamento base de licitación 127.000,00 con IVE

-Obra de construción dun centro sociocomunitario e ambiental no núcleo urbano de Pontepedra, Tordoia (A Coruña). Orzamento base de licitación 346.037,92 con IVE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de acondicionamento do espazo público no lugar de Mugares, Toén (Ourense). Orzamento base de licitación 75.152,93 con IVE

-Obra de rehabilitación interior do antigo edificio do concello como nova biblioteca pública, Salvaterra de Miño (Pontevedra). 300.000,00€

-Obra de humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Armea, no concello de Coirós (A Coruña). 96.656,40€

-Obra de mellora do parque público de Maceira, Covelo (Pontevedra). 261.387,19€

-Obra de pavimentación da rúa da Fonte en Castro, Carballedo (Lugo). 80.042,87€

-Obra de humanización e mellora das instalacións do espazo polivalente do Campo da Escola en Celeiros, Chandrexa de Queixa (Ourense). 96.649,00€

-Obra de execución dunha praza pública en Progo, Riós (Ourense). Contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción laboral. 96.735,74€

-Obra de rexeneración do conxunto de Santa María do Campo, en O Irixo (Ourense). 23.205,27€

-Obra de mellora da urbanización na rúa A Pateira, na Veiga (Ourense). 161.000,00€

-Obra de humanización na rúa San Benito, en Arbo (Pontevedra). 235.961,64€

-Obra de mellora de rúas en Cea (Ourense). 113.205,69€





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de acondicionamento de espazos públicos en Tourós-Barxés, no concello de Muíños (Ourense). 179.051,57€

-Obra acondicionamento do entorno do edificio multiusos no concello de O Incio (Lugo) 100.073,05€

-Obra de mellora do viario das Bouciñas a Croído, en Lousame (A Coruña). 120.687,12€

-Obra de mellora e humanización de espazos públicos urbanos, en Touro (A Coruña). 0.335,93€

-Obra de pavimentación da zona da Praza das Airas, no concello de O Barco de Valdeorras (Ourense). 114.000,00€

-Obra de pavimentación da rúa República Argentina, en Noia (A Coruña). 90.832,50€

-Obra de humanización de prazas en Xendive e Ganceiros en Lobios (Ourense). 96.800,00€ -Obra de mellora dos espazos públicos municipais: humanización do entorno do Mercado do Xurés, Bande (Ourense). 77.999,99€

-Obra de humanización e mellora dos espazos públicos urbanos no concello de Quiroga (Lugo). 65.738,63€

-Obra de pavimentación (praza) en Castiñeira, concello de Vilariño de Conso (Ourense). 61.884,63€

-Obra de humanización das rúas Travesía da Estrada de Éntoma e Francisco Neira, en Sobradelo, Carballada de Valdeorras (Ourense) 120.000,01€





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de humanización da rúa Estrada entre a rúa Méndez Núñez e a rúa Concepción Arenal no concello de Marín (Pontevedra). Expediente 62/2019 U 314.548,18€ Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

-Obra de edificación e urbanización do club fluvial de Friol. 657.332,31€

-Obra de construción de piscinas municipais en Cualedro (Ourense). 400.000,00€

Da análise da documentación dos referidos contratos non se pode derivar un criterio obxectivo e xusto de distribución dos fondos públicos. Polo contrario, dérvase un reparto arbitrario e partidario dos recursos públicos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a facer un reparto equitativo e obxectivo dos fondos do Plan Hurbe mediante a convocatoria pública de subvencións a concellos polo procedemento de concorrência competitiva.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/09/2022 11:07:55

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2022 11:08:05

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2022 11:08:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a negativa da Consellaría de Educación de aumentar a oferta de prazas de mestrados de secundaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica de Educación do 3 maio de 2006 establece nos seus artigos 94,95,96 a obrigatoriedade de estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica para poder exercer a docencia na educación secundaria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de idiomas.

Así mesmo, o 8 de novembro do ano 2008 publicábase o real decreto 1834/2008 polo que se definían as condicións de formación para o exercicio da docencia no ensino obrigatorio, no bacharelato, na FP e nas ensinanzas de réxime especial. Neste real decreto, que foi modificado polo real decreto 665/2015 nalguna das súas disposicións, establecíase no artigo 9, relativo á formación pedagóxica e didáctica do profesorado, o seguinte "Para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e na ensinanza ensinanza de idiomas, será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica"

Da mesma maneira a Consellaría de Educación, Universidade e formación profesional na orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos ao corpo de profesores, no artigo 2.3.1 apartado b establecía como requirimento indispensable para participar nos procesos selectivos o seguinte:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Posuír a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirá este requisito quen posúa o título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade

É polo tanto evidente que segundo o establecido na lexislación educativa, a formación pedagóxica e didáctica do profesorado é un requisito básico e obrigatorio para o profesorado poder exercer as súas funcións no ensino galego.

Mais a pesar de ser a formación pedagóxica e didáctica *conditio sine qua* non no acceso á función docente e mesmo, en moitas titulacións, ser esta saída practicamente a única alternativa laboral sólida para o estudantado desas carreiras, o sistema universitario galego mantén dende hai anos unha oferta educativa tan cativa e insuficiente nos máster de acreditación de formación didáctica e pedagóxica que obriga ao alumnado a teren que se desprazar fóra do país e a matricularse en universidades privadas para poder exercer a docencia en Galiza.

Tal e como denunciou a comunidade educativa, no curso pasado a oferta educativa do master de profesorado nas universidades galegas foi dun total de 765 prazas para todas as especialidades que se distribúen do seguinte xeito nas diferente cidades: 200 en Compostela, 80 en Lugo, 180 en Vigo, 48 en Pontevedra, 52 en Ourense e 225 na Coruña.

Así pois, esta raquíutica oferta educativa que expulsa do sistema educativo galego a centos de alumnas e alumnos amosa a súa absoluta insuficiencia cando estes datos dos mestrados se poñen en relación coa demanda de prazas dos aspirantes, ou mesmo coas prazas de ensino ofertadas neste ano. No ano 2020 a Xunta ofertou un total de 1174





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prazas para 765 prazas de máster do profesorado. Con esta oferta fica de manifesto que por cada 17 prazas que saca a concurso-oposición a Consellaría tan só hai 11 de mestrado. Ou dito doutro xeito, por cada 100 prazas de oposición tan só hai 65 de mestrado.

Pero alén dos datos relativos, non podemos tampouco obviar que debaixo desta media agóchanse realidades de titulacións que teñen como saída prioritaria a docencia e na que a oferta de prazas dos máster é de apenas 35 prazas en todo o país; cando a demanda de cada promoción duplica mesmo as prazas ofertadas.

Neste curso, a os Universidades volveron a demandar que a Consellaría de Educación incrementase esta oferta educativa. A pesar de que reitores e Consellos Sociais das Universidades defenderon este incremento, A consellaría negouse, escusándose na imposibilidade de ter máis profesorado para a realización das prácticas destes mestrados.

Dende o BNG entendemos que esta raquítica oferta de prazas supón unha anomalía intolerábel no ensino público galego. Unha eiva na formación dos nosos profesores que obriga en tantas ocasións ás nosas mozas e mozas a teren que cursar o seus estudos fóra, en Universidades privadas, as máis das veces, e cuns custes económicos ao que moitas familias simplemente non poden facer fronte.

Pero ademais, supón tamén un contrasentido pedagóxico e educativo, o feito de que a Xunta de Galiza obrigue a formarse en sistemas universitarios de fóra a profesorado que aspira a exercer o seu labor docente no noso país. Un contrasentido que rompe coas correntes didácticas e pedagóxicas modernas e que descontextualizada o proxecto educativo.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a incrementar a oferta educativa nos máster acreditativos da formación pedagóxica e didáctica no Sistema Universitario Galego, cunha oferta de prazas que garanta as necesidades educativas do noso país.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/09/2022 11:55:16

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 11:55:36

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 11:55:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as necesidades educativas no IES de Soutomaioir.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo do ano 2015 entraba no rexistro de entrada do Concello de Soutomaioir o proxecto para a construción do novo IES. Un proxecto, que tal e como denunciou o BNG, tan só tiña 12 unidades e unha capacidade para 360 alumnos; o que na práctica implicaba construír un instituto sen sequera bacharelatos.

Foi neste entón que ante as mobilizacións do BNG e da sociedade no pleno, na rúa ou neste mesmo parlamento, que a Xunta tivo que retirar aquel primeiro proxecto inaceptábel para as necesidades do concello.

Esta situación, debería ter obrigado á Xunta a modificar o proxecto inicial, pero dende a Consellaría e o Goberno Local decatáronse de que se facía un novo proxecto, non poderían inaugurar o IES antes das eleccións e no canto de elaborar un novo proxecto ampliado e adaptado as necesidades obxectivas de Soutomaioir, optaron por construír no mesmo espazo pensado para 12 unidades un instituto de 16.

As consecuencias desta chapuza non se fixeron agardar e o instituto ficou insuficiente para as necesidades educativas da contorna no mesmo ano da súa inauguración.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

No presente curso, as consecuencias desta actuación e dos recortes da consellaría de educación estanse a facer máis intensos se cabe: 30 alumnas apiñocadas en aulas diminutas, 4 departamentos de 7 m2 cada un para 42 profes, falta de espazos para ofertar modalidades como FP básica, limitacións na oferta de bacharelato por falta de aulas, aulas de informática eliminadas para reconvertelas en aulas ordinarias, laboratorios aos que só se pode acceder con desdobres ou situacións tan esperpénticas como que os días de choiva o alumnado non teña sequera patio cuberto polo que ten que quedar na aula ou polos corredores....

Por se todo isto non fose dabondo, a falta de profesorado fíxose evidente durante este curso e a situación chegou a tal extremo que o equipo directivo tivo que poñer enriba da mesa a súa dimisión pola imposibilidade de organizar este curso escolar cos condicionantes impostos pola consellaría.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Consellaría de Educación a atender as necesidades educativas do IES de Soutomaior, a respecto da dotación de persoal e recursos necesarios, que foron remitidas á Xefatura Territorial e aprobadas polo Consello Escolar do propio IES.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/09/2022 12:37:06

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 12:37:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 12:37:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a censura na Consellaría de Educación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente inicio de curso estivo marcado por unha conflitividade froito dos recortes da Consellaría de Educación que levaron a moitos centros a ter que adoptar medidas como as dimisións dos equipos directivos e a mobilización en defensa do ensino público.

Foron varias as comunidades educativas ao longo de todo o País que denunciaron os recortes no ensino público por parte do goberno galego. Centros dende A Guarda até Cedeira ou dende Redondela até Teixeira que manifestaron publicamente o seu malestar polo maltrato ao que o goberno galego sometía estas comunidades educativas.

Mais o que resulta a todas luces inadmisíbel é que a Consellaría de Educación, no canto de atender e negociar as demandas dos centros procedeu a unha estratexia de persecución e censura dos centros que decidiron facer pública a realidade que estaban a padecer. Unha estratexia que se evidenciou en chamadas dende a inspección ás direccións dos centros para tratar de impedir as mobilizacións ou na obriga de eliminar das páxinas dos centros informacións sobre os recortes de profesorado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que estas actitudes por parte do goberno galego, alén de inadmisíbeis, impropias dunha democracia do século XXI polo que formulamos a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a cesar na súa estratexia de censura para con aqueles centros e equipos directivos que denuncian os recortes no ensino público.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 12:57:25

Daniel Castro García na data 20/09/2022 12:57:31

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 12:57:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a eliminación dos concertos educativos cos centros que segregan por sexo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasos días, o presidente da Xunta de Galiza realizou unhas declaracións nas que manifestaba que “Imos agardar á interpretación axeitada da LOMLOE” para determinar se ían seguir financiando ou non os centros que segregan alumnado por sexo.

Compre sinalar que despois de que durante o goberno bipartito, a Xunta daquel entón, iniciase os trámites para suprimir o desvío de fondos públicos para centros ultraconservadores que empregan un modelo educativo segregador do alumando, unha das primeiras iniciativas que levou adiante o goberno do PP foi o mantemento destes concertos.

Compre sinalar que na LOMLOE establécese que de cara ao “fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres” os centros “sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos” “desenvolverán o principio de coeducación en todas as etapas educativas” e “non separarán o alumnado polo seu xénero”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta redacción deixa claro que coa nova normativa o financiamento destes centros non se poderá prorrogar, e por tanto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a, en cumprimento da lexislación actual, suprimir os concertos educativos con todos os centros que segregan alumnado por sexo.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/09/2022 13:08:44

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 13:08:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 13:09:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a adaptación dos xulgados á Lei sobre o apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación, e posterior entrada en vixencia, da Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación procesual e civil para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica supuxo unha importante reformulación do sistema de substitución e axuda ás persoas que, temporal ou de xeito indeterminado, ven alterada as súas posibilidades de actuación na vida ordinaria.

Entre outras modificacións a norma citada introduce unha nova redacción no art. 268 do Código Civil, establecendo a obriga de que as medidas de apoio ás persoas deben ser revisadas periodicamente nun período máximo de tres anos, que excepcional e motivadamente, a autoridade xudicial pode adiar, se ben non máis aló de 6 anos.

Asemade a Disposición Transitoria 5ª da Lei 8/2021, de 2 de xuño establece a necesidade de que todas as resolucións sobre capacidade das persoas adoptadas con anterioridade á entrada en vixencia da norma serán revisadas, de oficio ou a instancia do Ministerio Fiscal, no prazo máximo de 3 anos; ou no prazo dun ano dende que a revisión fose solicitada polo titor, curador, apoderado preventivo ou titular da patria potestade rehabilitada ou prorrogada daquelas persoas coa capacidade modificada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A necesidade de revisión das resolucións sobre as medidas de apoio acordadas implica un notable incremento da carga de traballo dos xulgados que teñen conferidas as atribucións nesta materia, xulgados que xa na actualidade veñen mantendo unha extraordinaria actividade e que, nalgúns casos, xa están en situacións próximas ao colapso e cuxas resolucións xa se demoran moito máis do razoable. Todo, a pesares do compromiso e entrega das traballadoras destinadas nesas unidades xudiciais, ás que a situación padecida estalles a afectar na propia saúde.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as actuacións necesarias para a ampliación do cadro de persoal e da planta dos xulgados con competencias en materia de familia e sobre a capacidade das persoas.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2022 16:21:45

Iria Carreira Pazos na data 20/09/2022 16:21:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/09/2022 16:22:05



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado 7 de xuño producirse o primeiro dos colapsos que afectaron ao viaduto do Castro, na A-6, o que provocou o peche á circulación por autovía do principal acceso viario a Galicia desde a Meseta. Resulta inaudito que máis de tres meses despois de que tiveran lugar estes feitos non dispoñamos de información, nin de explicación algunha, sobre as causas da caída desta ponte que estaba, cómpre non esquecerlo, sometida a unha obra de reparación por parte do Ministerio de Transportes que supuxo un investimento de 26 millóns de euros .

Tanto o Goberno galego como os cidadáns, e os usuarios frecuentes desta vía de comunicación, reclaman información clara e transparente sobre as causas do derrube, que aínda non se teñen feito públicas. Precisamente este era un dos compromisos adquiridos polo presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, durante o encontro que mantivo co presidente da Xunta, Alfonso Rueda, o pasado mes de xullo. En concreto, comprometeuse a constituír unha mesa, entre ambas administracións, para seguir de preto todo o referido ao colapso desta autovía.

Resulta moi sorprendente que representantes do Ministerio de Transportes fagan declaracións avanzando a reapertura á circulación, no primeiro semestre de 2023, do viaduto paralelo desta autovía que aínda segue en pé, se aínda non se coñecen as causas que levaron ao colapso do viaduto xemelgo ou, polo menos, fan sospeitar que non se está a ofrecer toda a información dispoñible á cidadanía. Sen un coñecemento sobre as circunstancias que levaron ao colapso do viaduto pretender recuperar a circulación na infraestrutura xemelga sería unha irresponsabilidade absoluta.

Por outra banda, desde a Administración central desprezaron todas as medidas e propostas alternativas solventes da Xunta para realizar canto antes desvíos directos que eviten ter que percorrer espazos urbanos na localidade lucense de Pedrafita do Cebreiro mentres non se avanza na solución definitiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as seguintes medidas:

- 1º- Ofrecer á maior brevidade, de xeito continuo e coa máxima transparencia, toda a información dispoñible polo Ministerio de Transportes sobre as causas que provocaron o colapso do viaduto do Castro, na autovía A-6, de tal xeito que teñan coñecemento de todas as novidades os cidadáns, os concellos afectados e a administración autonómica.
- 2º- Activar de inmediato a mesa de seguimento -comprometida polo presidente do Goberno de España na súa xuntanza co presidente da Xunta, o pasado mes de xullo- sobre as medidas que se veñen adoptando en relación coa autovía A-6, en particular, sobre as solucións provisionais implantadas polo Executivo para sortear o viaduto derrubado, as causas do colapso, os trámites dirixidos á súa reconstrución, con prazos claros”.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/09/2022 16:54:30

José Manuel Balseiro Orol na data 20/09/2022 16:54:46

Paula Prado del Río na data 20/09/2022 16:55:00

José Manuel Rey Varela na data 20/09/2022 16:55:17

María Sol Díaz Mouteira na data 20/09/2022 16:55:34

María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/09/2022 16:55:58

Ana Belén García Vidal na data 20/09/2022 16:56:14

José Alberto Pazos Couñago na data 20/09/2022 16:56:28

Noelia Pérez López na data 20/09/2022 16:56:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a contratación do profesorado de reforzo do programa ARCO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación vén de facer público hai escasos días que este ano non vai levar adiante as contratacións de profesorado que se viñan realizando ao abeiro do programa ARCO.

Dende o BNG entendemos que se ben este tipo de profesorado non son a solución aos problemas e demandas do sistema educativo galego e que a mellora do noso sistema educativo pasa pola contratación de profesorado estrutural, non é menos certo que no contexto actual, e ante o recorte de profesorado que se ven executando no noso sistema educativo e as necesidades educativas que xorden nun contexto económico e postpandémico como o que vivimos, non semella razoábel que a Consellaría de Educación opte por suprimir este programas.

Desafortunadamente, como se esta realidade non existise, a Consellaría de Educación anunciou que este ano non teríamos este tipo de contratacións e non canto de optar pola busca de solucións para atender o alumnado que máis o precisa, a Consellaría optou por botar balóns fóra e buscar culpábeis no canto de buscar solucións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais por esta realidade non fose dabondo prexudicial para a alumnado con necesidades educativas, o goberno galego decidiu que este ano, tampouco ía abrir o programa Proa+ a novas necesidades dos centros, xa que só poderán renovar este programa aqueles centros que participaron del no curso pasado.

Estamos ante unha medida, alén de inxusta, tremendamente absurda xa que as necesidades dos centros mudan, e un centro que non tivo necesidades de reforzo no ano anterior, pode telas no presente curso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a:

1. Proceder no inmediato a contratación neste curso do profesorado que viña realizando o traballo de reforzo ao abeiro do programa ARCO
2. Incrementar os cadros de persoal no sistema educativo de maneira que o profesorado estrutural poida dispoñer de capacidade horaria para realizar estas funcións.
3. Abrir a participación no programa Proa+ ás novas necesidades educativas que xurdan nos centros de ensino.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/09/2022 17:01:50

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 17:02:05

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 17:02:18



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Fai máis dun ano e medio que o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de impulso demográfico. O Grupo Parlamentario Socialista advertiu da falta de compromiso orzamentario e concreción da norma. Tras máis dun ano e medio despois da súa aprobación, a realidade é que non existen avances de calado e non se perciben medidas importantes ou concretas na sociedade que poidan cambiar o curso da inversión da pirámide poboacional a longo prazo.

De feito, fai unhas semanas coñeciamos novos datos respecto á situación de despoboación que posicionan a Galicia como das comunidades autónomas que peores datos amosan.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista advertimos ao goberno galego que, dita norma debера ser transversal a todas as áreas de goberno, con especial atención a medidas para evitar a precarización laboral e o desemprego, así como medidas concretas que fomenten o talento asociado ao territorio.

A fuga de talento que ano tras ano fai que Galicia invista centos de millóns en formar mozos e mozas que finalmente teñen que emigrar por falta de opcións laborais fai que non só se deixen de crear centos de empresas novas ao ano, senón tamén que deixen de nacer miles de nenos e nenas en Galicia, segundo os estudos do Foro Económico de Galicia, no seu informe: “Fuga de Talento en Galicia: Mito o realidade”. Este tipo de datos amosan a falta de estratexia por parte do Goberno galego que afectan inevitablemente ao reto demográfico.

O certo é que as medidas illadas que ata o momento deu a coñecer o Goberno galego non poden ter unha repercusión significativa na problemática que padece Galicia nesta materia. Provincias como Ourense e Lugo son das máis afectadas do país, cunha idade media cada vez maior e unha inversión da pirámide poboacional que fai que incluso en Ourense existan máis pensionistas que cotizantes.



A falta de oportunidades e de servizos no rural fai que cada vez sexa máis complexo dar comezo a un proxecto vital no mesmo, cando o Goberno galego do Partido Popular en vez que blindar os servizos ou incrementalos no rural, os recorta ano tras ano tras máis dunha década de Goberno ininterrompido.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que traslade ao Parlamento:

1. O conxunto de medidas posteriores á Lei de impulso demográfico, e os datos ou resultados de ditas medidas.
2. Un cambio de perspectiva de acción para o impulso demográfico que incremente o investimento orzamentario e as medidas transversais e concreta en materia de emprego e talento asociado ao territorio, así como un compromiso polos servizos e posta en valor do rural.”

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 21/09/2022 09:19:49

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2022 09:20:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2022 09:20:08



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Para afrontar os retos da cultura galega, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, impulsaba en 2017 a Estratexia da Cultura Galega (ECG), un documento traballado co sector que marca as principais liñas de actuación e as prioridades da política cultural de Galicia para os vindeiros anos.

Os obxectivos xerais da ECG21 son:

- Fortalecer a industria cultural, para que cree máis riqueza e postos de traballo.
- Estender a produción e distribución cultural de base por todo o territorio de Galicia para favorecer a inclusión e a participación na cultura de toda a sociedade.
- Asegurar os servizos públicos culturais: bibliotecarios, museísticos, arquivísticos etc.
- Propiciar canles estables que favorezan unha maior colaboración entre as administracións públicas nas políticas culturais e unha maior participación da sociedade e das entidades privadas na cultura.

Eses obxectivos poñen o foco en dez retos prioritarios:

- Consolidar unha visión social da cultura como valor esencial e imprescindible para o desenvolvemento integral da sociedade, e a valoración da lingua galega como instrumento-clave da nosa identidade cultural e activo útil para a cidadanía.
- Estimular a produción cultural (profesional e afeccionada) e a súa distribución.
- Facilitar o acceso á cultura (ampliación de públicos, inclusión social) e favorecer a participación da sociedade no seu financiamento.
- Promover a cooperación institucional e a boa gobernanza da cultura (administración autonómica, local e provincial; novas sinerxías educación-cultura; Xacobeo; medios de comunicación públicos): corresponsabilidade, coherencia, eficiencia, participación, racionalización dos recursos, vertebración do territorio.



- Consolidar o tecido industrial creativo.
- Impulsar a salvagarda e a difusión do patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo e accesible.
- Avanzar na proxección exterior e a internacionalización da produción cultural de Galicia (posicionamento da marca 'Cultura de Galicia', proxección da Cidade da Cultura, vínculos coa Galicia exterior).
- Potenciar o posicionamento da cultura galega no marco da sociedade dixital.
- Apoiar a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, así como a colaboración entre as institucións públicas e privadas no ámbito da cultura.
- Continuar co proxecto da Cidade da Cultura de Galicia como colaborador do emprendemento, da tecnoloxía e da programación da cultura galega.

O proceso de elaboración da ECG21 consistiu en 3 fases. Unha primeira de encontros territoriais informativos e a elaboración por parte do Consello da Cultura Galega dunha diagnose sobre a cultura galega; unha segunda de reunións das mesas sectoriais; e unha terceira de redacción, exposición pública e revisión levada a cabo entre marzo e xuño de 2019 coa fin de redactar o documento final.

Mais logo desa terceira fase nada se soubo desa ECG21, que parece non culminou nun documento final de traballo de vital importancia para a industria e os axentes culturais do noso país. Pasados xa tres anos, e coa maior parte do traballo realizado, convén que o Goberno galego inicie un período de conversas para rematar a estratexia adaptándoa ao novo escenario da cultura galega e aos novos documentos e plans estratéxicos que lle afectan directamente.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a iniciar antes de que remate este período de sesións unha nova fase de conversas sectoriais para actualizar a Estratexia de Cultura Galega que, co horizonte en 2025 e unha vez posta en marcha, estipule un sistema de indicadores cuantitativos e cualitativos de progreso das diferentes accións para a súa avaliación anual.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 19/09/2022 16:08:48

Noelia Otero Lago na data 19/09/2022 16:09:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/09/2022 16:09:24



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A rede de escolas infantís “Galiña azul”, segundo establece a propia Xunta de Galicia, *“están dirixidas a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos. Trátase dun servizo público de atención á infancia, educativo asistencial, que busca adaptarse ao concepto de familia do século XXI e permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega, ao tempo que facilita a súa inserción no mercado laboral”*.

No concello de Camariñas hai unha escola pertencente á dita rede que conta con 4 unidades e 61 postos e que presta o servizo educativo de 0 a 3 anos sen ofertar servizo de comidas, tendo que os nenos e nenas traer a comida da casa, cando a escola ten comedor que conta co equipamento necesario para poder prestar o servizo de comidas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Poña en funcionamento neste exercicio 2022 o servizo de comedor na escola infantil da rede Galiña azul de Camariñas.

2º) Elabore un documento que conteña a totalidade dos gastos da escola infantil, así como as achegas feitas polas distintas administracións para o seu financiamento nos últimos 5 anos.

3º) Asuma a totalidade dos gastos da escola infantil, posto que se trata dunha competencia propia da Comunidade Autónoma.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/09/2022 13:02:56

Marina Ortega Otero na data 20/09/2022 13:03:31

Julio Torrado Quintela na data 20/09/2022 13:03:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2022 13:04:00



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O 23 de setembro conmemórase o Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos. A trata de persoas supón unha violación dos dereitos humanos que ten diferentes rostros como a explotación sexual, a explotación laboral, traballos forzados ou o tráfico de órganos. Todas estas manifestacións, estendidas por todo o mundo, son a mostra máis extrema da pobreza e a desigualdade.

A trata de mulleres con fins de explotación sexual é unha das formas máis miserables nas que se manifesta a violencia contra as mulleres e un dos máis terribles negocios en todo o mundo que está relacionada case sempre coa marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

Segundo datos de Nacións Unidas e da Unión Europea, as mulleres e as nenas representan o 71 % das vítimas de trata detectadas en todo o mundo e o 80 % das identificadas en Europa occidental, sendo a explotación sexual a forma máis común de explotación (59 %) seguida do traballo forzado (34 %).

Prostitución e trata con fins de explotación sexual non se poden dissociar. Son dúas caras dunha mesma realidade xa que existe porque hai homes dispostos a prostituír mulleres e menores. España é o Estado europeo con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo. Segundo Nacións Unidas, o 39 % dos homes españois pagaron nalgunha ocasión por manter relacións sexuais. Pero non é unicamente líder en consumo de prostitución, tamén é un dos principais destinos de tráfico de mulleres no mundo, con máis de 1.500 bordeis.

Na actualidade, atópase en tramitación a Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista no Congreso para atallar todas as formas do proxenetismo. É urxente unha redacción normativa que persiga de maneira efectiva o proxenetismo e a terceira locativa. Esta lei contra o proxenetismo tamén inclúe sancións para aquelas persoas que recorran a prostituír a outras e nunca ás súas vítimas da prostitución.

Porque a prostitución non é un traballo. O “traballo sexual” non existe e a libre elección da prostitución é un mito: as mulleres prostituídas sempre son as pobres



e as vulnerables do mundo. Falar dos dereitos das mulleres prostituídas é en realidade falar dos dereitos dos que fan negocio cos seus corpos, os proxenetas e os puteros. Por iso, dende o PSdeG-PSOE non podemos seguir mirando cara a outro lado e debemos impulsar as medidas necesarias para rematar coa trata de seres humanos e coa explotación sexual. Porque para as e os socialistas a liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución e a trata de seres humanos.

O Goberno da Xunta de Galicia anunciou o pasado mes de xuño a posta en marcha do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, ao que finalmente o Consello da Xunta de Galicia do 4 de agosto de 2022 deu o seu visto e praxe. Non obstante, este plan non se fixo público e non hai constancia da posta en marcha e o desenvolvemento das medidas que contén estando moi avanzado o seu primeiro ano de vixencia.

Por outra banda, consideramos necesario que, para facer máis eficaz o devandito plan, se realice un estudo o mais rigoroso posible sobre a situación da prostitución, a trata e a explotación sexual en Galicia, ao igual que xa se ten feito noutras comunidades autónomas. Segundo o publicado, e a falla de máis información, o único estudo existente data do ano 2013 no marco do proxecto internacional ITINERIS ‘Protección dos dereitos das persoas migrantes contra a explotación, de Brasil cara á Unión Europea’, liderado polo Centro Internacional para o Desenvolvemento de Política Migratoria (ICMPD) e no que a Xunta de Galicia participou, polo cal consideramos fundamental actualizar os datos sobre a situación da prostitución, a trata e a explotación sexual en Galicia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

1º. O Parlamento de Galicia acorda manifestar o seu apoio á tramitación da Proposición de lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, para prohibir o proxenetismo en todas as súas formas.

2º) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- a) Realizar un estudo para actualizar a información sobre a prostitución, a trata e a explotación sexual en Galicia.
- b) Facer público e comezar de inmediato co desenvolvemento do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual
- c) Impulsar, no ámbito das súas competencias, políticas públicas orientadas á



loita contra a explotación sexual e a abolición da prostitución.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 21/09/2022 13:53:55

Noelia Otero Lago na data 21/09/2022 13:54:22

Marina Ortega Otero na data 21/09/2022 13:54:33

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2022 13:54:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2022 13:55:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O parque natural das Fragas do Eume foi declarado o 12 de agosto de 1997, sendo con 9.125 hectáreas o segundo de Galicia en superficie despois do Xurés. Destaca pola súa biodiversidade e por ser no momento da súa declaración, como di aínda hoxe a páxina *web* de Turismo de Galicia, un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa, ademais dun “bosque mixto de frondosas considerado un dos máis extensos da Galicia litoral e relevante a nivel europeo como bosque climático” do que destaca a presenza de variedades de feitos de grande interese, 103 especies de aves, 41 de mamíferos e 8 de peixes, e tamén especies endémicas de invertebrados e réptiles.

A pesar destes valores naturais, 25 anos despois de ser creado o parque carece de Plan reitor de usos e xestión (PRUX), cando debería telo como mínimo desde o ano 2003 segundo o artigo 35.4 da Lei galega 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, que establece que “Os plans reitores de uso e xestión aprobaranse no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da declaración do espazo natural protexido, previo informe, no seu caso, da xunta consultiva correspondente”. Certamente, a Lei 9/2001 foi derogada pola Lei 5/2019 do patrimonio natural e biodiversidade de Galicia, que eliminou o prazo para aprobar o plan, pero isto non habilita para soste indefinidamente a anómala situación dun parque natural que leva nada máis e nada menos que un cuarto de século sen PRUX.

Sendo un parque considerado como bosque atlántico de ribeira teoricamente ben conservado e sendo o bosque atlántico un bosque mixto caducifolio, a expansión descontrolada no parque e na súa contorno dunha especie como o eucalipto non soamente desvirtúa a esencia do ecosistema que se pretendía conservar e poñer en valor coa declaración como parque natural senón que reduce a biodiversidade do parque na medida en que diversos estudos constatan ese efecto como característico desa especie forestal.

Ademais da eucaliptización, as agresións medioambientais sobre o parque son constantes: ó gran incendio do ano 2012 (que deu pé a que o Presidente da Xunta falase dun plan de recuperación do que nunca máis se soubo) únense os episodios de contaminación do río Eume, entre eles o acontecido no ano 2021, así como a



práctica desecación durante décadas dun tramo de quilómetros de río pola empresa Endesa, augas abaixo do encoro radicado no propio parque, un auténtico atentado ecolóxico cometido en pleno parque natural.

Por outra banda, a estreita estrada que bordea o río Eume ata o Mosteiro de Caaveiro convértese cada fin de semana (agás o verán, cando unha parte da mesma pecha ó tráfico) nun constante ir e vir de coches que se mesturan cos sendeiristas que percorren a estrada, unha situación insólita que debería ser evitada simplemente propiciando cun aparcamento ou aparcamentos disuasorios que os visitantes deixen o coche na entrada do parque e accedan ó mesmo andando, en beneficio do parque (elimínanse ruídos e contaminación) e dos propios visitantes, que poderían percorrer os 10 quilómetros que separan Ombre de Caaveiro sen a molestia do tráfico ou, no seu caso, en minibuses de considerarse axeitada tal alternativa, reiteradamente reclamada polo concello de Pontedeume, que ademais ofrece a súa colaboración para implementala.

Finalmente, os propietarios de terreos radicados dentro do parque teñen limitados os usos que poden desenvolver nos seus terreos pero non perciben ningún tipo de compensación ou beneficio por esa limitación. O prezo de mercado de cada unha das 9.125 hectáreas que conforman o parque sería de 4.400 €, segundo o prezo recollido para a comarca no informe do Observatorio Galego de Mobilidade de Terras do ano 2021, polo que sería perfectamente asumible para o Goberno de Galicia un programa de adquisición de terras a longo prazo que progresivamente implicase o paso á titularidade pública dun espazo que ten unha finalidade predominantemente pública, o cal sería compatible con outras fórmulas de compensación aos propietarios.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que impulse sen máis dilación o Plan reitor de usos e xestión (PRUX) do Parque Natural das Fragas do Eume, buscando a máxima participación e nivel de consenso posible, especialmente cos propietarios e concellos afectados, e priorizando os seguintes aspectos:

1º) A conservación e mellora dos valores ecolóxicos do parque natural, entre eles o carácter autóctono do bosque que caracteriza o parque, a continuidade do caudal do río Eume e a calidade das súas augas.

2º) A eliminación progresiva das especies de flora ou fauna alóctonas ou alleas ao parque, especialmente o eucalipto, e a súa substitución por outras autóctonas e propias do parque.



3º) A compensación aos propietarios de terreos afectados polas restricións de uso que implica o parque, sexa mediante un programa de compra progresiva de terreos privados ou mediante outras fórmulas.

4º) A creación de espazos de aparcamento disuasorio que eviten o tránsito de vehículos pola estrada que leva a Caaveiro, así como a limitación de acceso e a priorización do acceso peonil ao parque.

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 21/09/2022 19:03:32

Paloma Castro Rey na data 21/09/2022 19:04:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2022 19:04:16



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O concello de Dumbría ten na actualidade 2.927 habitantes (IGE 2021), o que supón que dende o ano 2009, en 13 anos, perdeu 824 habitantes, ou o que é o mesmo, o 22 % da súa poboación. O declive demográfico é unha realidade en todos os concellos galegos, pero nos que conforman a Costa da Morte esta evolución foi moito máis acusada debido, fundamentalmente, á falla de aposta do Goberno galego por mellorar as comunicacións, a inexistencia de políticas de vivenda e o desmantelamento dos servizos públicos, nomeadamente a sanidade e a educación; o que supón un freo para o asentamento poboacional ao non contar con condicións que favorezan o desenvolvemento do propio proxecto vital.

Neste concello hai un CEIP Plurilingüe, Santa Eulalia de Dumbría, que segundo consta no proxecto educativo do centro, publicado na páxina *web* da Consellería de Educación, contaba para o curso 2021-2022 cun cadro de 10 profesores/as: 4 titores/as que atenden os cursos de infantil 3,4 e 5 anos, así como os de 1º e 2º, 3º e 4º e 5º e 6º de primaria; un mestre de educación física, unha mestra de Pedagogía Terapéutica, unha mestra de Audición e Linguaxe, un mestre de lingua estranxeira e unha orientadora.

Para o curso 2022-2023, unha vez publicada a resolución definitiva de adxudicación de destinos do corpo de mestres de educación primaria, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades reduce á metade o docente de Pedagogía Terapéutica e establece outro docente en itinerancia compartida con outro centro.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que reverta as medidas adoptadas, adxudicando as prazas de Pedagogía Terapéutica e a de docente itinerante a tempo completo para o CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría.

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/09/2022 18:57:54

Noelia Otero Lago na data 21/09/2022 18:58:12

Noa Susana Díaz Varela na data 21/09/2022 18:58:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2022 18:58:40



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Gonzalo Caballero Miguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia anunciou en abril de 2020 a implantación da gratuidade das escolas infantís para os segundos fillos e sucesivos e en outubro de 2021, no debate sobre o Estado da Autonomía, o ex presidente Feijóo anunciou que esta gratuidade se ampliaría a todas as familias a partir do próximo curso 2022-2023, que cifraba nunhas 30.000 familias, e que a Xunta de Galicia destinaría 30 millóns de euros en pagar esta gratuidade nas escolas da súa titularidade, nas municipais e nas concertadas.

No Diario Oficial de Galicia do mércores 22 de xuño de 2022 a Consellería de Política Social e Xuventude publicou a Orde do 20 de xuño de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2022/23, cun orzamento total para o curso 2022-2023 de 41.470.940€ e no artigo 4 establécense os tipos de axuda e a contía, que no punto 1 recolle literalmente:

“1. A convocatoria comprende unha liña de axudas destinada a compensar a aplicación da bonificación do 100 % do prezo da atención educativa na contía do prezo mensual que lle corresponda aboar á familia, segundo as tarifas establecidas polas horas de asistencia do neno ou nena, ata un máximo de 306 euros/mes por praza a xornada completa, excluído o mes de vacacións do neno ou nena”.

Posteriormente, no Diario Oficial de Galicia do 3 de agosto de 2022 a Consellería de Política Social e Xuventude publica a Orde do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23, cun orzamento total de 10.591.031€ para o curso 2022-2023 e no artigo 4 recolle o tipo de axuda e a contía, que no seu apartado 4 establece literalmente:

“4. A liña 2, destinada a compensar estes centros pola aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da matrícula, de ser o caso, dos nenos/as que asisten á escola infantil.



As axudas pola aplicación da bonificación do 100% do prezo da atención educativa estableceranse en función do número de prazas efectivamente ocupadas e terán unha contía equivalente á do prezo mensual que lle correspondería aboar á familia nunha praza pública segundo o previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, e durante un máximo de 11 mensualidades.

As axudas pola aplicación da bonificación do 100 % do prezo da matrícula será o equivalente ao recollido na correspondente ordenanza fiscal aplicable para o curso 2021/22, sen que en ningún caso poida superar os 100 euros.

Para os efectos do previsto nos parágrafos anteriores, durante todo o período subvencionable a entidade entregaralles ás familias os xustificantes mensuais de pagamento en que conste o número de horas ao día de asistencia e o importe que lles correspondería aboar, coa lenda de prezo bonificado 100 % pola Xunta de Galicia”.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Incluír na gratuidade das escolas de 0 a 3 anos o importe pagado polo concellos galegos.

2º) Asumir a totalidade dos custes das escolas infantís de Galicia que seguen mantendo os concellos?

3º) Elaborar, antes de que remate este ano 2022, un estudo sobre a totalidade dos custos de cada unha das escolas infantís de 0 a 3 anos e o financiamento que reciben de cada administración, dando traslado ao Parlamento de Galicia.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/09/2022 10:41:17

Marina Ortega Otero na data 22/09/2022 10:41:36





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 10:43:16
Nº Rexistro: 41648
Data envío: 22/09/2022 10:43:16.382

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/09/2022 10:41:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2022 10:42:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos tempo denunciando a situación que se está a vivir no PAC de A Parda en Pontevedra, un centro sanitario que presta servizo ao Concello de Pontevedra e 8 municipios máis da contorna.

Un centro que por volume de usuarios/as tería que contar con 10 profesionais médicos pero que no cadro de persoal unicamente ten 8 médicos adscritos (un deles sen cubrir dende case un ano)

Neste centro polo tanto prestan servizo 7 médicos (5 fixos e 2 interinos) pero este verán debido ao colapso existente nos centros de atención primaria desta área sanitaria incumpríuse de forma reiterada o plan funcional e deixáronse sen cubrir por mor de incidencias as horas asignadas a este centro.

A situación, que xa denunciámos no seu día foi caótica, nunha quenda que debería estar cuberta por 3 médicos de tarde e 2 de noite quedou na maioría das ocasións un só profesional para facer asistencia e domicilio, o que provocou que permanecera sen médico o centro durante horas.

Esta situación ademais dunha desatención á cidadanía está a supoñer un estrés e esgotamento para o persoal sanitario, atopándose 2 profesionais xa de baixa por este motivo que presumiblemente non serán os últimos, xa que é imposible soportar de forma continua estas quendas, atendendo a ese volume de poboación e saíndo a atender domicilios sen descanso.

A política sanitaria da Xunta de Galicia durante todos estes anos está a provocar en todo o territorio galego unha gravísima situación de colapso.



Dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos moito tempo denunciando por unha banda este trato aos profesionais da sanidade pública por parte da Xunta de Galicia e por outra a ausencia dunha Atención Primaria potente, de calidade e universal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cubrir a praza de médico adscrito ao centro que leva vacante oito meses.
2. Garantir a cobertura de 3 médicos na quenda de tarde e dous na de noite, necesarios para prestar un servizo sanitario de calidade ás persoas usuarias deste centro e un nivel de traballo non abusivo para estes profesionais.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 11:06:50

Julio Torrado Quintela na data 22/09/2022 11:07:03

Marina Ortega Otero na data 22/09/2022 11:07:12





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 11:12:09
Nº Rexistro: 41650
Data envío: 22/09/2022 11:12:09.922

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2022 11:07:22

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-SIK2A5mY-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Marina Ortega Otero e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Hai tempo que a Comisión Europea comunicou que Galicia ten 41 puntos eutróficos ou hipertróficos sen designar como zonas vulnerables, uns datos que podemos observar no informe elaborado polo Ministerio de Transición Ecolóxica sobre contaminación da auga por nitratos entre os anos 2016 e 2019.

Este documento di que Galicia e Cataluña son as comunidades con máis contaminación nas augas derivada dos residuos gandeiros, unha situación derivada das políticas de abandono das terras agrarias por parte do Goberno do Partido Popular en Galicia.

O curioso é que mentres Cataluña foi actualizando e adecuando os seus programas, a Xunta de Galicia segue sen tomar medidas efectivas para poñerlle freo a esta situación, sen aumentar a base territorial das explotacións existentes, sen impulsar unha mellor xestión dos xurros, sen limitar o número de explotacións que se instalan e sen declarar ningunha zona vulnerable a pesar de rexistrar os maiores excedentes netos de nitróxeno por hectárea derivados da actividade gandeira no conxunto do estado.

Chegaron ata o punto de argumentar en outubro de 2019 que ningún punto de mostraxe das augas subterráneas da Limia reflectía valores medios anuais superiores a 50 miligramos de nitratos por litro de auga, que é o límite máximo, cando a propia Confederación Hidrográfica Miño-Sil tiña detectados incumprimentos nun 24 % dos puntos de mostraxe. O Goberno da Xunta de Galicia dicía que se observaba unha evolución positiva nos últimos anos, o cal facía innecesaria a súa inclusión neste listado de zonas vulnerables ao ter unha tendencia á baixa e que no caso de que se determinara esa concentración de nitratos, a Xunta procedería a definir estas zonas como vulnerables, con períodos de prohibición de fertilizantes, con controis sobre as fosas de xurros e cun seguimento do código galego de boas prácticas agrarias.

Preocupados polo estado das nosas augas, o Goberno de España aprobaba un Real decreto para reducir a contaminación por nitratos e reforzar a protección das masas de auga máis vulnerables que é clave para reducir os problemas deste tipo de contaminación nas masas de auga e alcanzar os obxectivos ambientais



sinalados pola lexislación nacional, fixados a través dos plans de conca e a Unión Europea.

Este RD establece criterios máis ambiciosos que os actuais para identificar mellor as augas afectadas por nitratos e determina limiares máis esixentes para a declaración de augas afectadas e, consecuentemente, para a designación de zonas vulnerables.

A aplicación da nova norma implica un incremento de ata o 50 % da superficie das zonas protexidas que se identificaron como vulnerables a este tipo de contaminación e sobre elas desenvolveranse programas de actuación máis esixentes, incluíndo limitacións específicas sobre fertilización vinculadas ás que se regulen na planificación hidrolóxica.

A normativa tamén incrementa significativamente a densidade de estacións de control e aumenta o número e frecuencia das mostraxes nas augas para analizar o seu contido en nitróxeno e outros contaminantes asociados así mesmo, establece medidas adicionais e accións reforzadas para reverter a contaminación existente.

Ademais, asúmese o compromiso de facer pública toda esa información para que poida ser utilizada polos gandeiros e agricultores para axustar as súas pautas de fertilización. Desta forma, esíxese a preparación dun informe cuatrienal que analice a eficacia das medidas que se contemplan, que se remitirá á súa vez á Comisión Europea.

A norma tamén establece as responsabilidades que corresponden ás distintas administracións públicas co fin de conseguir unha implementación coordinada de todas as medidas, en concreto, fíxanse as obrigas que deberán asumir as autoridades da auga e as comunidades autónomas, que ostentan as competencias específicas en agricultura, gandería e a xestión e a protección do medio ambiente no seu territorio.

As comunidades autónomas, ademais de elaborar e velar polo cumprimento dos programas de actuación nas zonas declaradas como vulnerables, elaborarán códigos de boas prácticas agrarias que os agricultores aplicarán obrigatoriamente nas zonas vulnerables, co fin de reducir a contaminación producida polos nitratos de orixe agraria. Entre outras cuestións, estes códigos deberán recoller os períodos en que non é conveniente aplicar fertilizantes ás terras, as condicións da súa aplicación en terras próximas a cursos de auga e os requisitos necesarios que aseguren que os xurros e abonos en xeral non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medio ambiente.



Este mapa de contaminación por nitratos publicouse no mes de maio deste ano, nel establécense tres masas de augas superficiais situadas nos ríos Limia en Porto Alto e no Nocado en Rebordechá, as dúas no concello de Xinzo, e na canle da Lagoa en Vilar de Santos. Sinala mesmamente dúas masas de augas subterráneas en San Pedro de Laroá no concello de Xinzo e Cardeita no concello de Sandiás e sinala dous puntos no pantano das Conchas, un no curso do río Limia, máis ou menos á altura de Güimil e outro na zona de Porto Quintela e Mugueimes. Pese a isto seguimos sen saber que pensa facer a Xunta de Galicia para poñerlle fin á falla de xestión dos xurros, á falla de xestión en instrumentos que aumenten a base territorial das explotacións, que van facer para poñerlle cabeza á planificación das explotacións de intensivo que debe ter cada zona, onde está ese plan estratéxico da Limia e en que consiste ou se van a seguir agochándose detrás do Estado para non facer nada.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a tomar medidas urxentes para loitar contra a contaminación das augas da comarca da Limia designadas no mapa por contaminación por nitratos publicado no mes de maio.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 22/09/2022 11:15:57

Marina Ortega Otero na data 22/09/2022 11:16:14

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/09/2022 11:16:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2022 11:16:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Ramón Fernández Alfonso** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, instando o Goberno galego a tomar medidas para a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após a entrada en vigor do novo Plan de Transporte da Xunta de Galiza, as comarcas de Ferrolterra e As Mariñas na súa conexión coa cidade da Coruña e o seu percorrido entre os concellos das comarcas, víronse agravadas por una precarización e devaluación na calidade do servizo, tal e como veñen denunciando os usuarios e usuarias do transporte por estrada.

Moitas foron as queixas emitidas e recibidas polo mal funcionamento deste servizo, mentres a Xunta de Galiza e a empresa concesionaria foron aplicando parches a modo de solución parcial, que non foron ben recibidas nin avaliadas polos usuarios e usuarias.

Decisións como a tomada a comezos do ano 2022, de reforzar o servizo realizado pola AP-9 non foi suficiente, e precarizou aínda máis os servizos que se fan por estrada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Actualmente, esta situación viuse agravada após o comezo de curso e a aplicación das distintas bonificacións ao servizo, cun servizo xa deficiente que fixo aínda máis visíbeis os problemas nesta liña.

Os usuarios e usuarias levan tempo denunciando os atrasos, os autobuses que non pasan polos itinerarios marcados, os servizos que se deixan de facer intermitentemente e sen aviso, o mal estado de moitos dos vehículos e os reiterados incumprimentos de contrato pola empresa concesionaria desta liña.

Moitas tamén foron as queixas e denuncias en material laboral e de incumprimentos contractuais, tales como os que teñen que ver coas modalidades contractuais e as condicións nas que operan as traballadoras e traballadores, o incumprimento manifesto dos tempos de resposta estipulados na oferta da empresa, a non existencia das bases e servizos que estas deben ofertar, e unha longa lista de deficiencias e incumprimentos que se foron denunciando nos últimos tempos.

Se o obxectivo é o fomento do transporte público, o que está a acontecer nesta liña vai no sentido contrario, xa que un servizo que presenta estas eivas e deficiencias non pode ser percibido como útil polo conxunto da cidadanía.

É obriga das institucións públicas fomentar o uso do transporte público en todos os eidos, e quen faga uso do servizo para ir ao traballo, ir a aulas ou a atender calquera tipo de xestión ou cita médica, debe ter a certeza de que pode usar o transporte público, que vai estar á súa hora, que vai ter prazas suficientes e que viaxa cunhas medidas de seguridade axeitadas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a atender as demandas das persoas afectadas polas deficiencias e incumprimentos que amosa a liña XG871, dotando ao servizo dunha maior calidade e velar polo cumprimento rigoroso das condicións da concesión.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Ramón Fernández Alfonzo
Mercedes Queixas Zas
Deputados e deputada do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/09/2022 16:30:32

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2022 16:30:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/09/2022 16:30:45

Paulo Ríos Santomé na data 22/09/2022 16:30:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de outubro de 2020 o Pleno do parlamento galego aprobou por unanimidade unha proposición non de lei, transaccionada por todos os grupos a partir dunha iniciativa do BNG, na que se demandaba que o goberno galego colaborase coas demais institucións na recuperación das estatuas de Abraham e Isaac atribuídas ao Mestre Mateo, así como a constitución dun grupo de traballo entre a Xunta e o Concello de Santiago.

No mes de novembro de 2020 iniciáronse os traballos da comisión de persoas expertas para a recuperación das esculturas, sen que até o momento de fixese pública ningunha información ao respecto.

Recentemente, o Estado presentou unha demanda sobre a propiedade dos bens do Pazo de Meirás, na que non se inclúe a reclamación das citadas esculturas, que están depositadas no interior do BIC.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a informar aos grupos parlamentares sobre as iniciativas desenvolvidas en relación coa recuperación das esculturas de Abraham e Isaac, e a trasladar ao parlamento as conclusións da comisión de persoas expertas creadas ao efecto.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/09/2022 17:01:43

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2022 17:01:52

Xosé Luis Bará Torres na data 22/09/2022 17:02:02



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Pedro Puy Fraga, Paula Prado del Rio, Alberto Pazos Couñago, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López, Felisa Rodríguez Carrera, Jose Antonio Armada Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, Elena Candia López, Jose Luís Ferro Iglesias, José Manuel Balseiro Orol e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de incorporar achegas de interese especial para Galicia ao programa de traballo da Presidencia española do Consello da Unión Europea (UE).

Exposición de motivos

No segundo semestre de 2023, España ocupará a presidencia rotatoria do Consello da UE. Trátase dunha valiosa oportunidade para que o Goberno impulse os dossiers legislativos e non legislativos de especial interese para Galicia e o resto de España.

Por desgracia, e atendendo ao calendario electoral, existe o risco de que Goberno teña a tentación de desnaturalizar esta circunstancia, primando o electoralismo sobre a defensa dos intereses nacionais.

Historicamente, os presidentes socialistas aferráronse ás presidencias españolas do Consello da UE como táboas de salvación para rescatar a gobernos en horas baixas, buscando unha lexitimación externa da que carecían a nivel interno. Así ocorreu con Felipe González en 1995 e con José Luis Rodríguez Zapatero en 2010.

Todo apunta a que, no segundo semestre de 2023, e por terceira vez, un goberno socialista en crise tratará de converter a presidencia española da UE nunha plataforma propagandística orientada ás seguintes eleccións.

O PP de Galicia, como partido de Goberno e partido de Estado, é plenamente consciente de que a presidencia española da UE no segundo semestre de 2023 é unha gran oportunidade para que España coloque na axenda política da Unión asuntos do seu interese e impulse os dossiers que considere prioritarios. É por tanto unha empresa de país, que vai máis aló das cores políticas do Goberno en cuestión.



Tras o último Debate del Estado de la Nación, o venres 15 de xullo, o Congreso de los Diputados aprobou unha proposta de resolución presentada polo Grupo Popular na que se pedía, entre outros puntos, “impulsar el papel de España en la UE, especialmente a través de una agenda ambiciosa con ocasión de la presidencia española de la Unión que contemple entre otras medidas el reforzamiento del Estado de Derecho con la reforma de la Euroorden, la adaptación de los procedimientos internos de la Comisión que permitan agilizar la incorporación de Ucrania a la UE y el pleno desarrollo de una política común de seguridad y defensa.”

Ademais, a celebración en A Coruña do cumio hispano-alemán os días 4 e 5 de outubro é tamén unha gran oportunidade para que a principal economía da Unión Europea coñeza de primeira man os intereses e as demandas de Galicia.

Neste contexto, o Grupo Parlamentario Popular presenta unha serie de demandas de especial interese galego en materia europea, para que o Goberno de España as inclúa na súa axenda lexislativa, as aborde co Goberno alemán en A Coruña e as incorpore no seu programa de prioridades para a presidencia española do Consello da UE. O noso obxectivo é acadar un gran acordo entre as forzas parlamentarias e consensuar unha posición común.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central que incorpore, na súa axenda de cuestións a tratar co Goberno alemán na Coruña e no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da UE de 2023, os seguintes elementos de especial interese para Galicia:

1. Fondos europeos. Asegurar unha xestión e execución eficaces dos fondos *Next Generation EU*, de xeito que cheguen ao tecido produtivo galego, especialmente as PEMES.
 - a) Reorientar o deseño e a xestión dos fondos europeos de recuperación *Next Generation EU*, como xa se propuxo recentemente no Plan Económico que o Presidente do PP remitiu ao Goberno.
 - b) Confirmar a inclusión nos PERTEs correspondentes, ou calquera outra fórmula de apoio efectivo aos proxectos estratéxicos que Galicia ten trasladado ao Goberno central en diversas ocasións, dado o seu potencial transformador e o seu elevado impacto no emprego e ao seu aliñamento coas principais temáticas do *Next Generation EU*.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



- c) En particular, acadar a participación no PERTE do Vehículo Eléctrico e Conectado, ou de calquera outra fórmula de axuda, do alto potencial de Galicia na industria automobilística e do seu principal produtor, Stellantis, que lidera desde o centro de Balaídos en Vigo a fabricación de vehículos en España.
2. Pesca. Reorientar as normas europeas para asegurar a sustentabilidade social, económica e medioambiental da cadea mar-industria galega.
- a) Promover unha reforma da Política Pesqueira Común (PPC), en liña co ditame aprobado recentemente polo Consello Galego da Pesca, para adaptar a PPC ás necesidades das comunidades costeiras europeas e aos novos retos globais, en concordancia das normas con ela conexas, como é o Regulamento de Control que se está a debater para a súa modificación.
- b) Garantir a seguridade xurídica na planificación territorial da cadea mar-industria, en aplicación da Directiva de Ordenación do Espazo Marítimo, a Carta de Dereitos Fundamentais da UE e as Orientacións da Comisión Europea e o Consello en materia de acuicultura.
- c) Cumprir na UE cos principios do *Manifesto en defensa da pesca, o marisqueo, a acuicultura e a cadea mar-industria europeas*, subscrito o pasado 5 de xullo pola Xunta de Galicia e as entidades máis importantes da industria pesqueira galega rexeitando que a Comisión Europea avance de maneira unilateral na prohibición da pesca de fondo en augas europeas.
3. Medio Rural. Adaptar as normas europeas sobre agricultura, gandería e montes á realidade de Galicia.
- a) Asegurar que a Política Agraria Común e o Plan Estratéxico Nacional inclúan e respecten as particularidades do medio rural galego.
- b) Que a UE estableza criterios homoxéneos a nivel supranacional para compatibilizar de xeito adecuado a conservación do lobo coa actividade agrogandeira no medio rural e co mantemento da biodiversidade.
- c) Acadar o apoio da Comisión Europea e financiación para o futuro Centro Integral de Loita contra o Lume na localidade ourensá de Toén, que se converterá nun auténtico campus forestal de ámbito internacional e será unha referencia en materia formativa para bombeiros de toda Europa.



4. Cultura. Promover o fenómeno xacobeo na Unión Europea como parte da Nova Axenda Europea para a Cultura e a Estratexia da UE para as Relacións Culturais Internacionais:
- a) Impulsar a sinalización dos Camiños de Santiago e outras rutas culturais de maneira homoxénea en toda a UE, co obxectivo de incrementar a súa visibilidade e a súa presenza.
 - b) Que o logo da presidencia española da UE sexa alusivo aos Camiños de Santiago, que son tamén Camiños de Europa.
 - c) Que o “flagship cultural project” (“proxecto cultural destacado”) da presidencia española estea relacionado cos Camiños de Santiago.
 - d) Que se instale en Santiago de Compostela unha “Casa Europa” do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, seguindo a senda da Casa América en Madrid, a Casa Asia en Barcelona e a Casa África en Canarias.
5. Enerxía. Apostar por un modelo de transición enerxética ordenada, garantista, sustentable e respectuoso co medio ambiente, que permita achegar a familias, pemes e industria un prezo competitivo.
- a) Que o Goberno aprobe un marco regulatorio competitivo e, en particular, acelere a aprobación e desenvolvemento do PERTE de descarbonización orientado á industria intensiva en enerxía, de xeito que se poida beneficiar dos fondos *Next Generation EU*; que oferte a enerxía do RECORE (Renovables, coxeneración e residuos) a un prezo regulado; que exonere o 80% das peaxes da enerxía e que active o servizo substitutivo das poxas de interrumpibilidade.
 - b) Que se alcance un acordo coa UE para a concesión de axudas estatais e mecanismos de compensación para evitar o peche e a deslocalización de empresas.
 - c) Cimentar Galicia como *hub* gasístico en Europa coa reconversión nun *hub* de hidróxeno a medio prazo. Garantir o financiamento europeo para as interconexións enerxéticas.



6. Transportes. Aproveitar ao máximo os fondos europeos dispoñibles para impulsar as sinerxías entre Galicia e Portugal co fin de poder reforzar a competitividade.
 - a) Completar o antes posible a conexión ferroviaria de Galicia co Norte de Portugal.
 - b) Que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana impulse canto antes a saída Sur de Vigo, que aínda segue en estudo de alternativas e sen planificación orzamentaria para a súa execución.
7. Demografía e despoboamento. Integrar a demografía e o despoboamento nos distintos programas de financiamento da Unión Europea.
 - a) Dar continuidade aos traballos desenvolvidos pola Vicepresidenta da Comisión Europea para Democracia e Demografía, a popular croata Dubravka Šuica (Libro Verde sobre Envellecemento, Atlas da Demografía, Informe sobre o Impacto do Cambio Demográfico na Unión).
 - b) Converter o despoboamento rural nunha emerxencia de ámbito europeo, en liña coas propostas da Visión a longo prazo para as zonas rurais da Comisión Europea, e incorporar beneficios automáticos na concesión de fondos europeos para as rexións despoboadas.
 - c) Que se adopte o antes posible o novo Acordo de Asociación do FEDER, incorporando o plan de acción en materia de demografía ao que fai referencia o considerando 43 do Regulamento do FEDER.
 - d) En cumprimento do Regulamento 2021/1060, de Disposicións Comúns aos fondos europeos, que tanto os Acordos de Asociación coma os Programas Operativos que conclúa o Goberno incorporen un enfoque integrado para abordar os retos demográficos.
8. Política exterior. Reforzar a protección consular dos europeos en terceiros países.
 - a) Que as Delegacións da UE exerzan unha maior presión política ante os Gobernos estranxeiros en casos de emerxencia consular, coma por exemplo, no caso do terrible asasinato no coruñés Diego Bello en Filipinas, o tráxico afundimento do *Villa de Pitaxo* en Terranova ou o recente sinistro do *Albacora Cuatro* en Seychelles.
9. Relacións con América.



- a) Impulsar a firma e ratificación dos novos acordos comerciais entre a UE e Iberomérica (Mercosur, México e Chile), que beneficiarían especialmente ás pemes galegas.
- b) Estudar un programa de intercambio académico entre universidades europeas, latinoamericanas e estadounidenses (“Erasmus transatlántico”).
- c) Reforzar o compromiso coas liberdades nas ditaduras iberoamericanas de Venezuela, Cuba e Nicaragua, esixindo unha posición europea máis clara en apoio da causa democrática.

10. Defensa. Velar por que a renovada importancia da política europea de defensa beneficie a Galicia.

- a) Reforzar o papel da Unión como provedor de seguridade marítima internacional.
- b) Insistir na necesidade de que os Estados membros marítimos reforcen as súas capacidades navais militares.
- c) Que, entre os proxectos aprobados pola UE no marco da chamada “cooperación estruturada permanente no eido da defensa” (PESCO), e entre eles o desenvolvemento dun proxecto de patrulleiro europeo oceánico, inclúan alomenos un Buque de Acción Marítima (BAM) nos asteiros de Navantia na ría de Ferrol”.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/09/2022 13:25:44

Paula Prado del Río na data 23/09/2022 13:26:44

José Alberto Pazos Couñago na data 23/09/2022 13:27:04

José Manuel Rey Varela na data 23/09/2022 13:27:18

María Sol Díaz Mouteira na data 23/09/2022 13:27:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Ana Belén García Vidal na data 23/09/2022 13:27:51

Noelia Pérez López na data 23/09/2022 13:28:05

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/09/2022 13:28:20

José Antonio Armada Pérez na data 23/09/2022 13:28:36

Marta Nóvoa Iglesias na data 23/09/2022 13:28:53

Teresa Egerique Mosquera na data 23/09/2022 13:29:11

María Elena Candia López na data 23/09/2022 13:29:28

José Luis Ferro Iglesias na data 23/09/2022 13:29:49

José Manuel Balseiro Orol na data 23/09/2022 13:30:04

Raquel Arias Rodríguez na data 23/09/2022 13:30:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Neste inicio de curso escolar estamos a recoller numerosas incidencias no transporte escolar por parte de concellos e comunidades educativas con escritos informando e trasladando queixas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e á empresa de transporte Monbus, logo de constatar que o servizo non cubriu os traxectos establecidos como está estipulado, deixando a varios e varias estudantes nas paradas sen posibilidade de desprazarse ata o instituto.

É o caso do que viviron alumnos e alumnas do IES de Poio por exemplo no primeiro día de curso con fallos que obrigaron a moitos proxenitores para achegar aos nenos ao centro tras deixar aos nenos e nenas tiradas nas paradas porque Monbus non cubriu os traxectos establecidos como está estipulado. Tamén na área de Compostela tal e como dende o Grupo Parlamentario Socialista denunciámos o curso pasado neste Parlamento, producíronse incidencias no incumprimento de horarios que non se respectan, autobuses que non chegan nunca ás paradas e mesmo emprego de VTC en vez dos vehículos obrigados por contrato.

Na Baña, a ruta chegou tarde e con moitos rapaces e prazas de pé xa que o autobús que enviaron era de 20 prazas e desa liña fan uso cando menos 30 menores. En Dodro o autobús que leva os escolares a Padrón chegou tarde. No Pino a liña de Monbus Lugo-Santiago que utilizan os e as estudantes para ir aos institutos (bacharelato e FP) de Santiago fixo a ruta cunha hora de atraso.

Por outra banda, as asociacións de nais e pais agrupadas na Confederación ANPA galegas solicitaron a comezos do pasado mes de marzo unha xuntanza co secretario xeral técnico da Consellería de Educación, para abordar e insistir na situación de desigualdade que padecen moitos os alumnos e alumnas de Bacharelato e FP que estudan nunha localidade diferente á da súa residencia.



Estes estudantes non teñen dereito a transporte escolar gratis, xa que estudan nunha etapa non obrigatoria e sofren así unha discriminación que afecta fundamentalmente ao alumnado das zonas rurais. As e os estudantes caso de que teñan a sorte de contar con transporte escolar na súa zona e de dispoñer de prazas libres poden collelo, pero se non se dá o caso, como acontece en moitas ocasións, teñen que coller e pagar autobuses interurbanos para poder desprazarse ao centro de ensino correspondente e sempre no caso de que existan esas conexións. Tal e como veñen denunciando nais, pais, estudantes e a propia comunidade educativa, este problema de vertebración do territorio e do ensino que padecen dende hai moito tempo se está a agravar, especialmente para a mocidade rural. A obriga do goberno da Xunta de Galicia é a de garantir que todas as nenas e nenos da comunidade teñan os mesmos servizos, oportunidades e condicións de igualdade, algo que non acontece e que á vista da situación nin sequera ten a ben atender. É máis, nos últimos tempos teñen denunciado os recortes no servizo de transporte escolar coa entrada en vigor do novo contrato con Monbus coa eliminación de liñas e a modificación e incumprimento de traxectos e horarios que está a afectar tanto ao ensino obrigatorio como ao alumnado de bacharelato e FP.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo todas as accións necesarias para que as liñas de autobús da empresa Monbus que prestan servizo de transporte ao alumnado galego cumpran horarios, cubran prazas e dean un servizo digno.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Noa Díaz Varela
Eduardo Ojea Arias

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 10:11:16

Patricia Otero Rodríguez na data 16/09/2022 10:11:24

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2022 10:11:37

Eduardo Ojea Arias na data 16/09/2022 10:11:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 10:11:59



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Neste inicio de curso escolar estamos a recoller numerosas incidencias no transporte escolar por parte de concellos e comunidades educativas con escritos informando e trasladando queixas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e á empresa de transporte Monbus, logo de constatar que o servizo non cubriu os traxectos establecidos como está estipulado, deixando a varios e varias estudantes nas paradas sen posibilidade de desprazarse ata o instituto.

É o caso do que viviron alumnos e alumnas do IES de Poio por exemplo no primeiro día de curso con fallos que obrigaron a moitos proxenitores para achegar aos nenos ao centro tras deixar aos nenos e nenas tiradas nas paradas porque Monbus non cubriu os traxectos establecidos como está estipulado. Tamén na área de Compostela tal e como dende o Grupo Parlamentario Socialista denunciámos o curso pasado neste Parlamento, producíronse incidencias no incumprimento de horarios que non se respectan, autobuses que non chegan nunca ás paradas e mesmo emprego de VTC en vez dos vehículos obrigados por contrato.

Na Baña, a ruta chegou tarde e con moitos rapaces e prazas de pé xa que o autobús que enviaron era de 20 prazas e desa liña fan uso cando menos 30 menores. En Dodro o autobús que leva os escolares a Padrón chegou tarde. No Pino a liña de Monbus Lugo-Santiago que utilizan os e as estudantes para ir aos institutos (bacharelato e FP) de Santiago fixo a ruta cunha hora de atraso.

Por outra banda, as asociacións de nais e pais agrupadas na Confederación ANPA galegas solicitaron a comezos do pasado mes de marzo unha xuntanza co secretario xeral técnico da Consellería de Educación, para abordar e insistir na situación de desigualdade que padecen moitos os alumnos e alumnas de Bacharelato e FP que estudan nunha localidade diferente á da súa residencia. Estes estudantes non teñen dereito a transporte escolar gratis, xa que estudan



nunha etapa non obrigatoria e sofren así unha discriminación que afecta fundamentalmente ao alumnado das zonas rurais. As e os estudantes caso de que teñan a sorte de contar con transporte escolar na súa zona e de dispoñer de prazas libres poden collelo, pero se non se dá o caso, como acontece en moitas ocasións, teñen que coller e pagar autobuses interurbanos para poder desprazarse ao centro de ensino correspondente e sempre no caso de que existan esas conexións. Tal e como veñen denunciando nais, pais, estudantes e a propia comunidade educativa, este problema de vertebración do territorio e do ensino que padecen dende hai moito tempo se está a agravar, especialmente para a mocidade rural. A obriga do goberno da Xunta de Galicia é a de garantir que todas as nenas e nenos da comunidade teñan os mesmos servizos, oportunidades e condicións de igualdade, algo que non acontece e que á vista da situación nin sequera ten a ben atender. É máis, nos últimos tempos teñen denunciado os recortes no servizo de transporte escolar coa entrada en vigor do novo contrato con Monbus coa eliminación de liñas e a modificación e incumprimento de traxectos e horarios que está a afectar tanto ao ensino obrigatorio como ao alumnado de bacharelato e FP.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo todas as accións necesarias para que as liñas de autobús da empresa Monbus que prestan servizo de transporte ao alumnado galego cumpran horarios, cubran prazas e dean un servizo digno.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Noa Díaz Varela
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 10:10:05

Patricia Otero Rodríguez na data 16/09/2022 10:10:12

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2022 10:10:27

Eduardo Ojea Arias na data 16/09/2022 10:10:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 10:10:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O pantano das Conchas situado nos concellos de Bande e Muíños leva décadas acumulando contaminación por fósforo e nitratos dos xurros, fertilizantes e residuos das explotacións gandeiras da comarca da Limia, a de maior densidade de granxas de porcos e polos de Galicia. Eses residuos alimentan as cianobacterias causantes desta contaminación, unha situación que unida á falla de osíxeno e auga fresca nas augas do pantano pola calor e a meteoroloxía, unidas á acumulación esaxerada de microalgas, provoca na cabeceira da presa o envelenamento das augas con ácido sulfhídrico que se produce pola descomposición das cianobacterias que se atopan no fondo e que apenas reciben luz.

A propia Comisión Europea xa alertaba desta situación despois do informe elaborado polo Ministerio de Transición Ecolóxica sobre contaminación da auga por nitratos entre os anos 2016 e 2019 que detectaba 41 puntos eutróficos ou hipertróficos sen designar como zonas vulnerables en Galicia e a propia Confederación Hidrográfica do Miño-Sil publicou que nese 2019 tiña detectados incumprimentos por cantidade de nitratos na auga nun 24 % dos puntos de mostraxe.

No mes de maio deste ano o MITECO publicou o mapa de contaminación por nitratos establecendo tres masas de augas superficiais situadas no concello de Xinzo, nos ríos Limia en Porto Alto e no Nocado en Rebordechá e na canle da Lagoa en Vilar de Santos. Sinala tamén dúas masas de augas subterráneas en San Pedro de Laroá no concello de Xinzo e Cardeita no concello de Sandiás e sinala dous puntos no pantano das Conchas, un no curso do río Limia, máis ou menos á altura de Güimil e outro na zona de Porto Quintela e Mugueimes.

Pese aos datos coñecidos, a Xunta de Galicia non tomou ata o día de hoxe ningún tipo de medida preventiva nin paliativa que faga fronte a esta situación e mentres observamos como os medios de comunicación recollían



hai poucas datas a nova de que o Partido Popular nos gobernos do Estado, a Xunta e a Deputación de Ourense, destinaran fondos europeos que deberían de estar destinados a rexenerar o pantano de As Conchas para un complexo acuático recreativo de máis de medio millón de euros.

En 2013, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), baixo o Goberno de Mariano Rajoy, puxo en marcha un proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas. Os obxectivos deste proxecto eran “mellorar a calidade das augas do encoro, compensar a falta de baño con outras zonas adaptadas ao devandito uso, promover actividades lúdicas, culturais e de saúde na contorna fluvial, e (...) a seguridade e a accesibilidade da ribeira”.

Na realidade, o primeiro obxectivo apenas recibiu fondos. A maioría do orzamento, que superaba o millón de euros co IVE, destinouse a construír unha instalación de dúas piscinas e o reacondicionamiento como tales das termas romanas de Porto Quintela, todas no concello de Bande.

Para a recuperación ambiental das augas do pantano só se orzamentaron 30.200 euros. A única actuación destinada a recuperar as augas contaminadas foi instalar unha illa flotante vexetal duns poucos metros cadrados que se supoñía ía filtrar os tóxicos dun lago de 645 hectáreas de superficie e de case 30 millóns de metros cúbicos de auga embalsada.

No mes de xullo deste ano tamén observamos como o Consello de Contas alertaba que se deixara sen executar máis do 40 % do orzamento doutro programa europeo, o Life Rexenera Limia, que pretendía poñer en marcha proxectos piloto de recuperación dos acuíferos que desaugan no río Limia, que á súa vez verte no encoro das Conchas, un programa aprobado en 2014 e que comezou a executarse un ano despois e que estaba dotado cun orzamento de 2,05 millóns de euros financiado esta vez ao 50 % con fondos europeos, no que participaba o Goberno do Estado baixo a presidencia de Rajoy, a Xunta de Galicia presidida por Feijóo e a Deputación de Ourense, baixo mando do actual presidente do PP provincial Manuel Baltar.

Despois de 13 anos de desleixo do goberno do PP na Xunta de Galicia, a situación converteuse en insostible e agora temos un grave problema de saúde pública e na obriga de que se declare a comarca da Limia como zona



vulnerable por nitratos, en cumprimento da Directiva de Nitratos da Unión Europea que obriga aos Estados membros a delimitar as áreas máis sensibles e contaminadas. Unha competencia que é das comunidades autónomas, pero aínda que o 40 % do territorio da UE xa conta coa declaración desa figura protectora, a Xunta aínda non catalogou ningunha zona vulnerable en Galicia a pesar da carga gandeira que soporta o territorio da comunidade o que lle valeu a España a apertura dun expediente de infracción da Comisión Europea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a informar na Cámara sobre o resultado obtido co “Proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas” e o “Programa Life Rexenera Limia”, así como dos cambios na calidade das augas do encoro despois da súa aplicación.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 16/09/2022 10:39:41

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/09/2022 10:40:04

Marina Ortega Otero na data 16/09/2022 10:40:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 10:40:41



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª

O pantano das Conchas situado nos concellos de Bande e Muíños leva décadas acumulando contaminación por fósforo e nitratos dos xurros, fertilizantes e residuos das explotacións gandeiras da comarca da Limia, a de maior densidade de granxas de porcos e polos de Galicia. Eses residuos alimentan as cianobacterias causantes desta contaminación, unha situación que unida á falla de osíxeno e auga fresca nas augas do pantano pola calor e a meteoroloxía, unidas á acumulación esaxerada de microalgas, provoca na cabeceira da presa o envelenamento das augas con ácido sulfhídrico que se produce pola descomposición das cianobacterias que se atopan no fondo e que apenas reciben luz.

A propia Comisión Europea xa alertaba desta situación despois do informe elaborado polo Ministerio de Transición Ecolóxica sobre contaminación da auga por nitratos entre os anos 2016 e 2019 que detectaba 41 puntos eutróficos ou hipertróficos sen designar como zonas vulnerables en Galicia e a propia Confederación Hidrográfica do Miño-Sil publicou que nese 2019 tiña detectados incumprimentos por cantidade de nitratos na auga nun 24 % dos puntos de mostraxe.

No mes de maio deste ano o MITECO publicou o mapa de contaminación por nitratos establecendo tres masas de augas superficiais situadas no concello de Xinzo, nos ríos Limia en Porto Alto e no Nocado en Rebordechá e na canle da Lagoa en Vilar de Santos. Sinala tamén dúas masas de augas subterráneas en San Pedro de Laroá no concello de Xinzo e Cardeita no concello de Sandiás e sinala dous puntos no pantano das Conchas, un no curso do río Limia, máis ou menos á altura de Güimil e outro na zona de Porto Quintela e Mugeimes.

Pese aos datos coñecidos, a Xunta de Galicia non tomou ata o día de hoxe ningún tipo de medida preventiva nin paliativa que faga fronte a esta



situación e mentres observamos como os medios de comunicación recollían hai poucas datas a nova de que o Partido Popular nos gobernos do Estado, a Xunta e a Deputación de Ourense, destinaran fondos europeos que deberían de estar destinados a rexenerar o pantano de As Conchas para un complexo acuático recreativo de máis de medio millón de euros.

En 2013, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), baixo o Goberno de Mariano Rajoy, puxo en marcha un proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas. Os obxectivos deste proxecto eran “mellorar a calidade das augas do encoro, compensar a falta de baño con outras zonas adaptadas ao devandito uso, promover actividades lúdicas, culturais e de saúde na contorna fluvial, e (...) a seguridade e a accesibilidade da ribeira”.

Na realidade, o primeiro obxectivo apenas recibiu fondos. A maioría do orzamento, que superaba o millón de euros co IVE, destinouse a construír unha instalación de dúas piscinas e o reacondicionamiento como tales das termas romanas de Porto Quintela, todas no concello de Bande.

Para a recuperación ambiental das augas do pantano só se orzamentaron 30.200 euros. A única actuación destinada a recuperar as augas contaminadas foi instalar unha illa flotante vexetal duns poucos metros cadrados que se supoñía ía filtrar os tóxicos dun lago de 645 hectáreas de superficie e de case 30 millóns de metros cúbicos de auga embalsada.

No mes de xullo deste ano tamén observamos como o Consello de Contas alertaba que se deixara sen executar máis do 40 % do orzamento doutro programa europeo, o Life Rexenera Limia, que pretendía poñer en marcha proxectos piloto de recuperación dos acuíferos que desaugan no río Limia, que á súa vez verte no encoro das Conchas, un programa aprobado en 2014 e que comezou a executarse un ano despois e que estaba dotado cun orzamento de 2,05 millóns de euros financiado esta vez ao 50 % con fondos europeos, no que participaba o Goberno do Estado baixo a presidencia de Rajoy, a Xunta de Galicia presidida por Feijóo e a Deputación de Ourense, baixo mando do actual presidente do PP provincial Manuel Baltar.

Despois de 13 anos de desleixo do goberno do PP na Xunta de Galicia, a situación converteuse en insostible e agora temos un grave problema de



saúde pública e na obriga de que se declare a comarca da Limia como zona vulnerable por nitratos, en cumprimento da Directiva de Nitratos da Unión Europea que obriga aos Estados membros a delimitar as áreas máis sensibles e contaminadas. Unha competencia que é das comunidades autónomas, pero aínda que o 40 % do territorio da UE xa conta coa declaración desa figura protectora, a Xunta aínda non catalogou ningunha zona vulnerable en Galicia a pesar da carga gandeira que soporta o territorio da comunidade o que lle valeu a España a apertura dun expediente de infracción da Comisión Europea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a informar na Cámara sobre o resultado obtido co “Proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación ambiental da contorna do encoro das Conchas” e o “Programa Life Rexenera Limia”, así como dos cambios na calidade das augas do encoro despois da súa aplicación.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 16/09/2022 10:44:25

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/09/2022 10:44:43

Marina Ortega Otero na data 16/09/2022 10:44:59

Pablo Arangüena Fernández na data 16/09/2022 10:45:15

Paloma Castro Rey na data 16/09/2022 10:45:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 10:45:49



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Os datos publicados nas derradeiras datas por organismos oficiais e unha axencia independente falan dunha debilitade do sector industrial, que perdeu peso relativo, tanto en termos de valor engadido bruto como en termos de perda de empresas. En concreto, nos trece anos de gobernos da Xunta de Galicia presididos por Alberto Núñez Feijóo, a falla de política industrial activa caracterizou un tempo no que desapareceron importantes empresas galegas e no que o sector industrial non conseguiu o desenvolvemento necesario para situarse no 20 % do PIB, tal e como figuraba no documento do Goberno galego chamado Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0 para o período entre os anos 2015 e 2020 e que era a referencia da Comisión Europea para a industria.

A comparación de datos recentes con España amosa a preocupante evolución dalgúns indicadores industriais para Galicia, como por exemplo o Índice de Producción Industrial. Os datos do primeiro cuadrimestre de 2022, falaban da caída dun 6,5 % en relación co mesmo período do exercicio anterior; mentres no total de España subira un 2 %, cunha fenda de máis de 8 puntos entre Galicia e o Estado. Estes datos continúan a ser negativos ata o mes de xuño nos que a produción industrial galega acumula unha caída do 2,9 % en comparación co mesmo período de 2021, mentres que no total do Estado español crece ese mesmo 2,9 %.

Esta tendencia inversa, de crecemento do sector industrial en España mentres se amosa un decrecemento industrial en Galicia, supón unha fonda chamada de atención para a economía galega, na que o peso do VEB industrial xa se reducira previamente, tendo en conta que ata o mes de abril Galicia tiña a maior caída do Estado.

Por outra banda, consultando o informe da consultora especializada D&B, un total de 46 empresas abandonaron Galicia no primeiro trimestre deste ano para asentarse noutros territorios do Estado, unha dinámica que sitúa o país en saldo negativo, xa que marchan máis sociedades das que veñen e isto se se traduce na perda de 26 millóns de euros mensuais. Ao longo de 2021 marcharon de Galicia para domiciliarse noutros territorios 113 empresas e entre 2013 e 2019 marcharon



de Galicia para outras comunidades do Estado español máis de 830 sociedades, que facturaban por valor duns mil millóns de euros.

A crise industrial en Galicia amosa evidencias empíricas en datos como ese, que corroboran a necesidade dunha política industrial activa dende o Goberno da Xunta de Galicia. É evidente que hai sectores e empresas de éxito na economía galega, algunhas novas e outras con décadas de madurez e rodaxe, pero tamén que hai outras en fases complicadas, pero tanto detrás dunhas como noutras subxace a ausencia de política industrial que acompañe o emprendemento nos ámbitos tecnolóxicos, enerxético, estratéxicos e de investimento, entre outros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Desenvolver un plan de acción industrial dentro das competencias propias para abordar os retos do sector e paliar os retrocesos da produción industrial en Galicia e o abandono de sociedades do noso territorio.

2º) Apostar por un modelo de desenvolvemento económico en Galicia que asuma a importancia do sector industrial, tanto para a xeración de valor engadido na economía galega como para o nivel e calidade do emprego, priorizando este mantemento e xeración de emprego.

3º) Definir e activar unha política industrial integral que conxugue perspectiva macro con medidas micro e plans sectoriais, e que poña a capacidade da Xunta de Galicia a disposición das industrias galegas para favorecer o seu futuro.

4º) Incorporar na política industrial galega un firme compromiso coa innovación e a intensidade tecnolóxica, promovendo o incremento do investimento en I+D+i tanto no ámbito público coma no privado.

5º) Que a Consellería de Economía, Industria e Innovación, con toda a estrutura competente da Xunta de Galicia, incluído o Igape, busquen mecanismos para dar solucións a crises actuais de grandes empresas galegas, así como para apoiar a viabilidade e futuro de pequenas e medianas empresas.

6º) Que realice unha planificación estratéxica industrial a medio prazo para que o sector industrial poida chegar a representar o 20 % do PIB galego.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 15/09/2022 12:53:00

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/09/2022 12:53:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2022 12:53:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2022 12:53:47



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Un de cada catro alumnos percibiu o curso pasado que había un caso de acoso escolar na súa clase, fronte ao 15,2 % do curso da pandemia e o 34,1 % de 2019, un fenómeno que ademais está a cambiar: agora o máis frecuente é insultar e poñer motes, mentres baixan as agresións físicas, pero cada vez máis as cometen varias persoas en grupo.

Son conclusións do último Informe anual da Fundación Anar sobre acoso escolar.

Aquí en Galicia, son diversos os estudos e enquisas arredor desta problemática do acoso nas escolas, por citar algún de relevancia temos a “Análise da relación entre acoso escolar, ciberacoso e consumo de substancias” publicado na revista Children and Youth Services Review. Este traballo analizou a relación entre o acoso escolar, o ciberacoso e o consumo de substancias estupefacientes realizado entre mozos de 12 a 17 anos. No estudo utilizouse unha metodoloxía selectiva, aplicando unha enquisa a alumnos de IES de Galicia, e obtendo unha mostra de 3.173 adolescentes de 12 a 17 anos. O estudo foi aprobado polo Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela. Arredor de un de cada tres adolescentes estivo involucrado en casos de acoso escolar e un de cada dez en casos de ciberacoso; un de cada catro xa se emborrachou e fumou a idade temperá e un de cada cinco consumiu cánnabis. Ademais as mozas e mozos involucrados en casos de acoso escolar ou ciberacoso teñen taxas de consumos de risco ata tres veces superiores segundo os datos dun estudo “Análise da relación entre acoso escolar, ciberacoso e consumo de substancias” publicado na revista Children and Youth Services Review que analizou a relación entre o acoso escolar, o ciberacoso e o consumo de substancias estupefacientes realizado entre mozos de 12 a 17 anos. No estudo utilizouse unha metodoloxía selectiva, aplicando unha enquisa a alumnos de IES de Galicia, e obtendo unha mostra de 3.173 adolescentes de 12 a 17 anos. O estudo foi aprobado polo Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela.



Unha das principais conclusións é que o acoso escolar, o ciberacoso, o consumo de drogas e alcohol e outras condutas problemáticas estarían interrelacionadas. Neste traballo desenvolvido polos investigadores Rafael Pichel, Sandra Feijóo, Manuel, Isorna, Jesús Varela e Antonio Rial, destacan que os esforzos de prevención e intervención deben realizarse desde unha idade máis temperá, antes de secundaria, xa que os nenos de 12 anos xa están inmersos no acoso escolar e nos consumos de risco.

Os datos deste estudo reflicten que un de cada tres adolescentes (34,4 %) estivo involucrado en acoso escolar, no caso de ciberacoso o 14,1% das e dos adolescentes.

A conclusión das persoas expertas involucradas no traballo é que o bullying é un problema en aumento e as altas taxas de vitimización atopadas no grupo de idade de 12-13 anos apoian a idea de que o acoso se está estendendo a idades máis novas.

O pasado ano en setembro de 2021 o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, presentou no Consello Galego de Convivencia os principais resultados da macro enquisa de convivencia escolar. Unha mellora que estaría baseada na percepción da comunidade educativa. Neste marco, xa hai máis dun ano no que se anunciaba por parte do conselleiro a nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025. Chegados a un novo comezo de curso sen saber nada arredor desta importante ferramenta cómpre lembrar tamén que este ano tivo lugar a aprobación cun gran consenso da Lei orgánica de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (8/2021, do 4 de xuño, LOPIVI), unha oportunidade para que nenas, nenos e adolescentes que asisten aos centros educativos contén coa maior protección fronte a calquera tipo de violencia en todos os ámbitos da súa vida e que na nosa comunidade nada se sabe da aplicación da Lei que contempla a figura do coordinador de benestar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á posta en marcha de inmediato da nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 11:39:16

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2022 11:39:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 11:39:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Onte mesmo coñecía-se o anuncio da Comisión Europea que o propio comisario de Pesca, Océanos e Medio Ambiente anticipaba xa a finais do pasado 2021 coa escenificación pública do seu apoio á campaña que estaba en marcha naquel momento e que pedía a prohibición da pesca de arrastre.

Punto por punto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.

Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe.

Tamén o Parlamento galego debateu ata en tres ocasións, e aprobou dúas veces por unanimidade, iniciativas de rexeitamento e medidas a levar a cabo para tratar de evitar a prohibición das artes de fondo por parte da UE.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A propia Xunta de Galiza, anunciou publicamente a realización de distintos informes -dos que os distintos Grupos da Cámara non tivemos máis coñecemento que as declaracións da conselleira de Mar en distintos actos e roldas de prensa- que avaliarían o impacto da prohibición das artes de fondo no noso sector pesqueiro e na economía do país.

Nunha resposta do 25 de agosto ás preguntas do BNG do mes de marzo, a Xunta confirma a elaboración deses informes e a súa entrega en Bruxelas, así como o “establecemento de alianzas con aquelas rexións pesqueiras europeas que se verían afectadas polas restricións”.

E foi a mesma Conselleira de Mar quen asegurou, sempre aos medios de comunicación, que, de consumarse a prohibición das artes de fondo, defendería á frota galega pola vía xudicial.

Un acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándoo nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser aterrecedoras, non pode ser aceptado baixo ningún concepto nin polos afectados nin polo Goberno de Galiza, unha das primeiras potencias pesqueiras de Europa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.

. Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da CE.”

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2022 12:11:54

María do Carme González Iglesias na data 16/09/2022 12:11:58

Daniel Castro García na data 16/09/2022 12:12:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 16/09/2022 12:12:12



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Gonzalo Caballero Miguez, Carmen Rodríguez Dacosta, Noelia Otero Lago e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A situación económica e laboral da mocidade galega debe ser unha prioridade na política económica do goberno da Xunta de Galicia. Despois de que Galicia perdesse 100.000 habitantes nos anos de goberno do presidente Feijóo, cómpre apostar polo futuro da mocidade na nosa comunidade.

Sen embargo, Galicia amosa unha taxa de actividade e de emprego da mocidade inferior ao dato nacional, mesturado cunha temporalidade laboral que segue empeorando e roza xa o 60 % e cun salario neto máis baixo que o promedio de España.

Por outra banda, os datos do último informe do Observatorio de Emancipación do Consejo de la Juventud de España, correspondente ao segundo semestre de 2021, poñen de manifesto unha realidade preocupante: as condicións laborais e salariais da mocidade galega están dificultando a súa emancipación á vista dos altos prezos da vivenda.

En concreto, no que atinxe á emancipación das persoas mozas en Galicia, o citado informe revela que só o 15,1 % da xuventude galega residía en 2021 nunha vivenda distinta á do seu fogar de orixe, por baixo da media estatal.

Canto á vivenda, a escasa oferta de vivenda de promoción autonómica xúntase a uns elevados prezos tanto de compra como de aluguer, que chegan, segundo o antedito informe, a supoñer ata un 70 % do salario neto medio das persoas mozas na provincia da Coruña.

Todo isto, nun contexto no que o salario medio en Galicia é un 26,2 % inferior ás retribucións medias dos 27 países da Unión Europea e un 7,5 % máis baixo que a



nivel estatal, segundo os datos que recolle o VIII Monitor Adecco sobre Salarios, elaborado por The Adecco Group Institute.

Neste escenario, cómpre tomar medidas dende a Xunta de Galicia para fomentar as posibilidades económicas e laborais da mocidade galega así como para favorecer a emancipación das persoas mozas en Galicia a través de accións destinadas a mellorar a calidade do emprego e as opcións para acceder á vivenda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver unha política económica que inclúa un paquete de medidas específicas para a mocidade galega coa finalidade de fomentar a xeración de emprego de calidade para a xuventude, favorecer o acceso á vivenda e dar posibilidades de emancipación á mocidade, así como para apoiala de forma efectiva para que poida facer fronte ao escenario de incremento de prezos que existe en Galicia.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Carmen Rodríguez Dacosta
Noelia Otero Lago
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/09/2022 13:09:29

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/09/2022 13:09:39

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 13:09:49





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 13:18:28
Nº Rexistro: 41249
Data envío: 16/09/2022 13:18:28.211

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/09/2022 13:09:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 13:10:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A xestión da COVID supuxo un reto para as administracións no plano sanitario para poder facer fronte a unha ameaza grave e inesperada, que forzou a tomar decisión e reorientar prioridades como nunca tiña ocorrido. Esta xestión asistencial precisou de decisións claras para poder soste economicamente as necesidades, e por tanto foi imprescindible deseñar novos mecanismos financeiros.

Ademais doutras cuestións máis específicas, o goberno de España abriu unha vía de financiación extraordinaria para os gobernos autonómicos destinada a paliar as consecuencias nos distintos campos de xestión. Como era lóxico, o ámbito de maior prioridade nos primeiros tempos da pandemia foi o sistema sanitario, e así o Goberno do Estado asignou a Galicia dous tramos do fondo COVID para sanidade no ano 2020, que tiveron contías de 268 e 150 millóns de euros respectivamente, o que supón un total de 418 millóns para sanidade. Outras contías a maiores foron destinadas para sanidade noutros fondos nese ano, aínda que fosen involucradas nun paquete máis amplo.

Centrando aínda só nos 418 millóns de euros de fondo COVID extraordinario, a Conta Xeral 2020 publicada pola Consellería de Facenda indica que, deses fondos extraordinarios, foron destinados a Sanidade 259 millóns de euros, o que supón apenas un 61 % do total. O resto dos fondos, 4 de cada 10 euros que Galicia recibiu do Estado para os gastos extraordinarios en sanidade, non foron utilizados para iso.

Este enorme desfase entre o que Galicia recibiu para tal fin e o que utilizou para sanidade, que son 158 millóns de euros, supera a estimación xa realizada pola AiREF. Esta entidade independente estimaba que o efecto en Galicia dos



investimentos COVID podíase valorar en torno aos 316 millóns de euros, o que supoñía 100 millóns de euros de desfase que Galicia ingresara pero non investira. A propia conta xeral amplía ese diferencial ata eses 158 millóns de euros que Galicia recibiu para sanidade pero non investiu en sanidade e que perdéronse sen rastro no orzamento da Comunidade Autónoma.

Galicia converteuse así na Comunidade Autónoma de España que maior desfase evidencia entre o recibido e o investido en sanidade fronte á COVID, só despois da desastrosa xestión de Madrid, desperdiciando para este fin máis de 150 millóns de euros que utilizou para outras funcións non clarificadas. Outras comunidades autónomas dedicaron estes fondos extraordinarios de maneira eficiente a sanidade, como Cantabria, Castela a Mancha ou Extremadura que aproximáronse ao 100 %, ou como Baleares ou Valencia que non so utilizaron o 100 % senón que aportaron parte propia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia acordar crear, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos e o procedemento definido para tal fin, unha comisión de investigación sobre a xestión por parte do goberno da Xunta de Galicia dos fondos COVID extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020 e, de maneira específica, sobre as partidas achegadas para sanidade sobre as que a Conta Xeral 2020 amosa un desaxuste entre o recibido e o investido de máis de 150 millóns de euros.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/09/2022 10:12:42

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/09/2022 10:12:51

Marina Ortega Otero na data 19/09/2022 10:13:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/09/2022 10:13:13



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O comezo do curso escolar 2022-2023 está a resultar caótico no que atinxe ao servizo de transporte escolar, coa conseguinte afectación na organización das aulas e a actividade nos centros así como na conciliación das familias.

Os problemas na prestación deste servizo non son novos dende que se adjudicou o novo contrato, algo que o grupo socialista xa tiña denunciado en numerosas ocasións. Mais lonxe de solucionarse de maneira inmediata, o Goberno galego respondía que se trataba de “casos puntuais” que xa foran resoltos.

Á vista do caos no comezo do curso e das denuncias que se espallan por todo o territorio galego por parte dos equipos directivos dos centros escolares e das Anpas, é evidente que non houbo a resposta precisa.

Tampouco a houbo nin a hai nas comarcas do Barbanza, Noia e Muros, onde os problemas se suceden cada día dende que comezou o curso: horarios que non se respectan, autobuses que non chegan nunca ás paradas, emprego de VTC en vez dos vehículos obrigados, nenos e nenas de pé nos traxectos porque os autobuses son de menor capacidade que os usuarios que recollen, etc...

Nestas comarcas exceden o cento de denuncias comunicadas dende os equipos directivos dos centros -aos que se suman comunicados de protesta das anpas, como por exemplo en Ribeira-, así que a Xunta xa non pode poñer como escusa a falla de expedientes de queixa para non actuar.

A maiores, a nova concesión, cuxo contrato leva consigo unha mellora integral do servizo, mantén as mesmas condicións deficitarias de todos os vehículos, mesmo incumprindo a actual normativa, sen que a Xunta de Galicia actúe supervisando o seu estado.

A “normalidade” da que falaba o conselleiro de Educación no inicio deste curso escolar non é mérito do Goberno galego senón do esforzo dos equipos directivos dos centros e de todo o profesorado, que cada vez se ven máis obrigados a facer máis con menos, e do voluntarismo das familias, que recollen os menores nos seus propios vehículos para achegalos aos seus centros diante da falla do transporte público.



O transporte escolar é de máxima importancia para toda a poboación, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. E é ademais e sobre todo un servizo de conciliación. Ao grupo socialista non só nos preocupa que nenos e nenas perdan tempo das súas clases, coa afectación que supón na súa ensinanza e na organización do curso para o profesorado; tamén a inseguridade constante que provocan nas familias e as súas consecuencias no aspecto laboral.

Todo o exposto dá conta do desleixo da Xunta de Galicia na esixencia de cumprimento do contrato de transporte e por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Esixir o cumprimento íntegro do contrato á empresa ou empresas concesionarias do servizo de transporte nas comarcas do Barbanza, Muros e Noia para garantir o normal funcionamento do curso escolar e a conciliación das familias.

2º) Realizar e publicar un informe de inspección das rutas, horarios, paradas e vehículos de que dispón a concesionaria ou concesionarias neses termos municipais.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2022 13:17:04

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 13:17:22



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez, Noelia Otero Lago e Eduardo Ojea Arias, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O comezo do curso escolar 2022-2023 está a resultar caótico no que atinxe ao servizo de transporte escolar, coa conseguinte afectación na organización das aulas e a actividade nos centros así como na conciliación das familias.

Os problemas na prestación deste servizo non son novos dende que se adxudicou o novo contrato, algo que o grupo socialista xa tiña denunciado en numerosas ocasións. Mais lonxe de solucionarse de maneira inmediata, o Goberno galego respondía que se trataba de “casos puntuais” que xa foran resoltos.

Á vista do caos no comezo do curso e das denuncias que se espallan por todo o territorio galego por parte dos equipos directivos dos centros escolares e das Anpas, é evidente que non houbo a resposta precisa.

Tampouco a houbo nin a hai nas comarcas do Barbanza, Noia e Muros, onde os problemas se suceden cada día dende que comezou o curso: horarios que non se respectan, autobuses que non chegan nunca ás paradas, emprego de VTC en vez dos vehículos obrigados, nenos e nenas de pé nos traxectos porque os autobuses son de menor capacidade que os usuarios que recollen, etc...

Nestas comarcas exceden o cento de denuncias comunicadas dende os equipos directivos dos centros -aos que se suman comunicados de protesta das anpas, como por exemplo en Ribeira-, así que a Xunta xa non pode poñer como escusa a falla de expedientes de queixa para non actuar.

A maiores, a nova concesión, cuxo contrato leva consigo unha mellora integral do servizo, mantén as mesmas condicións deficitarias de todos os vehículos, mesmo incumprindo a actual normativa, sen que a Xunta de Galicia actúe supervisando o seu estado.

A “normalidade” da que falaba o conselleiro de Educación no inicio deste curso escolar non é mérito do Goberno galego senón do esforzo dos equipos directivos dos centros e de todo o profesorado, que cada vez se ven máis obrigados a facer máis con menos, e do voluntarismo das familias, que recollen os menores nos



seus propios vehículos para achegalos aos seus centros diante da falla do transporte público.

O transporte escolar é de máxima importancia para toda a poboación, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. E é ademais e sobre todo un servizo de conciliación. Ao grupo socialista non só nos preocupa que nenos e nenas perdan tempo das súas clases, coa afectación que supón na súa ensinanza e na organización do curso para o profesorado; tamén a inseguridade constante que provocan nas familias e as súas consecuencias no aspecto laboral.

Todo o exposto dá conta do desleixo da Xunta de Galicia na esixencia de cumprimento do contrato de transporte e por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Esixir o cumprimento íntegro do contrato á empresa ou empresas concesionarias do servizo de transporte nas comarcas do Barbanza, Muros e Noia para garantir o normal funcionamento do curso escolar e a conciliación das familias.

2º) Realizar e publicar un informe de inspección das rutas, horarios, paradas e vehículos de que dispón a concesionaria ou concesionarias neses termos municipais.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2022 13:15:32

Patricia Otero Rodríguez na data 16/09/2022 13:15:52

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 13:16:09

Eduardo Ojea Arias na data 16/09/2022 13:16:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 13:16:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as actuacións a realizar para subsanar as deficiencias no CEIP Agolada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do CEIP de Agolada leva tempo demandando que por parte da Consellaría de Cultura, Ensino e Ordenación Universitaria se atendan as súas demandas de arranxo de deficiencias no centro.

As obras que demandan son: Mellora do ximnasio (vestiarios, chan, carpintería metálica, tanto porta de acceso como as ventás, illamento e calefacción, xa que consideran que as instalacións non reúnen os requisitos técnicos necesarios para o seu uso polo alumnado coa suficiente garantía. Outra demanda é que se substitúan as ventás interiores do edificio principal do centro escolar, xa que estas abren cara o interior a unha altura que supoñen un risco permanente para @s nen@s e profesorado. Ao mesmo tempo solicitan que se arranxe a sala na que se atopa a caldeira, na que cedeu o terreo e afecta á estrutura e ás columnas, con fendas importantes.

A dirección do CEIP ten enviado en novembro de 2021 escrito ao Xefe Territorial da Consellaría na provincia de Pontevedra, solicitando as melloras, tras acordo do Consello Escolar. Do mesmo xeito desde a ANPA Aquam Latam deste centro téñense dirixido en diversas ocasións tanto ao Xefe Territorial como ao Delegado Territorial sen ter obtido resposta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente a falta de diálogo por parte d@s responsábeis da consellaría de Cultura, Ensino e Ordenación Universitaria na provincia de Pontevedra, que a pesares dos meses transcorridos desde que solicitaron por primeira vez reunións e tentar ter unha interlocución para abordar a situación, sempre se atopan coa calada por resposta. Consideran que as carencias existentes non permiten levar a cabo a actividade escolar con garantías.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a atender as demandas da comunidade educativa do CEIP Agolada e polo tanto que os responsábeis da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Pontevedra procedan a reunirse de inmediato c@s representantes da ANPA e do equipo directivo do CEIP para analizar a situación do centros, realizar unha avaliación de todas as deficiencias detectadas, e establecer unha planificación para darlle solución ás mesmas, con un cronograma e compromiso orzamentario.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/09/2022 10:48:54

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2022 10:49:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Castro García e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a nova licitación das obras de construción do parque acuático no complexo deportivo de Monterrei no concello de O Pereiro de Aguiar en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de agosto de 2021 adxudicouse o que contrato de Obras de construción da primeira fase do parque acuático no Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei no Concello do Pereiro de Aguiar. O contrato, formalizado no mes de setembro, tiña un orzamento de 4.701.920,85 € IVE incluído e un prazo de procedéndose á formalización de 8 meses.

A mediados de xuño de 2022 a Xunta de Galiza, transcorrido abondo o prazo de execución do contrato e no canto de informar a entrada en funcionamento do parque acuático, a Xunta de Galiza anuncia a resolución do contrato. A execución do contrato non só levaba meses paralizada, senón que ate o momento da “retirada” da empresa adxudicataria, o avance nas obras era extraordinariamente lento e xa evidenciaba que ía ser imposible rematar no prazo contratado.

Asemade a intervención simultánea en todo o espazo -tanto o de nova creación como as piscinas que xa estaban en funcionamento – reflicte unha falla de planificación na actuación construtiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo a Xunta de Galiza careceu da máis mínima dilixencia tanto no seguimento da execución da obra e do cumprimento do contrato, como, ante o abandono da obra pola adxudicataria, na resolución do devandito contrato. Tanto é así que aínda meses despois de que fora anunciada a resolución non consta a formalización da mesma.

As consecuencias de tanta negligencia foi que ante o verán coas temperaturas máis elevadas de toda a serie histórica cun grande número de xornadas por riba dos 40º, a cidadanía da comarca de Ourense viuse privada dun dos espazos acuáticos e de lecer de maior capacidade e aforo de toda a contorna.

Actualmente a actuación continúa paralizada, o espazo acuático integramente derruído e o contrato pendente de ser novamente licitado, inactividade que de continuar comprometera o lecer da cidadanía de toda a comarca unha tempada máis.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza á inmediata licitación das obras de construción do parque acuático no Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei no concello do Pereiro de Aguiar en Ourense.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/09/2022 12:18:19

Daniel Castro García na data 19/09/2022 12:18:32

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2022 12:18:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a afectación do actual contexto inflacionista na produción cultural e no acceso á cultura en equidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorren os últimos meses deste 2022 cunha preocupación que segue a callar na sociedade galega: a suba dos prezos de bens tan básicos como o alimentos, aos que hai que sumar a electricidade e os combustíbeis.

O dato máis recente da inflación do mes de agosto reflicte as seguintes conclusións:

- A variación interanual en Galiza se sitúa no 11,00% (cando en xullo era do 11,5%). - Seguimos a ter en Galiza un diferencial coa media estatal que se situou en agosto no 10,5%.

- No que vai de ano Galiza acumula un incremento dos prezos do 6,6% fronte a media estatal do 6,1%.

- A inflación subxacente sitúase no 6,1% en Galiza, o que significa que esta situación inflacionaria non é apenas conxuntural pola subida da enerxía e carburantes, senón que o aumento dos prezos trasladouse ao conxunto de bens e servizos (polo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aumento do custos xeralizados de bens intermedios e o seu traslado a prezos por parte da industria, comercio e servizos).

A cultura galega non permanece allea ás consecuencias desta alza inflacionista tanto desde a perspectiva dos axentes creadores como do conxunto da sociedade consumidora de cultura.

No primeiro caso, a inflación xera un aumento de custes nos procesos creativos das producións culturais e no segundo dificulta, condiciona ou mesmo anula a capacidade de gasto en acceso á cultura para moitas persoas ou núcleos familiares.

A recente aprobación do Plan Estratéxico de Galicia 2030, que parte dunha análise económica do 2019, non contempla actuacións de reforzo compensador dun proceso sumatorio das consecuencias da crise económica anterior de 2010, agravada polas provocadas pola pandemia ao longo de case dous anos e à que agora se suman as propias desta tan incontralada como inasumíbel suba de prezos de bens de primeira necesidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a impulsar unha estratexia de apoio à cultura galega que permita garantir o dereito de acceso á cultura en igualdade e apoiar os sectores e axentes culturais galegos no actual contexto inflacionista.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/09/2022 12:46:17

Daniel Castro García na data 19/09/2022 12:46:28

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/09/2022 12:46:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Noelia Pérez López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Responsabilidade Social Empresarial (RSE) pódese entender como a contribución ao desenvolvemento humano sostible a través do compromiso e a confianza da empresa cara ás súas persoas traballadoras e as familias destas, á fin de camiñar cara unha mellor sociedade e contorna.

O obxectivo principal é que o impacto positivo que causan estas prácticas na Comunidade se traduza nunha maior competitividade e sostenibilidade para as empresas: ser responsable socialmente xera, automaticamente, máis produtividade, porque mellora as condicións para as persoas traballadoras e optimiza a súa eficacia.

A Xunta de Galicia quere avanzar cara unha Galicia igualitaria, responsable, solidaria e competitiva, na que empresas e Administración traballen man a man cara un desenvolvemento sostible, tomando como base a colaboración dos axentes públicos e privados dos grupos de interese.

Por iso, no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, desenvolveuse a Estratexia Galega de RSE 2019-2021, unha ferramenta a través da que se buscaba promover que as empresas galegas se desenvolveran atendendo de forma equilibrada as variables económicas, ambientais, sociais e de bo goberno, así como as demandas dos seus grupos de interese para construír unha Galicia de futuro.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia propón á Cámara o seguinte proposición non de lei:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a presentar, antes de que finalice o ano, a nova Estratexia Galega de Responsabilidade Social Empresarial 2022-2024, co obxectivo de seguir promovendo que as empresas galegas desenvolvan a súa actividade atendendo ao benestar de todas as persoas traballadoras e da sociedade no seu conxunto”.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/09/2022 16:53:23

Paula Prado del Río na data 19/09/2022 16:53:45

María Corina Porro Martínez na data 19/09/2022 16:54:39

Noelia Pérez López na data 19/09/2022 16:54:51

López Sánchez, Rosalía na data 19/09/2022 16:55:13

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 19/09/2022 16:55:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/09/2022 16:55:37

José Alberto Pazos Couñago na data 19/09/2022 16:55:52

María Elena Suárez Sarmiento na data 19/09/2022 16:56:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O artigo 40.2 da Constitución española encomenda aos poderes públicos, como un dos principios reitores da política social e económica, velar pola seguridade e a hixiene no traballo e, polo tanto, desenvolver unha política de protección da saúde das persoas traballadoras mediante a prevención dos riscos derivados do seu traballo, tamén no caso das mulleres embarazadas.

Neste sentido, o artigo 26 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, encaixado no capítulo III de dereitos e obrigas, vela pola protección da maternidade establecendo como deberes, entre outros, o de valorar os procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na saúde das traballadoras ou do feto, ou o de adaptar as súas condicións ou tempo de traballo.

Unha obriga que se cabe é máis inescusable cando se trata de colectivos de traballadoras como o conformado polo sector de axuda a domicilio, pois presenta unha problemática singular.

Por unha banda, é moi difícil avaliar os riscos nos lugares de traballo debido, por exemplo, á inviolabilidade dos domicilios particulares a efectos de seguimento e



control. E, por outra, a adaptación do posto de traballo non se asegura, pois hai que ter en conta que en moitos casos o servizo de atención ás persoas usuarias préstao en exclusiva a profesional do coidado, sen axudas técnicas ou humanas.

En consecuencia, hai traballadoras que se ven abocadas a solicitar a baixa e a correspondente prestación económica por risco durante o embarazo.

A este propósito, o Decreto 295/2009, do 6 de marzo, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, sinala, no artigo 40, que a efectos desta prestación se considera situación protexida aquela na que se encontra a traballadora embarazada durante o período de interrupción da actividade profesional, nos supostos en que o desempeño da mesma inflúa negativamente na súa saúde ou na do feto, e así se certifique polos servizos médicos da entidade xestora ou da mutua colaboradora da Seguridade Social competente. E no artigo 47 regúlase o procedemento para o recoñecemento deste dereito.

Sen embargo, a pesares da normativa, en moitos casos as mulleres traballadoras atópanse con atrancos e impedimentos na tramitación da prestación económica por risco durante o embarazo, así como no seu recoñecemento.

Problemas como, por exemplo, a ausencia dun modelo de solicitude de certificación médica de risco na maioría das mutuas; o retraso no recoñecemento do dereito á prestación por parte das mutuas ou entidades colaboradoras; a non comunicación por escrito da denegación da certificación médica solicitada; etc..

É dicir, ante a non repostada ou a negativa do recoñecemento acaba producíndose unha baixa por enfermidade común das mulleres traballadoras embarazadas, que o único



que perseguen é evitar durante o embarazo os riscos laborais inherentes ao seu posto de traballo, como os relacionados coa carga física, o manexo manual de persoas, a carga mental ou posibles agresións. E a estes súmánselle os riscos que aparecen nos distintos desprazamentos entre os domicilios, as circunstancias da vivenda ou a situación da persoa e a unidade de convivencia na que se presta o servizo.

En definitiva, os riscos laborais para as mulleres embarazadas, transcenden o ámbito privado, polo que protexer a súa saúde e a da súa descendencia, evitando calquera risco, é unha cuestión de máxima importancia social.

Trátase, pois, dun problema xeneralizado que fai necesaria a garantía da protección da maternidade tamén a través da prevención dos riscos laborais avanzando, así, nunha real e efectiva igualdade laboral.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitar que, tendo en conta ás entidades colaboradoras, desenvolva medidas e actuacións que aseguren a protección da maternidade das traballadoras, entre elas: avanzar na tramitación da prestación económica por risco durante o embarazo das profesionais do coidado; garantir que non se solicite a achega de ningún documento non esixido pola normativa aplicable e asegurar que se acorte o tempo da tramitación, todo á fin de resolver dun xeito máis eficaz e áxil as solicitudes de prestación económica por risco durante o embarazo”.



Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Pedro Puy Fraga na data 19/09/2022 16:56:35

Noelia Pérez López na data 19/09/2022 16:56:55

Paula Prado del Río na data 19/09/2022 16:57:11

María Corina Porro Martínez na data 19/09/2022 16:57:30

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/09/2022 16:57:48

José Alberto Pazos Couñago na data 19/09/2022 16:58:05

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 19/09/2022 16:58:20

López Sánchez, Rosalía na data 19/09/2022 16:58:34

María Elena Suárez Sarmiento na data 19/09/2022 16:58:48



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez, Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O actual Plan galego de financiamento universitario galego abrangue ata 2026. Pero o escenario de dificultades pola suba de prezos derivada da invasión de Ucraína por parte de Rusia e da consecuente crise enerxética constitúe un reto non só para as familias e empresas galegas, especialmente cando a inflación é máis alta en Galicia que en España, senón tamén para as universidades públicas galegas e o seu estudantado.

Na apertura do curso oficial do Sistema Universitario Galego, o propio reitor da USC, falando en representación dos reitores das tres universidades públicas galegas, chamou a atención sobre as dificultades que están sufrindo estas institucións académicas para enfrontar a alza dos custes. A inflación nos gastos correntes das universidades e os maiores custes no persoal investigador foron apuntados polo reitor da USC como determinantes dunha maior dificultade financeira nas universidades.

O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle no seu artigo 31 que a ensinanza é unha competencia plena de Galicia en todos os niveis e graos, de xeito que á Xunta de Galicia correspóndelle tomar medidas que contribúan a que o Sistema Universitario de Galicia (SUG) poida facer fronte ás novas circunstancias existentes e así cumprir a súa misión de ser garante da igualdade de oportunidades na formación. Nestas circunstancias cómpre que a Xunta de Galicia reaccione ante as peticións dos reitores de reunir a Comisión de seguimento do plan de financiamento. A maiores cabe sinalar a situación descrita polos informes de fiscalización das universidades públicas galegas, feitos dende o



Consello de Contas, que apuntan unha perda de financiamento de 159.7 millóns de euros destas institucións académicas pola política de conxelación de taxas universitarias da Xunta de Galicia.

Ademais da suba dos prezos, outro aspecto que incide nos retos do SUG é a adaptación a un novo contexto derivado da recente aprobación no Congreso dos Deputados da Lei de Ciencia, que outorga máis garantías e dereitos á comunidade científica, con melloras na carreira laboral no eido da I+D+i e con novos dereitos laborais para os investigadores novos (como a indemnización por finalización dos contratos pre e posdoutorais).

Por todo o exposto, e tendo en conta a necesidade de garantir dende a Xunta ao bo funcionamento e suficiente financiamento das universidades públicas galegas, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abordar coas universidades públicas galegas a fórmula para dotar de maior financiamento ao SUG ante o incremento de custes ao que teñen que facer fronte.
2. Complementar con partidas extraordinarias todas as bolsas da Xunta de Galicia no Sistema Universitario Galego.
3. Adoptar un plan de apoio que favoreza un prezo accesible das residencias e comedores universitarios.
4. Desenvolver e aplicar desde este mesmo curso académico un plan para favorecer que as primeiras matrículas nas universidades públicas galegas sexan sen custes para o estudantado universitario galego.



5. Desenvolver unha programación orzamentaria para o SUG que compense os custes soportados polas universidades públicas froito da conxelación das taxas universitarias que sinala o Consello de Contas de Galicia.
6. Reforzar as tres universidades públicas galegas cun plan extraordinario de incorporación de novo profesorado e novos investigadores/as para os próximos anos que fortaleza a docencia e a investigación, así como as posibilidades de transferencia de resultados, compensando o nivel de envellecemento crecente do profesorado universitario e buscando tamén reforzar o PDI e os niveis de investigación existentes en Galicia.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/09/2022 17:46:43

Noelia Otero Lago na data 19/09/2022 17:46:54

Noa Susana Díaz Varela na data 19/09/2022 17:47:01

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/09/2022 17:47:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/09/2022 17:47:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 é definido polo goberno da Xunta como a folla de ruta do futuro que terá como prioridades acadar unha recuperación sostible, resistente e inclusiva.

O presente da lingua galega fai parte dunha das áreas analizadas neste plan estratéxico, nomeadamente o que di respecto do seu coñecemento e uso, partindo dos datos da Enquisa estrutural a fogares do IGE do ano 2018.

Entre os datos máis relevantes de cara a garantir unha boa saúde da lingua galega no presente e no futuro inmediato destaca o feito de que *entre a poboación menor de 15 anos, a porcentaxe dos que sabe falar pouco ou nada o galego increméntase ata o 23,9%%, mentres que entre a poboación de 65 ou máis anos non chega ao 9%.*

Por outra banda, o Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 tamén recolle como a Enquisa estrutural a fogares do IGE reflicte que a porcentaxe de estudantes que reciben a mesma proporción de clases en galego que en castelán sitúase no 59,6% en 2018, unha porcentaxe que baixa ata o 36,0% entre a poboación de 17 ou máis anos, xa que recibe o





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

46,5% das clases en castelán ou maioritariamente neste idioma, o que claramente pon en cuestionamento o principio de igualdade lingüística e, como consecuencia, as posibilidades de adquirir competencia en galego.

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 recolle na análise DAFO centrada no P.A 4.3: Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía, reconece como debilidade, a respecto da lingua galega, *o estancamento no uso habitual do galego que presenta significativas diferenzas xeográficas e por grupos de idade.*

No entanto, a diferenza de todos os restantes ítems, esta debilidade non recolle correspondencia ningunha con ameazas, fortalezas e oportunidades.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a deseñar, desde o consenso, un plan específico para superar a debilidade recollida no Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 a respecto do *estancamento no uso habitual do galego co obxectivo de conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos, se o desexar.*”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 09:25:04

Daniel Castro García na data 20/09/2022 09:25:08

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 09:25:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a protección e conservación das turbeiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de outubro de 2020 a Xunta adxudicou o contrato de “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia” á USC cun prezo de 70.966,50 € e un prazo de execución de 12 meses.

O citado estudo debería ser un bo punto de partida para a protección destes espazos e para o desenvolvemento dun plan de conservación e recuperación destes hábitats esenciais para a preservación da biodiversidade e para a loita contra o cambio climático.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Dar conta ao Parlamento do resultado do estudo sobre o estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galiza.

2. Levar a cabo a protección de todas as turbeiras mediante a súa inclusión no Rexistro de humidaís protexidos.

3. Desenvolver un plan de protección, conservación e recuperación das turbeiras.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2022 09:44:58

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2022 09:45:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2022 09:45:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre os convenios do Plan Hurbe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O portal de contratos publicou nos anos 2021 e 2022 a información dos seguintes contratos de obras do Plan Hurbe, ao abeiro dos convenios asinados entre a Consellaría de Medio Ambiente e determinados concellos:

-Obra de derrubo de edificio e acondicionamento de praza na rúa do Faro 38 en San Cibrao no concello de Cervo (Lugo. Orzamento base de licitación 467.967,50 con IVE

-Obra de melloras na intersección da rúa do Souto con Praza da Vila no lugar de Vilariño de Conso, concello de Vilariño de Conso (Ourense). Orzamento base de licitación 239.070,98 con IVE

-Obras de mellora do bordo da praia, no concello de Porto do Son (A Coruña). Orzamento base de licitación 229.889,93 con IVE

-Subministración e colocación de 34 bancos públicos en núcleos rurais no Concello de Montederramo (Ourense). Orzamento base de licitación 38.015,94 con IVE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Acondicionamento e mellora do núcleo de Montesalgueiro, no concello de Aranga (A Coruña). Contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción laboral. Orzamento base de licitación 107.093,65 con IVE

-Obras de construción de piscina pública e un centro BTT, no concello de Outeiro de Rei (Lugo). Orzamento base de licitación 972.037,67 con IVE

-Reforma da praza, zona do mercado e biblioteca, no concello de Bande (Ourense). Orzamento base de licitación 107.463,80 con IVE

-Humanización dos contornos de Papucín e Fonte Santaia, no concello de Frades (A Coruña). Orzamento base de licitación 134.737,57 con IVE

-Humanización de espazos públicos, no concello de Os Blancos (Ourense). Orzamento base de licitación 70.770,06 con IVE

-Obra de rehabilitación da praza de abastos no concello de Viana do Bolo (Ourense). Orzamento base de licitación 695.512,57 con IVE

-Obra de melloras no acceso ao núcleo de Seadur, Larouco (Ourense). Orzamento base de licitación 79.189,74 con IVE

-Acondicionamento dos accesos á ruta de Salgueirón (A Barrela), no concello de Carballo. Orzamento base de licitación 99.997,91 con IVE

-Obra mellora do entorno do Campo da Feira de Paiosaco, A Laracha (A Coruña). Orzamento base de licitación 114.463,06 con IVE

-Obra de humanización, melloras bioclimáticas e aproveitamento dos recursos hídricos de San Pedro de Leirado, Quintela de Leirado (Ourense). Orzamento base de licitación 431.879,04 con IVE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de urbanización e mellora de espazo público, Parada de Sil (Ourense).
Orzamento base de licitación 156.557,37 con IVE

-Obra de mellora da vía principal no lugar dos Novais, Quiroga (Lugo).
Orzamento base de licitación 69.282,47 con IVE

-Obra de urbanización e humanización da parcela do campamento de turismo municipal, Ribas de Sil (Lugo). Orzamento base de licitación 78.575,54 con IVE

-Obra construción dun edificio destinado a usos múltiples no lugar de Arenteiro, Piñor (Ourense). Orzamento base de licitación 451.336,66 con IVE

-Obra de urbanización de parque público no lugar de Outeiro Cruz no Concello de Arnoia (Ourense). Orzamento base de licitación 286.972,07 con IVE

-Obra de humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Coirós de Abaixo no Concello de Coirós (A Coruña). Orzamento base de licitación 98.810,17 con IVE

-Obra de embelecemento do entorno de Luíntra mediante a creación dun espazo no acceso á Oficina Municipal de Promoción Turística, Nogueira de Ramuín (Ourense). Orzamento base de licitación 99.999,99 con IVE

- Obra de humanización dos accesos ao Balneario e Fonte de Augas Santas, Pantón (Lugo). Contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción laboral. Orzamento base de licitación 99.999,99 con IVE

-Obra de construción dunha piscina pública en Boborás (Ourense). Orzamento base de licitación 414.979,18 con IVE

- Obra de urbanización e mellora de espazo público, Parada de Sil (Ourense)
Orzamento base de licitación 156.557,37 con IVE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de mellora das rúas Calvo Sotelo e Justo Martínez, A Estrada (Pontevedra). Orzamento base de licitación 275.403,80 con IVE

-Obra de humanización das rúas Mediodía e Víctor González Faya, Ordes (A Coruña). Orzamento base de licitación 398.734,17 con IVE

-Obra de urbanización do entorno das vivendas do grupo escolar, Vilardevós (Ourense). Orzamento base de licitación 89.999,99 con IVE

-Obra de humanización parcial do núcleo do Pereiro de Aguiar, 1ª fase (Ourense). Orzamento base de licitación 148.652,90 con IVE

-Obra de equipamento municipal de ocio nas instalación de Mirallos, Moraña (Pontevedra). Orzamento base de licitación 452.056,61 con IVE

-Rehabilitación de vivenda municipal en Fontán, Parderrubias. SALCEDA CASELAS. Orzamento base de licitación 74.547,36 con IVE

-Obra de pavimentación de rúas en Nocedo, Os Blancos (Ourense). Orzamento base de licitación 49.962,35 con IVE

- Obra de humanización da contorna parroquial de San Mamede, Mos (Pontevedra). Orzamento base de licitación 390.000,00 con IVE

-Obra de humanización e mellora do espazo público do Tameirón, A Gudiña (Ourense). Orzamento base de licitación 127.000,00 con IVE

-Obra de construción dun centro sociocomunitario e ambiental no núcleo urbano de Pontepedra, Tordoia (A Coruña). Orzamento base de licitación 346.037,92 con IVE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de acondicionamento do espazo público no lugar de Mugares, Toén (Ourense). Orzamento base de licitación 75.152,93 con IVE

-Obra de rehabilitación interior do antigo edificio do concello como nova biblioteca pública, Salvaterra de Miño (Pontevedra). 300.000,00€

-Obra de humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Armea, no concello de Coirós (A Coruña). 96.656,40€

-Obra de mellora do parque público de Maceira, Covelo (Pontevedra). 261.387,19€

-Obra de pavimentación da rúa da Fonte en Castro, Carballedo (Lugo). 80.042,87€

-Obra de humanización e mellora das instalacións do espazo polivalente do Campo da Escola en Celeiros, Chandrexa de Queixa (Ourense). 96.649,00€

-Obra de execución dunha praza pública en Progo, Riós (Ourense). Contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción laboral. 96.735,74€

-Obra de rexeneración do conxunto de Santa María do Campo, en O Irixo (Ourense). 23.205,27€

-Obra de mellora da urbanización na rúa A Pateira, na Veiga (Ourense). 161.000,00€

-Obra de humanización na rúa San Benito, en Arbo (Pontevedra). 235.961,64€

-Obra de mellora de rúas en Cea (Ourense). 113.205,69€





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de acondicionamento de espazos públicos en Tourós-Barxés, no concello de Muíños (Ourense). 179.051,57€

-Obra acondicionamento do entorno do edificio multiusos no concello de O Incio (Lugo) 100.073,05€

-Obra de mellora do viario das Bouciñas a Croído, en Lousame (A Coruña). 120.687,12€

-Obra de mellora e humanización de espazos públicos urbanos, en Touro (A Coruña). 0.335,93€

-Obra de pavimentación da zona da Praza das Airas, no concello de O Barco de Valdeorras (Ourense). 114.000,00€

-Obra de pavimentación da rúa República Argentina, en Noia (A Coruña). 90.832,50€

-Obra de humanización de prazas en Xendive e Ganceiros en Lobios (Ourense). 96.800,00€-Obra de mellora dos espazos públicos municipais: humanización do entorno do Mercado do Xurés, Bande (Ourense). 77.999,99€

-Obra de humanización e mellora dos espazos públicos urbanos no concello de Quiroga (Lugo). 65.738,63€

-Obra de pavimentación (praza) en Castiñeira, concello de Vilariño de Conso (Ourense). 61.884,63€

-Obra de humanización das rúas Travesía da Estrada de Éntoma e Francisco Neira, en Sobradelo, Carballada de Valdeorras (Ourense) 120.000,01€





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de humanización da rúa Estrada entre a rúa Méndez Núñez e a rúa Concepción Arenal no concello de Marín (Pontevedra). Expediente 62/2019 U 314.548,18€ Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

-Obra de edificación e urbanización do club fluvial de Friol. 657.332,31€

-Obra de construción de piscinas municipais en Cualedro (Ourense). 400.000,00€

Da análise da documentación dos referidos contratos non se pode derivar un criterio obxectivo e xusto de distribución dos fondos públicos. Polo contrario, dérivase un reparto arbitrario e partidario dos recursos públicos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a facer un reparto equitativo e obxectivo dos fondos do Plan Hurbe mediante a convocatoria pública de subvencións a concellos polo procedemento de concorrencia competitiva.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/09/2022 11:07:00

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2022 11:07:12

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2022 11:07:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a negativa da Consellaría de Educación de aumentar a oferta de prazas de mestrados de secundaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica de Educación do 3 maio de 2006 establece nos seus artigos 94,95,96 a obrigatoriedade de estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica para poder exercer a docencia na educación secundaria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de idiomas.

Así mesmo, o 8 de novembro do ano 2008 publicábase o real decreto 1834/2008 polo que se definían as condicións de formación para o exercicio da docencia no ensino obrigatorio, no bacharelato, na FP e nas ensinanzas de réxime especial. Neste real decreto, que foi modificado polo real decreto 665/2015 nalguna das súas disposicións, establecíase no artigo 9, relativo á formación pedagóxica e didáctica do profesorado, o seguinte "Para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e na ensinanza ensinanza de idiomas, será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica"

Da mesma maneira a Consellaría de Educación, Universidade e formación profesional na orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos ao corpo de profesores, no artigo 2.3.1 apartado b establecía como requirimento indispensable para participar nos procesos selectivos o seguinte:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Posuír a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirá este requisito quen posúa o título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade

É polo tanto evidente que segundo o establecido na lexislación educativa, a formación pedagóxica e didáctica do profesorado é un requisito básico e obrigatorio para o profesorado poder exercer as súas funcións no ensino galego.

Mais a pesar de ser a formación pedagóxica e didáctica *conditio sine qua non* no acceso á función docente e mesmo, en moitas titulacións, ser esta saída practicamente a única alternativa laboral sólida para o estudantado desas carreiras, o sistema universitario galego mantén dende hai anos unha oferta educativa tan cativa e insuficiente nos máster de acreditación de formación didáctica e pedagóxica que obriga ao alumnado a teren que se desprazar fóra do país e a matricularse en universidades privadas para poder exercer a docencia en Galiza.

Tal e como denunciou a comunidade educativa, no curso pasado a oferta educativa do master de profesorado nas universidades galegas foi dun total de 765 prazas para todas as especialidades que se distribúen do seguinte xeito nas diferente cidades: 200 en Compostela, 80 en Lugo, 180 en Vigo, 48 en Pontevedra, 52 en Ourense e 225 na Coruña.

Así pois, esta raquíutica oferta educativa que expulsa do sistema educativo galego a centos de alumnas e alumnos amosa a súa absoluta insuficiencia cando estes datos dos mestrados se poñen en relación coa demanda de prazas dos aspirantes, ou mesmo coas prazas de ensino ofertadas neste ano. No ano 2020 a Xunta ofertou un total de 1174





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prazas para 765 prazas de máster do profesorado. Con esta oferta fica de manifesto que por cada 17 prazas que saca a concurso-oposición a Consellaría tan só hai 11 de mestrado. Ou dito doutro xeito, por cada 100 prazas de oposición tan só hai 65 de mestrado.

Pero alén dos datos relativos, non podemos tampouco obviar que debaixo desta media agóchanse realidades de titulacións que teñen como saída prioritaria a docencia e na que a oferta de prazas dos máster é de apenas 35 prazas en todo o país; cando a demanda de cada promoción duplica mesmo as prazas ofertadas.

Neste curso, a os Universidades volveron a demandar que a Consellaría de Educación incrementase esta oferta educativa. A pesar de que reitores e Consellos Sociais das Universidades defenderon este incremento, A consellaría negouse, excusándose na imposibilidade de ter máis profesorado para a realización das prácticas destes mestrados.

Dende o BNG entendemos que esta raquítica oferta de prazas supón unha anomalía intolerábel no ensino público galego. Unha eiva na formación dos nosos profesores que obriga en tantas ocasións ás nosas mozas e mozas a teren que cursar o seus estudos fóra, en Universidades privadas,as máis das veces, e cuns custes económicos ao que moitas familias simplemente non poden facer fronte.

Pero ademais, supón tamén un contrasentido pedagóxico e educativo, o feito de que a Xunta de Galiza obrigue a formarse en sistemas universitarios de fóra a profesorado que aspira a exercer o seu labor docente no noso país. Un contrasentido que rompe coas correntes didácticas e pedagóxicas modernas e que descontextualizada o proxecto educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a incrementar a oferta educativa nos máster acreditativos da formación pedagóxica e didáctica no Sistema Universitario Galego, cunha oferta de prazas que garanta as necesidades educativas do noso país.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/09/2022 11:53:50

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 11:54:03

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 11:54:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as necesidades educativas no IES de Soutomaioir.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo do ano 2015 entraba no rexistro de entrada do Concello de Soutomaioir o proxecto para a construción do novo IES. Un proxecto, que tal e como denunciou o BNG, tan só tiña 12 unidades e unha capacidade para 360 alumnos; o que na práctica implicaba construír un instituto sen sequera bacharelatos.

Foi neste entón que ante as mobilizacións do BNG e da sociedade no pleno, na rúa ou neste mesmo parlamento, que a Xunta tivo que retirar aquel primeiro proxecto inaceptábel para as necesidades do concello.

Esta situación, debería ter obrigado á Xunta a modificar o proxecto inicial, pero dende a Consellaría e o Goberno Local decatáronse de que se facía un novo proxecto, non poderían inaugurar o IES antes das eleccións e no canto de elaborar un novo proxecto ampliado e adaptado as necesidades obxectivas de Soutomaioir, optaron por construír no mesmo espazo pensado para 12 unidades un instituto de 16.

As consecuencias desta chapuza non se fixeron agardar e o instituto ficou insuficiente para as necesidades educativas da contorna no mesmo ano da súa inauguración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No presente curso, as consecuencias desta actuación e dos recortes da consellaría de educación estanse a facer máis intensos se cabe: 30 alumnas apiñocadas en aulas diminutas, 4 departamentos de 7 m² cada un para 42 profes, falta de espazos para ofertar modalidades como FP básica, limitacións na oferta de bacharelato por falta de aulas, aulas de informática eliminadas para reconvertelas en aulas ordinarias, laboratorios aos que só se pode acceder con desdobres ou situacións tan esperpénticas como que os días de choiva o alumnado non teña sequera patio cuberto polo que ten que quedar na aula ou polos corredores....

Por se todo isto non fose dabondo, a falta de profesorado fíxose evidente durante este curso e a situación chegou a tal extremo que o equipo directivo tivo que poñer enriba da mesa a súa dimisión pola imposibilidade de organizar este curso escolar cos condicionantes impostos pola consellaría.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Consellaría de Educación a atender as necesidades educativas do IES de Soutomaior, a respecto da dotación de persoal e recursos necesarios, que foron remitidas á Xefatura Territorial e aprobadas polo Consello Escolar do propio IES.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/09/2022 12:35:22

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 12:35:34

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 12:35:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a censura na Consellaría de Educación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente inicio de curso estivo marcado por unha conflitividade froito dos recortes da Consellaría de Educación que levaron a moitos centros a ter que adoptar medidas como as dimisións dos equipos directivos e a mobilización en defensa do ensino público.

Foron varias as comunidades educativas ao longo de todo o País que denunciaron os recortes no ensino público por parte do goberno galego. Centros dende A Guarda até Cedeira ou dende Redondela até Teixeira que manifestaron publicamente o seu malestar polo maltrato ao que o goberno galego sometía estas comunidades educativas.

Mais o que resulta a todas luces inadmisíbel é que a Consellaría de Educación, no canto de atender e negociar as demandas dos centros procedeu a unha estratexia de persecución e censura dos centros que decidiron facer pública a realidade que estaban a padecer. Unha estratexia que se evidenciou en chamadas dende a inspección ás direccións dos centros para tratar de impedir as mobilizacións ou na obriga de eliminar das páxinas dos centros informacións sobre os recortes de profesorado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que estas actitudes por parte do goberno galego, alén de inadmisíbeis, impropias dunha democracia do século XXI polo que formulamos a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a cesar na súa estratexia de censura para con aqueles centros e equipos directivos que denuncian os recortes no ensino público.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 12:58:35

Daniel Castro García na data 20/09/2022 12:58:42

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 12:58:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a eliminación dos concertos educativos cos centros que segregan por sexo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasos días, o presidente da Xunta de Galiza realizou unhas declaracións nas que manifestaba que “Imos agardar á interpretación axeitada da LOMLOE” para determinar se ían seguir financiando ou non os centros que segregan alumnado por sexo.

Compre sinalar que despois de que durante o goberno bipartito, a Xunta daquel entón, iniciase os trámites para suprimir o desvío de fondos públicos para centros ultraconservadores que empregan un modelo educativo segregador do alumando, unha das primeiras iniciativas que levou adiante o goberno do PP foi o mantemento destes concertos.

Compre sinalar que na LOMLOE establécese que de cara ao “fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres” os centros “sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos” “desenvolverán o principio de coeducación en todas as etapas educativas” e “non separarán o alumnado polo seu xénero”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta redacción deixa claro que coa nova normativa o financiamento destes centros non se poderá prorrogar, e por tanto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a, en cumprimento da lexislación actual, suprimir os concertos educativos con todos os centros que segregan alumnado por sexo.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/09/2022 13:07:44

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 13:07:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 13:08:03



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O Plan de Sendas de Galicia naceu co obxectivo de incrementar a seguridade de peóns e ciclistas, xa que son estes os usuarios máis vulnerables das estradas, e promover unha mobilidade sostible, favorecendo modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, seguindo co seu compromiso de mellorar a rede viaria autonómica e de favorecer os desprazamentos a pé dos veciños, vén de iniciar, no Concello de Ourense, as obras de execución das sendas de Valdorregueiro (OU-150) e de Montealegre (OU-101), que se sumarán ás tres xa existentes na OU-105, na OU-536 e na Avenida de Ponferrada.

Concretamente, a actuación prevista na OU-150, que se desenvolverá na parroquia de Cudeiro, será unha senda de ancho variable, cun mínimo de 1,80 metros e separada da estrada por diferentes elementos. Contará, ademais, con sinalización vertical e horizontal e coa adecuación das paradas do autobús urbano. Discorrerá case un



quilómetro pola marxe dereita da estrada, desde o cruce coa N-525 ata o inicio da ponte que salva o regato das Lampazas.

A repercusión que vai ter na contorna unha vez finalizada será amplísima. En canto á mobilidade, xerará unha mellor conexión e permitirá un desprazamento máis seguro e accesible para as veciñas e veciños da zona. En canto ao impacto na paisaxe, transformará significativamente a calidade dese espazo público, facéndoo máis humano e amigable para todos os usuarios.

Como xa se dixo, o itinerario remata á altura da ponte na estrada OU-150, punto quilométrico 1, que salva o regato das Lampazas, no lugar do Salgueiral, máis coñecida como “Ponte de Souto de Rei”. Unha ponte de aproximadamente 50 metros de lonxitude, que, na situación actual, obriga aos peóns que fan uso dela a invadir a calzada co risco para a seguridade que iso supón.

Tendo en conta que a Xunta de Galicia está a actuar en moitos puntos do territorio para mellorar a seguridade viaria das galegas e dos galegos e que neste momento están a executar as obras da senda de Valdorregueiro, sería interesante que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade valorase a posibilidade de construír un elemento que permita salvar este punto e proporcione unha conexión máis segura para os viandantes entre os lugares de Valdorregueiro e de Cudeiro.

En base ao anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dar continuidade á senda peonil que ten previsto executar na OU-150, en Valdorregueiro, construíndo unha pasarela peonil na ponte situada no punto quilométrico 1, que salva o regato das Lampazas, no lugar do Salgueiral, coa fin de mellorar a conexión e a seguridade peonil entre os lugares de Valdorregueiro e Cudeiro”.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/09/2022 16:26:35

Noelia Pérez López na data 20/09/2022 16:26:57

María Sol Díaz Mouteira na data 20/09/2022 16:27:16

Carmen María Pomar Tojo na data 20/09/2022 16:27:33

Ramón Carballo Páez na data 20/09/2022 16:27:48

José Manuel Balseiro Orol na data 20/09/2022 16:28:07

María Belén Salido Maroño na data 20/09/2022 16:28:23

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/09/2022 16:28:34

Freire Vázquez, María Begoña na data 20/09/2022 16:28:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a adaptación dos xulgados á Lei sobre o apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación, e posterior entrada en vixencia, da Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación procesual e civil para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica supuxo unha importante reformulación do sistema de substitución e axuda ás persoas que, temporal ou de xeito indeterminado, ven alterada as súas posibilidades de actuación na vida ordinaria.

Entre outras modificacións a norma citada introduce unha nova redacción no art. 268 do Código Civil, establecendo a obriga de que as medidas de apoio ás persoas deben ser revisadas periodicamente nun período máximo de tres anos, que excepcional e motivadamente, a autoridade xudicial pode adiar, se ben non máis aló de 6 anos.

Asemade a Disposición Transitoria 5ª da Lei 8/2021, de 2 de xuño establece a necesidade de que todas as resolucións sobre capacidade das persoas adoptadas con anterioridade á entrada en vixencia da norma serán revisadas, de oficio ou a instancia do Ministerio Fiscal, no prazo máximo de 3 anos; ou no prazo dun ano dende que a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

revisión fose solicitada polo titor, curador, apoderado preventivo ou titular da patria potestade rehabilitada ou prorrogada daquelas persoas coa capacidade modificada.

A necesidade de revisión das resolucións sobre as medidas de apoio acordadas implica un notable incremento da carga de traballo dos xulgados que teñen conferidas as atribucións nesta materia, xulgados que xa na actualidade veñen mantendo unha extraordinaria actividade e que, nalgúns casos, xa están en situacións próximas ao colapso e cuxas resolucións xa se demoran moito máis do razoable. Todo, a pesares do compromiso e entrega das traballadoras destinadas nesas unidades xudiciais, ás que a situación padecida estalles a afectar na propia saúde.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as actuacións necesarias para a ampliación do cadro de persoal e da planta dos xulgados con competencias en materia de familia e sobre a capacidade das persoas.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/09/2022 16:20:45

Iria Carreira Pazos na data 20/09/2022 16:20:57

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2022 16:21:13



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos

O pasado 7 de xuño producirse o primeiro dos colapsos que afectaron ao viaduto do Castro, na A-6, o que provocou o peche á circulación por autovía do principal acceso viario a Galicia desde a Meseta. Resulta inaudito que máis de tres meses despois de que tiveran lugar estes feitos non dispoñamos de información, nin de explicación algunha, sobre as causas da caída desta ponte que estaba, cómpre non esquecerlo, sometida a unha obra de reparación por parte do Ministerio de Transportes que supuxo un investimento de 26 millóns de euros .

Tanto o Goberno galego como os cidadáns, e os usuarios frecuentes desta vía de comunicación, reclaman información clara e transparente sobre as causas do derrube, que aínda non se teñen feito públicas. Precisamente este era un dos compromisos adquiridos polo presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, durante o encontro que mantivo co presidente da Xunta, Alfonso Rueda, o pasado mes de xullo. En concreto, comprometeuse a constituír unha mesa, entre ambas administracións, para seguir de preto todo o referido ao colapso desta autovía.

Resulta moi sorprendente que representantes do Ministerio de Transportes fagan declaracións avanzando a reapertura á circulación, no primeiro semestre de 2023, do viaduto paralelo desta autovía que aínda segue en pé, se aínda non se coñecen as causas que levaron ao colapso do viaduto xemelgo ou, polo menos, fan sospeitar que non se está a ofrecer toda a información dispoñible á cidadanía. Sen un coñecemento sobre as circunstancias que levaron ao colapso do viaduto pretender recuperar a circulación na infraestrutura xemelga sería unha irresponsabilidade absoluta.

Por outra banda, desde a Administración central desprezaron todas as medidas e propostas alternativas solventes da Xunta para realizar canto antes desvíos directos que eviten ter que percorrer espazos urbanos na localidade lucense de Pedrafita do Cebreiro mentres non se avanza na solución definitiva.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as seguintes medidas:

- 1º- Ofrecer á maior brevidade, de xeito continuo e coa máxima transparencia, toda a información dispoñible polo Ministerio de Transportes sobre as causas que provocaron o colapso do viaduto do Castro, na autovía A-6, de tal xeito que teñan coñecemento de todas as novidades os cidadáns, os concellos afectados e a administración autonómica.
- 2º- Activar de inmediato a mesa de seguimento -comprometida polo presidente do Goberno de España na súa xuntanza co presidente da Xunta, o pasado mes de xullo- sobre as medidas que se veñen adoptando en relación coa autovía A-6, en particular, sobre as solucións provisionais implantadas polo Executivo para sortear o viaduto derrubado, as causas do colapso, os trámites dirixidos á súa reconstrución, con prazos claros”.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/09/2022 16:51:17

José Manuel Balseiro Orol na data 20/09/2022 16:51:40

Paula Prado del Río na data 20/09/2022 16:51:54

José Manuel Rey Varela na data 20/09/2022 16:52:14

María Sol Díaz Mouteira na data 20/09/2022 16:52:30

María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/09/2022 16:52:50

Ana Belén García Vidal na data 20/09/2022 16:53:09

José Alberto Pazos Couñago na data 20/09/2022 16:53:24

Noelia Pérez López na data 20/09/2022 16:53:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a contratación do profesorado de reforzo do programa ARCO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación vén de facer público hai escasos días que este ano non vai levar adiante as contratacións de profesorado que se viñan realizando ao abeiro do programa ARCO.

Dende o BNG entendemos que se ben este tipo de profesorado non son a solución aos problemas e demandas do sistema educativo galego e que a mellora do noso sistema educativo pasa pola contratación de profesorado estrutural, non é menos certo que no contexto actual, e ante o recorte de profesorado que se ven executando no noso sistema educativo e as necesidades educativas que xorden nun contexto económico e postpandémico como o que vivimos, non semella razoábel que a Consellaría de Educación opte por suprimir este programas.

Desafortunadamente, como se esta realidade non existise, a Consellaría de Educación anunciou que este ano non teríamos este tipo de contratacións e non canto de optar pola busca de solucións para atender o alumnado que máis o precisa, a Consellaría optou por botar balóns fóra e buscar culpábeis no canto de buscar solucións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais por esta realidade non fose dabondo prexudicial para a alumnado con necesidades educativas, o goberno galego decidiu que este ano, tampouco ía abrir o programa Proa+ a novas necesidades dos centros, xa que só poderán renovar este programa aqueles centros que participaron del no curso pasado.

Estamos ante unha medida, alén de inxusta, tremendamente absurda xa que as necesidades dos centros mudan, e un centro que non tivo necesidades de reforzo no ano anterior, pode telas no presente curso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a:

1. Proceder no inmediato a contratación neste curso do profesorado que viña realizando o traballo de reforzo ao abeiro do programa ARCO
2. Incrementar os cadros de persoal no sistema educativo de maneira que o profesorado estrutural poida dispoñer de capacidade horaria para realizar estas funcións.
3. Abrir a participación no programa Proa+ ás novas necesidades educativas que xurdan nos centros de ensino.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/09/2022 17:00:27

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 17:00:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 17:00:59



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Fai máis dun ano e medio que o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de impulso demográfico. O Grupo Parlamentario Socialista advertiu da falta de compromiso orzamentario e concreción da norma. Tras máis dun ano e medio despois da súa aprobación, a realidade é que non existen avances de calado e non se perciben medidas importantes ou concretas na sociedade que poidan cambiar o curso da inversión da pirámide poboacional a longo prazo.

De feito, fai unhas semanas coñecemos novos datos respecto á situación de despoboación que posicionan a Galicia como das comunidades autónomas que peores datos amosan.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista advertimos ao goberno galego que, dita norma debера ser transversal a todas as áreas de goberno, con especial atención a medidas para evitar a precarización laboral e o desemprego, así como medidas concretas que fomenten o talento asociado ao territorio.

A fuga de talento que ano tras ano fai que Galicia invista centos de millóns en formar mozos e mozas que finalmente teñen que emigrar por falta de opcións laborais fai que non só se deixen de crear centos de empresas novas ao ano, senón tamén que deixen de nacer miles de nenos e nenas en Galicia, segundo os estudos do Foro Económico de Galicia, no seu informe: “Fuga de Talento en Galicia: Mito o realidade”. Este tipo de datos amosan a falta de estratexia por parte do Goberno galego que afectan inevitablemente ao reto demográfico.

O certo é que as medidas illadas que ata o momento deu a coñecer o Goberno galego non poden ter unha repercusión significativa na problemática que padece Galicia nesta materia. Provincias como Ourense e Lugo son das máis afectadas do país, cunha idade media cada vez maior e unha inversión da pirámide



poboacional que fai que incluso en Ourense existan máis pensionistas que cotizantes.

A falta de oportunidades e de servizos no rural fai que cada vez sexa máis complexo dar comezo a un proxecto vital no mesmo, cando o Goberno galego do Partido Popular en vez que blindar os servizos ou incrementalos no rural, os recorta ano tras ano tras máis dunha década de Goberno ininterrompido.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que traslade ao Parlamento:

1. O conxunto de medidas posteriores á Lei de impulso demográfico, e os datos ou resultados de ditas medidas.
2. Un cambio de perspectiva de acción para o impulso demográfico que incremente o investimento orzamentario e as medidas transversais e concreta en materia de emprego e talento asociado ao territorio, así como un compromiso polos servizos e posta en valor do rural.”

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 21/09/2022 09:18:32

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2022 09:18:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2022 09:18:56



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Para afrontar os retos da cultura galega, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, impulsaba en 2017 a Estratexia da Cultura Galega (ECG), un documento traballado co sector que marca as principais liñas de actuación e as prioridades da política cultural de Galicia para os vindeiros anos.

Os obxectivos xerais da ECG21 son:

- Fortalecer a industria cultural, para que cree máis riqueza e postos de traballo.
- Estender a produción e distribución cultural de base por todo o territorio de Galicia para favorecer a inclusión e a participación na cultura de toda a sociedade.
- Asegurar os servizos públicos culturais: bibliotecarios, museísticos, arquivísticos etc.
- Propiciar canles estables que favorezan unha maior colaboración entre as administracións públicas nas políticas culturais e unha maior participación da sociedade e das entidades privadas na cultura.

Eses obxectivos poñen o foco en dez retos prioritarios:

- Consolidar unha visión social da cultura como valor esencial e imprescindible para o desenvolvemento integral da sociedade, e a valoración da lingua galega como instrumento-clave da nosa identidade cultural e activo útil para a cidadanía.
- Estimular a produción cultural (profesional e afeccionada) e a súa distribución.
- Facilitar o acceso á cultura (ampliación de públicos, inclusión social) e favorecer a participación da sociedade no seu financiamento.
- Promover a cooperación institucional e a boa gobernanza da cultura (administración autonómica, local e provincial; novas sinerxías educación-cultura; Xacobeo; medios de comunicación públicos): corresponsabilidade, coherencia, eficiencia, participación, racionalización dos recursos, vertebración do territorio.



- Consolidar o tecido industrial creativo.
- Impulsar a salvagarda e a difusión do patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo e accesible.
- Avanzar na proxección exterior e a internacionalización da produción cultural de Galicia (posicionamento da marca 'Cultura de Galicia', proxección da Cidade da Cultura, vínculos coa Galicia exterior).
- Potenciar o posicionamento da cultura galega no marco da sociedade dixital.
- Apoiar a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, así como a colaboración entre as institucións públicas e privadas no ámbito da cultura.
- Continuar co proxecto da Cidade da Cultura de Galicia como colaborador do emprendemento, da tecnoloxía e da programación da cultura galega.

O proceso de elaboración da ECG21 consistiu en 3 fases. Unha primeira de encontros territoriais informativos e a elaboración por parte do Consello da Cultura Galega dunha diagnose sobre a cultura galega; unha segunda de reunións das mesas sectoriais; e unha terceira de redacción, exposición pública e revisión levada a cabo entre marzo e xuño de 2019 coa fin de redactar o documento final.

Mais logo desa terceira fase nada se soubo desa ECG21, que parece non culminou nun documento final de traballo de vital importancia para a industria e os axentes culturais do noso país. Pasados xa tres anos, e coa maior parte do traballo realizado, convén que o Goberno galego inicie un período de conversas para rematar a estratexia adaptándoa ao novo escenario da cultura galega e aos novos documentos e plans estratéxicos que lle afectan directamente.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a iniciar antes de que remate este período de sesións unha nova fase de conversas sectoriais para actualizar a Estratexia de Cultura Galega que, co horizonte en 2025 e unha vez posta en marcha, estipule un sistema de indicadores cuantitativos e cualitativos de progreso das diferentes accións para a súa avaliación anual.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 19/09/2022 16:04:05

Noelia Otero Lago na data 19/09/2022 16:04:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/09/2022 16:04:37



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A rede de escolas infantís “Galiña azul”, segundo establece a propia Xunta de Galicia, *“están dirixidas a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos. Trátase dun servizo público de atención á infancia, educativo asistencial, que busca adaptarse ao concepto de familia do século XXI e permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega, ao tempo que facilita a súa inserción no mercado laboral”*.

No concello de Camariñas hai unha escola pertencente á dita rede que conta con 4 unidades e 61 postos e que presta o servizo educativo de 0 a 3 anos sen ofertar servizo de comidas, tendo que os nenos e nenas traer a comida da casa, cando a escola ten comedor que conta co equipamento necesario para poder prestar o servizo de comidas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Poña en funcionamento neste exercicio 2022 o servizo de comedor na escola infantil da rede Galiña azul de Camariñas.

2º) Elabore un documento que conteña a totalidade dos gastos da escola infantil, así como as achegas feitas polas distintas administracións para o seu financiamento nos últimos 5 anos.

3º) Asuma a totalidade dos gastos da escola infantil, posto que se trata dunha competencia propia da Comunidade Autónoma.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/09/2022 13:05:22

Marina Ortega Otero na data 20/09/2022 13:05:38

Julio Torrado Quintela na data 20/09/2022 13:05:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2022 13:06:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O 23 de setembro conmemórase o Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos. A trata de persoas supón unha violación dos dereitos humanos que ten diferentes rostros como a explotación sexual, a explotación laboral, traballos forzados ou o tráfico de órganos. Todas estas manifestacións, estendidas por todo o mundo, son a mostra máis extrema da pobreza e a desigualdade.

A trata de mulleres con fins de explotación sexual é unha das formas máis miserables nas que se manifesta a violencia contra as mulleres e un dos máis terribles negocios en todo o mundo que está relacionada case sempre coa marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

Segundo datos de Nacións Unidas e da Unión Europea, as mulleres e as nenas representan o 71 % das vítimas de trata detectadas en todo o mundo e o 80 % das identificadas en Europa occidental, sendo a explotación sexual a forma máis común de explotación (59 %) seguida do traballo forzado (34 %).

Prostitución e trata con fins de explotación sexual non se poden dissociar. Son dúas caras dunha mesma realidade xa que existe porque hai homes dispostos a prostituír mulleres e menores. España é o Estado europeo con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo. Segundo Nacións Unidas, o 39 % dos homes españois pagaron nalguna ocasión por manter relacións sexuais. Pero non é unicamente líder en consumo de prostitución, tamén é un dos principais destinos de tráfico de mulleres no mundo, con máis de 1.500 bordeis.

Na actualidade, atópase en tramitación a Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista no Congreso para atallar todas as formas do proxenetismo. É urxente unha redacción normativa que persiga de maneira efectiva o proxenetismo e a terceira locativa. Esta lei contra o proxenetismo tamén inclúe sancións para aquelas persoas que recorran a prostituír a outras e nunca ás súas vítimas da prostitución.



Porque a prostitución non é un traballo. O “traballo sexual” non existe e a libre elección da prostitución é un mito: as mulleres prostituídas sempre son as pobres e as vulnerables do mundo. Falar dos dereitos das mulleres prostituídas é en realidade falar dos dereitos dos que fan negocio cos seus corpos, os proxenetas e os puteros. Por iso, dende o PSdeG-PSOE non podemos seguir mirando cara a outro lado e debemos impulsar as medidas necesarias para rematar coa trata de seres humanos e coa explotación sexual. Porque para as e os socialistas a liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución e a trata de seres humanos.

O Goberno da Xunta de Galicia anunciou o pasado mes de xuño a posta en marcha do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, ao que finalmente o Consello da Xunta de Galicia do 4 de agosto de 2022 deu o seu visto e prace. Non obstante, este plan non se fixo público e non hai constancia da posta en marcha e o desenvolvemento das medidas que contén estando moi avanzado o seu primeiro ano de vixencia.

Por outra banda, consideramos necesario que, para facer máis eficaz o devandito plan, se realice un estudo o mais rigoroso posible sobre a situación da prostitución, a trata e a explotación sexual en Galicia, ao igual que xa se ten feito noutras comunidades autónomas. Segundo o publicado, e a falla de máis información, o único estudo existente data do ano 2013 no marco do proxecto internacional ITINERIS ‘Protección dos dereitos das persoas migrantes contra a explotación, de Brasil cara á Unión Europea’, liderado polo Centro Internacional para o Desenvolvemento de Política Migratoria (ICMPD) e no que a Xunta de Galicia participou, polo cal consideramos fundamental actualizar os datos sobre a situación da prostitución, a trata e a explotación sexual en Galicia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

1º. O Parlamento de Galicia acorda manifestar o seu apoio á tramitación da Proposición de lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, para prohibir o proxenetismo en todas as súas formas.

2º) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- a) Realizar un estudo para actualizar a información sobre a prostitución, a trata e a explotación sexual en Galicia.
- b) Facer público e comezar de inmediato co desenvolvemento do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación



sexual’

c) Impulsar, no ámbito das súas competencias, políticas públicas orientadas á loita contra a explotación sexual e a abolición da prostitución.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 21/09/2022 13:58:26

Noelia Otero Lago na data 21/09/2022 13:58:47

Marina Ortega Otero na data 21/09/2022 13:58:57

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2022 13:59:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2022 13:59:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O concello de Dumbría ten na actualidade 2.927 habitantes (IGE 2021), o que supón que dende o ano 2009, en 13 anos, perdeu 824 habitantes, ou o que é o mesmo, o 22 % da súa poboación. O declive demográfico é unha realidade en todos os concellos galegos, pero nos que conforman a Costa da Morte esta evolución foi moito máis acusada debido, fundamentalmente, á falla de aposta do Goberno galego por mellorar as comunicacións, a inexistencia de políticas de vivenda e o desmantelamento dos servizos públicos, nomeadamente a sanidade e a educación; o que supón un freo para o asentamento poboacional ao non contar con condicións que favorezan o desenvolvemento do propio proxecto vital.

Neste concello hai un CEIP Plurilingüe, Santa Eulalia de Dumbría, que segundo consta no proxecto educativo do centro, publicado na páxina *web* da Consellería de Educación, contaba para o curso 2021-2022 cun cadro de 10 profesores/as: 4 titores/as que atenden os cursos de infantil 3,4 e 5 anos, así como os de 1º e 2º, 3º e 4º e 5º e 6º de primaria; un mestre de educación física, unha mestra de Pedagogía Terapéutica, unha mestra de Audición e Linguaxe, un mestre de lingua estranxeira e unha orientadora.

Para o curso 2022-2023, unha vez publicada a resolución definitiva de adxudicación de destinos do corpo de mestres de educación primaria, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades reduce á metade o docente de Pedagogía Terapéutica e establece outro docente en itinerancia compartida con outro centro.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que reverta as medidas adoptadas, adxudicando as prazas de Pedagogía Terapéutica e a de docente itinerante a tempo completo para o CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría.

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/09/2022 18:59:03

Noelia Otero Lago na data 21/09/2022 18:59:22

Noa Susana Díaz Varela na data 21/09/2022 18:59:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2022 19:00:17



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Gonzalo Caballero Miguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A Xunta de Galicia anunciou en abril de 2020 a implantación da gratuidade das escolas infantís para os segundos fillos e sucesivos e en outubro de 2021, no debate sobre o Estado da Autonomía, o ex presidente Feijóo anunciou que esta gratuidade se ampliaría a todas as familias a partir do próximo curso 2022-2023, que cifraba nunhas 30.000 familias, e que a Xunta de Galicia destinaría 30 millóns de euros en pagar esta gratuidade nas escolas da súa titularidade, nas municipais e nas concertadas.

No Diario Oficial de Galicia do mércores 22 de xuño de 2022 a Consellería de Política Social e Xuventude publicou a Orde do 20 de xuño de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2022/23, cun orzamento total para o curso 2022-2023 de 41.470.940€ e no artigo 4 establécense os tipos de axuda e a contía, que no punto 1 recolle literalmente:

“1. A convocatoria comprende unha liña de axudas destinada a compensar a aplicación da bonificación do 100 % do prezo da atención educativa na contía do prezo mensual que lle corresponda aboar á familia, segundo as tarifas establecidas polas horas de asistencia do neno ou nena, ata un máximo de 306 euros/mes por praza a xornada completa, excluído o mes de vacacións do neno ou nena”.

Posteriormente, no Diario Oficial de Galicia do 3 de agosto de 2022 a Consellería de Política Social e Xuventude publica a Orde do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23, cun orzamento total de 10.591.031€ para o curso 2022-2023 e no artigo 4 recolle o tipo de axuda e a contía, que no seu apartado 4 establece literalmente:

“4. A liña 2, destinada a compensar estes centros pola aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da matrícula, de ser o caso, dos nenos/as que asisten á escola infantil.



As axudas pola aplicación da bonificación do 100% do prezo da atención educativa estableceranse en función do número de prazas efectivamente ocupadas e terán unha contía equivalente á do prezo mensual que lle correspondería aboar á familia nunha praza pública segundo o previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, e durante un máximo de 11 mensualidades.

As axudas pola aplicación da bonificación do 100 % do prezo da matrícula será o equivalente ao recollido na correspondente ordenanza fiscal aplicable para o curso 2021/22, sen que en ningún caso poida superar os 100 euros.

Para os efectos do previsto nos parágrafos anteriores, durante todo o período subvencionable a entidade entregaralles ás familias os xustificantes mensuais de pagamento en que conste o número de horas ao día de asistencia e o importe que lles correspondería aboar, coa lenda de prezo bonificado 100 % pola Xunta de Galicia”.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1º) Incluír na gratuidade das escolas de 0 a 3 anos o importe pagado polo concellos galegos.
- 2º) Asumir a totalidade dos custes das escolas infantís de Galicia que seguen mantendo os concellos?
- 3º) Elaborar, antes de que remate este ano 2022, un estudo sobre a totalidade dos custos de cada unha das escolas infantís de 0 a 3 anos e o financiamento que reciben de cada administración, dando traslado ao Parlamento de Galicia.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/09/2022 18:52:40

Marina Ortega Otero na data 21/09/2022 18:53:07





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 10:39:55
Nº Rexistro: 41647
Data envío: 22/09/2022 10:39:55.228

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/09/2022 18:53:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2022 18:53:38



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos tempo denunciando a situación que se está a vivir no PAC de A Parda en Pontevedra, un centro sanitario que presta servizo ao Concello de Pontevedra e 8 municipios máis da contorna.

Un centro que por volume de usuarios/as tería que contar con 10 profesionais médicos pero que no cadro de persoal unicamente ten 8 médicos adscritos (un deles sen cubrir dende case un ano)

Neste centro polo tanto prestan servizo 7 médicos (5 fixos e 2 interinos) pero este verán debido ao colapso existente nos centros de atención primaria desta área sanitaria incumpríuse de forma reiterada o plan funcional e deixáronse sen cubrir por mor de incidencias as horas asignadas a este centro.

A situación, que xa denunciámos no seu día foi caótica, nunha quenda que debería estar cuberta por 3 médicos de tarde e 2 de noite quedou na maioría das ocasións un só profesional para facer asistencia e domicilio, o que provocou que permanecera sen médico o centro durante horas.

Esta situación ademais dunha desatención á cidadanía está a supoñer un estrés e esgotamento para o persoal sanitario, atopándose 2 profesionais xa de baixa por este motivo que presumiblemente non serán os últimos, xa que é imposible soportar de forma continua estas quendas, atendendo a ese volume de poboación e saíndo a atender domicilios sen descanso.

A política sanitaria da Xunta de Galicia durante todos estes anos está a provocar en todo o territorio galego unha gravísima situación de colapso.



Dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos moito tempo denunciando por unha banda este trato aos profesionais da sanidade pública por parte da Xunta de Galicia e por outra a ausencia dunha Atención Primaria potente, de calidade e universal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cubrir a praza de médico adscrito ao centro que leva vacante oito meses.
2. Garantir a cobertura de 3 médicos na quenda de tarde e dous na de noite, necesarios para prestar un servizo sanitario de calidade ás persoas usuarias deste centro e un nivel de traballo non abusivo para estes profesionais.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 11:06:02

Julio Torrado Quintela na data 22/09/2022 11:06:12

Marina Ortega Otero na data 22/09/2022 11:06:21





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 11:12:22
Nº Rexistro: 41651
Data envío: 22/09/2022 11:12:22.219

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2022 11:06:32

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-SIKe2A5mY-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Marina Ortega Otero e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Hai tempo que a Comisión Europea comunicou que Galicia ten 41 puntos eutróficos ou hipertróficos sen designar como zonas vulnerables, uns datos que podemos observar no informe elaborado polo Ministerio de Transición Ecolóxica sobre contaminación da auga por nitratos entre os anos 2016 e 2019.

Este documento di que Galicia e Cataluña son as comunidades con máis contaminación nas augas derivada dos residuos gandeiros, unha situación derivada das políticas de abandono das terras agrarias por parte do Goberno do Partido Popular en Galicia.

O curioso é que mentres Cataluña foi actualizando e adecuando os seus programas, a Xunta de Galicia segue sen tomar medidas efectivas para poñerlle freo a esta situación, sen aumentar a base territorial das explotacións existentes, sen impulsar unha mellor xestión dos xurros, sen limitar o número de explotacións que se instalan e sen declarar ningunha zona vulnerable a pesar de rexistrar os maiores excedentes netos de nitróxeno por hectárea derivados da actividade gandeira no conxunto do estado.

Chegaron ata o punto de argumentar en outubro de 2019 que ningún punto de mostraxe das augas subterráneas da Limia reflectía valores medios anuais superiores a 50 miligramos de nitratos por litro de auga, que é o límite máximo, cando a propia Confederación Hidrográfica Miño-Sil tiña detectados incumprimentos nun 24 % dos puntos de mostraxe. O Goberno da Xunta de Galicia dicía que se observaba unha evolución positiva nos últimos anos, o cal facía innecesaria a súa inclusión neste listado de zonas vulnerables ao ter unha tendencia á baixa e que no caso de que se determinara esa concentración de nitratos, a Xunta procedería a definir estas zonas como vulnerables, con períodos de prohibición de fertilizantes, con controis sobre as fosas de xurros e cun seguimento do código galego de boas prácticas agrarias.

Preocupados polo estado das nosas augas, o Goberno de España aprobaba un Real decreto para reducir a contaminación por nitratos e reforzar a protección das masas de auga máis vulnerables que é clave para reducir os problemas deste tipo de contaminación nas masas de auga e alcanzar os obxectivos ambientais



sinalados pola lexislación nacional, fixados a través dos plans de conca e a Unión Europea.

Este RD establece criterios máis ambiciosos que os actuais para identificar mellor as augas afectadas por nitratos e determina limiares máis esixentes para a declaración de augas afectadas e, consecuentemente, para a designación de zonas vulnerables.

A aplicación da nova norma implica un incremento de ata o 50 % da superficie das zonas protexidas que se identificaron como vulnerables a este tipo de contaminación e sobre elas desenvolveranse programas de actuación máis esixentes, incluíndo limitacións específicas sobre fertilización vinculadas ás que se regulen na planificación hidrolóxica.

A normativa tamén incrementa significativamente a densidade de estacións de control e aumenta o número e frecuencia das mostraxes nas augas para analizar o seu contido en nitróxeno e outros contaminantes asociados así mesmo, establece medidas adicionais e accións reforzadas para reverter a contaminación existente.

Ademais, asúmese o compromiso de facer pública toda esa información para que poida ser utilizada polos gandeiros e agricultores para axustar as súas pautas de fertilización. Desta forma, esíxese a preparación dun informe cuatrienal que analice a eficacia das medidas que se contemplan, que se remitirá á súa vez á Comisión Europea.

A norma tamén establece as responsabilidades que corresponden ás distintas administracións públicas co fin de conseguir unha implementación coordinada de todas as medidas, en concreto, fíxanse as obrigas que deberán asumir as autoridades da auga e as comunidades autónomas, que ostentan as competencias específicas en agricultura, gandería e a xestión e a protección do medio ambiente no seu territorio.

As comunidades autónomas, ademais de elaborar e velar polo cumprimento dos programas de actuación nas zonas declaradas como vulnerables, elaborarán códigos de boas prácticas agrarias que os agricultores aplicarán obrigatoriamente nas zonas vulnerables, co fin de reducir a contaminación producida polos nitratos de orixe agraria. Entre outras cuestións, estes códigos deberán recoller os períodos en que non é conveniente aplicar fertilizantes ás terras, as condicións da súa aplicación en terras próximas a cursos de auga e os requisitos necesarios que aseguren que os xurros e abonos en xeral non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medio ambiente.



Este mapa de contaminación por nitratos publicouse no mes de maio deste ano, nel establécense tres masas de augas superficiais situadas nos ríos Limia en Porto Alto e no Nocado en Rebordechá, as dúas no concello de Xinzo, e na canle da Lagoa en Vilar de Santos. Sinala mesmamente dúas masas de augas subterráneas en San Pedro de Laroá no concello de Xinzo e Cardeita no concello de Sandiás e sinala dous puntos no pantano das Conchas, un no curso do río Limia, máis ou menos á altura de Güimil e outro na zona de Porto Quintela e Mugueimes. Pese a isto seguimos sen saber que pensa facer a Xunta de Galicia para poñerlle fin á falla de xestión dos xurros, á falla de xestión en instrumentos que aumenten a base territorial das explotacións, que van facer para poñerlle cabeza á planificación das explotacións de intensivo que debe ter cada zona, onde está ese plan estratéxico da Limia e en que consiste ou se van a seguir agochándose detrás do Estado para non facer nada.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a tomar medidas urxentes para loitar contra a contaminación das augas da comarca da Limia designadas no mapa por contaminación por nitratos publicado no mes de maio.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 22/09/2022 11:14:20

Marina Ortega Otero na data 22/09/2022 11:14:40

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/09/2022 11:14:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2022 11:15:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Ramón Fernández Alfonso** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, instando o Goberno galego a tomar medidas para a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após a entrada en vigor do novo Plan de Transporte da Xunta de Galiza, as comarcas de Ferrolterra e As Mariñas na súa conexión coa cidade da Coruña e o seu percorrido entre os concellos das comarcas, víronse agravadas por una precarización e devaluación na calidade do servizo, tal e como veñen denunciando os usuarios e usuarias do transporte por estrada.

Moitas foron as queixas emitidas e recibidas polo mal funcionamento deste servizo, mentres a Xunta de Galiza e a empresa concesionaria foron aplicando parches a modo de solución parcial, que non foron ben recibidas nin avaliadas polos usuarios e usuarias.

Decisións como a tomada a comezos do ano 2022, de reforzar o servizo realizado pola AP-9 non foi suficiente, e precarizou aínda máis os servizos que se fan por estrada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Actualmente, esta situación viuse agravada após o comezo de curso e a aplicación das distintas bonificacións ao servizo, cun servizo xa deficiente que fixo aínda máis visíbeis os problemas nesta liña.

Os usuarios e usuarias levan tempo denunciando os atrasos, os autobuses que non pasan polos itinerarios marcados, os servizos que se deixan de facer intermitentemente e sen aviso, o mal estado de moitos dos vehículos e os reiterados incumprimentos de contrato pola empresa concesionaria desta liña.

Moitas tamén foron as queixas e denuncias en material laboral e de incumprimentos contractuais, tales como os que teñen que ver coas modalidades contractuais e as condicións nas que operan as traballadoras e traballadores, o incumprimento manifesto dos tempos de resposta estipulados na oferta da empresa, a non existencia das bases e servizos que estas deben ofertar, e unha longa lista de deficiencias e incumprimentos que se foron denunciando nos últimos tempos.

Se o obxectivo é o fomento do transporte público, o que está a acontecer nesta liña vai no sentido contrario, xa que un servizo que presenta estas eivas e deficiencias non pode ser percibido como útil polo conxunto da cidadanía.

É obriga das institucións públicas fomentar o uso do transporte público en todos os eidos, e quen faga uso do servizo para ir ao traballo, ir a aulas ou a atender calquera tipo de xestión ou cita médica, debe ter a certeza de que pode usar o transporte público, que vai estar á súa hora, que vai ter prazas suficientes e que viaxa cunhas medidas de seguridade axeitadas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a atender as demandas das persoas afectadas polas deficiencias e incumprimentos que amosa a liña XG871, dotando ao servizo dunha maior calidade e velar polo cumprimento rigoroso das condicións da concesión.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Ramón Fernández Alfonso
Mercedes Queixas Zas
Deputados e deputada do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 22/09/2022 16:29:18

Ramón Fernández Alfonso na data 22/09/2022 16:29:31

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2022 16:29:41

Xosé Luis Bará Torres na data 22/09/2022 16:29:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de outubro de 2020 o Pleno do parlamento galego aprobou por unanimidade unha proposición non de lei, transaccionada por todos os grupos a partir dunha iniciativa do BNG, na que se demandaba que o goberno galego colaborase coas demais institucións na recuperación das estatuas de Abraham e Isaac atribuídas ao Mestre Mateo, así como a constitución dun grupo de traballo entre a Xunta e o Concello de Santiago.

No mes de novembro de 2020 iniciáronse os traballos da comisión de persoas expertas para a recuperación das esculturas, sen que até o momento de fixese pública ningunha información ao respecto.

Recentemente, o Estado presentou unha demanda sobre a propiedade dos bens do Pazo de Meirás, na que non se inclúe a reclamación das citadas esculturas, que están depositadas no interior do BIC.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a informar aos grupos parlamentares sobre as iniciativas desenvolvidas en relación coa recuperación das esculturas de Abraham e Isaac, e a trasladar ao parlamento as conclusións da comisión de persoas expertas creadas ao efecto.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/09/2022 17:00:35

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2022 17:00:47

Xosé Luis Bará Torres na data 22/09/2022 17:00:56



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O parque natural das Fragas do Eume foi declarado o 12 de agosto de 1997, sendo con 9.125 hectáreas o segundo de Galicia en superficie despois do Xurés. Destaca pola súa biodiversidade e por ser no momento da súa declaración, como di aínda hoxe a páxina *web* de Turismo de Galicia, un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa, ademais dun “bosque mixto de frondosas considerado un dos máis extensos da Galicia litoral e relevante a nivel europeo como bosque climático” do que destaca a presenza de variedades de feitos de grande interese, 103 especies de aves, 41 de mamíferos e 8 de peixes, e tamén especies endémicas de invertebrados e réptiles.

A pesar destes valores naturais, 25 anos despois de ser creado o parque carece de Plan reitor de usos e xestión (PRUX), cando debería telo como mínimo desde o ano 2003 segundo o artigo 35.4 da Lei galega 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, que establece que “Os plans reitores de uso e xestión aprobaranse no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da declaración do espazo natural protexido, previo informe, no seu caso, da xunta consultiva correspondente”. Certamente, a Lei 9/2001 foi derogada pola Lei 5/2019 do patrimonio natural e biodiversidade de Galicia, que eliminou o prazo para aprobar o plan, pero isto non habilita para soste indefinidamente a anómala situación dun parque natural que leva nada máis e nada menos que un cuarto de século sen PRUX.

Sendo un parque considerado como bosque atlántico de ribeira teoricamente ben conservado e sendo o bosque atlántico un bosque mixto caducifolio, a expansión descontrolada no parque e na súa contorno dunha especie como o eucalipto non soamente desvirtúa a esencia do ecosistema que se pretendía conservar e poñer en valor coa declaración como parque natural senón que reduce a biodiversidade do parque na medida en que diversos estudos constatan ese efecto como característico desa especie forestal.

Ademais da eucaliptización, as agresións medioambientais sobre o parque son constantes: ó gran incendio do ano 2012 (que deu pé a que o Presidente da Xunta falase dun plan de recuperación do que nunca máis se soubo) únense os episodios de contaminación do río Eume, entre eles o acontecido no ano 2021, así como a



práctica desecación durante décadas dun tramo de quilómetros de río pola empresa Endesa, augas abaixo do encoro radicado no propio parque, un auténtico atentado ecolóxico cometido en pleno parque natural.

Por outra banda, a estreita estrada que bordea o río Eume ata o Mosteiro de Caaveiro convértese cada fin de semana (agás o verán, cando unha parte da mesma pecha ó tráfico) nun constante ir e vir de coches que se mesturan cos sendeiristas que percorren a estrada, unha situación insólita que debería ser evitada simplemente propiciando cun aparcamento ou aparcamentos disuasorios que os visitantes deixen o coche na entrada do parque e accedan ó mesmo andando, en beneficio do parque (elimínanse ruídos e contaminación) e dos propios visitantes, que poderían percorrer os 10 quilómetros que separan Ombre de Caaveiro sen a molestia do tráfico ou, no seu caso, en minibuses de considerarse axeitada tal alternativa, reiteradamente reclamada polo concello de Pontedeume, que ademais ofrece a súa colaboración para implementala.

Finalmente, os propietarios de terreos radicados dentro do parque teñen limitados os usos que poden desenvolver nos seus terreos pero non perciben ningún tipo de compensación ou beneficio por esa limitación. O prezo de mercado de cada unha das 9.125 hectáreas que conforman o parque sería de 4.400 €, segundo o prezo recollido para a comarca no informe do Observatorio Galego de Mobilidade de Terras do ano 2021, polo que sería perfectamente asumible para o Goberno de Galicia un programa de adquisición de terras a longo prazo que progresivamente implicase o paso á titularidade pública dun espazo que ten unha finalidade predominantemente pública, o cal sería compatible con outras fórmulas de compensación aos propietarios.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que impulse sen máis dilación o PRUX do Parque Natural das Fragas do Eume, buscando a máxima participación e nivel de consenso posible, especialmente cos propietarios e concellos afectados, e priorizando os seguintes aspectos:

1º) A conservación e mellora dos valores ecolóxicos do parque natural, entre eles o carácter autóctono do bosque que caracteriza o parque, a continuidade do caudal do río Eume e a calidade das súas augas.

2º) A eliminación progresiva das especies de flora ou fauna alóctonas ou alleas ao parque, especialmente o eucalipto, e a súa substitución por outras autóctonas e propias do parque.



3º) A compensación aos propietarios de terreos afectados polas restricións de uso que implica o parque, sexa mediante un programa de compra progresiva de terreos privados ou mediante outras fórmulas.

4º) A creación de espazos de aparcamento disuasorio que eviten o tránsito de vehículos pola estrada que leva a Caaveiro, así como a limitación de acceso e a priorización do acceso peonil ao parque.

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 21/09/2022 19:04:42

Paloma Castro Rey na data 21/09/2022 19:05:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2022 19:05:18



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, para informar sobre **o balance da Campaña de Verán 2022 baixo o lema "O verán que queres contar"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2022 12:09:22
Nº Rexistro: 41582
Data envío: 21/09/2022 12:09:22.283

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2022 12:09:12

CSV: BOPGDSPG-SIKe2A5mY-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre a situación laboral das traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada debido á necesidade de que o Parlamento de Galiza se pronuncie a este respecto coa maior brevidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do pasado ano o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público na que se contemplan, para cumprir o seu obxectivo, dúas vías:

a- Un proceso de estabilización para as prazas de carácter estrutural que estivesen ocupadas de maneira ininterrompida cando menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020 un sistema de concurso-oposición.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b- Un proceso de estabilización extraordinario de traballo temporal de longa duración para aquelas prazas de carácter estrutural que estivesen ocupadas de maneira ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 a través dun concurso.

As convocatorias deben estar publicadas, por todas as administracións e en ambos os dous procesos, antes do 31 de decembro de 2022, razón pola que a Xunta de Galiza está a negociar coas principais organizacións sindicais as bases das devanditas convocatorias.

Dentro deste proceso de estabilización unha das entidades públicas máis afectadas é o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia e diferenciada dos entes consorciados, da que fan parte a Xunta de Galiza e boa parte dos concellos galegos.

Dicimos que é unha das entidades máis afectadas pola porcentaxe de temporalidade que atinxe o seu persoal superando o 90%, a inmensa maioría mulleres toda vez que se trata de sectores laborais amplamente feminizados como son os coidados.

De acordo coa información que puido recompilar o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego nos borradores que Función Pública está a elaborar para determinar os criterios de baremación das prazas do Consorcio non se está a considerar este como unha entidade de seu e, polo tanto, non se valoran de maneira prioritaria os anos de experiencia profesional das súas traballadoras no propio Consorcio senón que se igualan ás do conxunto da Xunta, razón pola que as traballadoras iniciaron unha folga sen ter sido recibidas en ningún momento pola administración para abrir un proceso de negociación de boa fe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O non recoñecemento da experiencia destas traballadoras no Consorcio podería carrexar importantes prexuízos para elas mais tamén para as equipas dos centros públicos nos que levan desenvolvendo as súas funcións durante máis dunha década en moitos casos.

Todo isto cando nos mesmos borradores se propón o tratamento diferenciado doutros entes públicos nos que si se valorará de maneira prioritaria a experiencia das e dos profesionais que desenvolveron o seu traballo neles en situación temporal durante anos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

- Por que razón a Xunta de Galiza non trata o Consorcio dentro dos procesos extraordinarios de estabilización como entidade propia valorando, polo tanto, a experiencia profesional destas traballadoras no propio Consorcio?
- Vai reunirse o Goberno galego coas traballadoras do Consorcio para escoitar as súas demandas no marco do conflito laboral aberto?
- Falou a Xunta de como implementar o recollido na Lei 20/2021 sobre redución de temporalidade cos concellos que integran o Consorcio para determinar as condicións nas que debería darse cumprimento ao disposto na norma?
- Cre que a Xunta de Galiza que se prexudican as equipas de traballo que durante máis dunha década desenvolveron os seus labores nos centros do Consorcio ao non se recoñecer de maneira prioritaria a experiencia das traballadoras desta entidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2022 11:59:09

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/09/2022 11:59:19

Mercedes Queixas Zas na data 21/09/2022 11:59:27

Rosana Pérez Fernández na data 21/09/2022 11:59:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/09/2022 11:59:44

Daniel Pérez López na data 21/09/2022 11:59:52

Iria Carreira Pazos na data 21/09/2022 12:00:01

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2022 12:00:13

Daniel Castro García na data 21/09/2022 12:00:21

María del Carmen Aira Díaz na data 21/09/2022 12:00:28

Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2022 12:00:39

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/09/2022 12:00:48

María González Albert na data 21/09/2022 12:00:55

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2022 12:01:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2022 12:01:11

Alexandra Fernández Gómez na data 21/09/2022 12:01:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/09/2022 12:01:28

María do Carme González Iglesias na data 21/09/2022 12:01:37

Paulo Ríos Santomé na data 21/09/2022 12:01:48



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Neste inicio de curso escolar estamos a recoller numerosas incidencias no transporte escolar por parte de concellos e comunidades educativas con escritos informando e trasladando queixas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e á empresa de transporte Monbus, logo de constatar que o servizo non cubriu os traxectos establecidos como está estipulado, deixando a varios e varias estudantes nas paradas sen posibilidade de desprazarse ata o instituto.

É o caso do que viviron alumnos e alumnas do IES de Poio por exemplo no primeiro día de curso con fallos que obrigaron a moitos proxenitores para achegar aos nenos ao centro tras deixar aos nenos e nenas tiradas nas paradas porque Monbus non cubriu os traxectos establecidos como está estipulado. Tamén na área de Compostela tal e como dende o Grupo Parlamentario Socialista denunciámos o curso pasado neste Parlamento, producíronse incidencias no incumprimento de horarios que non se respectan, autobuses que non chegan nunca ás paradas e mesmo emprego de VTC en vez dos vehículos obrigados por contrato.

Na Baña, a ruta chegou tarde e con moitos rapaces e prazas de pé xa que o autobús que enviaron era de 20 prazas e desa liña fan uso cando menos 30 menores. En Dodro o autobús que leva os escolares a Padrón chegou tarde. No Pino a liña de Monbus Lugo-Santiago que utilizan os e as estudantes para ir aos institutos (bacharelato e FP) de Santiago fixo a ruta cunha hora de atraso.

Por outra banda, as asociacións de nais e pais agrupadas na Confederación ANPA galegas solicitaron a comezos do pasado mes de marzo unha xuntanza co secretario xeral técnico da Consellería de Educación, para abordar e insistir na situación de desigualdade que padecen moitos os alumnos e alumnas de Bacharelato e FP que estudan nunha localidade diferente á da súa residencia. Estes estudantes non teñen dereito a transporte escolar gratis, xa que estudan nunha etapa non obrigatoria e sofren así unha discriminación que afecta fundamentalmente ao alumnado das zonas rurais. As e os estudantes caso de que teñan a sorte de contar con transporte escolar na súa zona e de dispoñer de prazas



libres poden collelo, pero se non se dá o caso, como acontece en moitas ocasións, teñen que coller e pagar autobuses interurbanos para poder desprazarse ao centro de ensino correspondente e sempre no caso de que existan esas conexións. Tal e como veñen denunciando nais, pais, estudantes e a propia comunidade educativa, este problema de vertebración do territorio e do ensino que padecen dende hai moito tempo se está a agravar, especialmente para a mocidade rural. A obriga do goberno da Xunta de Galicia é a de garantir que todas as nenas e nenos da comunidade teñan os mesmos servizos, oportunidades e condicións de igualdade, algo que non acontece e que á vista da situación nin sequera ten a ben atender. É máis, nos últimos tempos teñen denunciado os recortes no servizo de transporte escolar coa entrada en vigor do novo contrato con Monbus coa eliminación de liñas e a modificación e incumprimento de traxectos e horarios que está a afectar tanto ao ensino obrigatorio como ao alumnado de bacharelato e FP.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia das desigualdades que sofren as e os estudantes galegos en materia de transporte escolar en función do lugar onde residan ou da etapa de ensino que estean a cursar?
2. Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para arranxar a problemática que están a padecer no servizo de transporte escolar o alumnado galego e que se suceden curso tras curso?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Noa Díaz Varela
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 10:08:56

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Patricia Otero Rodríguez na data 16/09/2022 10:09:06

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2022 10:09:17

Eduardo Ojea Arias na data 16/09/2022 10:09:31



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Os datos publicados nas derradeiras datas por organismos oficiais e unha axencia independente falan dunha debilitade do sector industrial, que perdeu peso relativo, tanto en termos de valor engadido bruto como en termos de perda de empresas. En concreto, nos trece anos de gobernos da Xunta de Galicia presididos por Alberto Núñez Feijóo, a falla de política industrial activa caracterizou un tempo no que desapareceron importantes empresas galegas e no que o sector industrial non conseguiu o desenvolvemento necesario para situarse no 20 % do PIB, tal e como figuraba no documento do Goberno galego chamado Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0 para o período entre os anos 2015 e 2020 e que era a referencia da Comisión Europea para a industria.

A comparación de datos recentes con España amosa a preocupante evolución dalgúns indicadores industriais para Galicia, como por exemplo o Índice de Producción Industrial. Os datos do primeiro cuadrimestre de 2022, falaban da caída dun 6,5 % en relación co mesmo período do exercicio anterior; mentres no total de España subira un 2 %, cunha fenda de máis de 8 puntos entre Galicia e o Estado. Estes datos continúan a ser negativos ata o mes de xuño nos que a produción industrial galega acumula unha caída do 2,9 % en comparación co mesmo período de 2021, mentres que no total do Estado español crece ese mesmo 2,9 %.

Esta tendencia inversa, de crecemento do sector industrial en España mentres se amosa un decrecemento industrial en Galicia, supón unha fonda chamada de atención para a economía galega, na que o peso do VEB industrial xa se reducira previamente, tendo en conta que ata o mes de abril Galicia tiña a maior caída do Estado.

Por outra banda, consultando o informe da consultora especializada D&B, un total de 46 empresas abandonaron Galicia no primeiro trimestre deste ano para asentarse noutros territorios do Estado, unha dinámica que sitúa o país en saldo negativo, xa que marchan máis sociedades das que veñen e isto se se traduce na perda de 26 millóns de euros mensuais. Ao longo de 2021 marcharon de Galicia para domiciliarse noutros territorios 113 empresas e entre 2013 e 2019 marcharon de Galicia para outras comunidades do Estado español máis de 830 sociedades, que facturaban por valor duns mil millóns de euros.



A crise industrial en Galicia amosa evidencias empíricas en datos como ese, que corroboran a necesidade dunha política industrial activa dende o Goberno da Xunta de Galicia. É evidente que hai sectores e empresas de éxito na economía galega, algunhas novas e outras con décadas de madurez e rodaxe, pero tamén que hai outras en fases complicadas, pero tanto detrás dunhas como noutras subxace a ausencia de política industrial que acompañe ao emprendemento nos ámbitos tecnolóxicos, enerxético, estratéxicos e de investimento, entre outros.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan, interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Como valora o Goberno da Xunta que a produción industrial caese en Galicia nun 2,9 % ata o mes de xuño de 2022 con respecto o ano anterior mentres subía o mesmo 2,9 % no conxunto de España?

2ª) Cales son as bases, medidas e obxectivos cos que traballa a Xunta de Galicia en materia industrial para impulsar a produción e o emprego?

3ª) Como valoran os datos amosados pola consultora D&B que indican a perda de 46 sociedades en Galicia no primeiro trimestre de 2022, co que queda en saldo negativo e coa perda dunha recadación de 26 millóns de euros mensuais?

4ª) Cales son as medidas do Goberno galego para a implantación e mantemento de empresas no noso territorio?

5ª) Que valoración fai o Goberno galego da súa xestión durante 13 anos en materia industrial?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 15/09/2022 12:54:10

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/09/2022 12:54:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2022 12:54:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xusto antes do peche do anterior curso político o BNG trouxo á Comisión 7ª para o seu debate, unha iniciativa sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para o control da praga de rata toupa na montaña lucense e para paliar as perdas xeradas por esta especie animal nas granxas.

Quedou daquela claro para tódolos grupos da cámara que é un problema que produce perdas ecolóxicas e económica nas zonas de montaña afectadas e que hai un claro risco de que este se estenda fóra das zonas actuais.

Nese momento, despois do debate, chegouse a acordo unánime para instar á Xunta de Galiza ao seguinte:

1º. Seguir a establecer e intensificar as medidas técnicas precisas para o control da praga da rata toupa na montaña lucense.

2º. Seguir os trámites precisos para a declaración desta especie como praga, co fin de ampliar as ferramentas destinadas ao seu control que non ao seu exterminio.

3º. Que dentro do plan de pastizais de Galicia, e con carácter prioritario, se impulsen novos pastos nos montes veciñais en man común nestas zonas de afectación e se realicen as actuacións de mellora e mantemento nos xa existentes como medida de compensación pola perda de forraxe e para o control desta especie."





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O primeiro punto recolle que se prosiga e intensifique o que xa se ven facendo que xa durante o debate da primeira iniciativa quedou claro que era moito.

O segundo merece atención dado que de ser declarada praga permitiría que se incorporaran novas medidas para o seu control. Será interesante, polo tanto, que estes trámites se leven adiante de xeito dilixente.

E por último o impulso de novos pastos sería fundamental para compensar ás persoas agricultoras que sofren perdas de forraxes que as pon en situación de vulnerabilidade ao ter que mercalos para suplir a falta de produción, pero vense afectadas economicamente polo incremento xeral de prezos ós que se lle suma a seca prolongada, por isto tampouco estaría demais que contaran con axudas específicas e puntuais.

É polo tanto o momento de presentar unha nova iniciativa para nun tempo razoable preguntar na mesma comisión que medidas levou adiante o goberno da Xunta e a Consellería de Medio Rural e que resultados se acadaron ou se estiman acadar para o control desta especie e a recuperación das pasteiras.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta a evolución da praga da rata toupa en Galiza, e especialmente na montaña de Lugo?

En que momento se encontran as medidas implementadas pola Xunta de Galiza relativas a cada un dos puntos de acordo acadado na Comisión 7ª e que resultados se conseguiron ou se pretenden conseguir en canto á contención da praga?

Que obxectivos pensan acadar coas medidas tomadas ata o de agora e en canto tempo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Teñen feito avaliación continuada de resultados para ver o grao de efectividade das mesmas?

Que planificación teñen a respecto da creación de novas praderías dentro do plan de pastizais de Galiza, canta superficie, onde e para cando?

En que outros lugares están implementando pasteiras e con que resultados?

En que momento se encontran os trámites para declarar como unha praga a rata toupa?

Valoran establecer algunha liña de axuda nas zonas afectadas pola rata toupa nas que se suman a perda habitual de forraxe máis a que engade a seca que sofren?

Que partidas económicas engadiron ás xa orzamentadas para o incremento de pastos que compense perdas?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/09/2022 11:35:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 16/09/2022 11:35:43

María del Carmen Aira Díaz na data 16/09/2022 11:36:19



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Un de cada catro alumnos percibiu o curso pasado que había un caso de acoso escolar na súa clase, fronte ao 15,2 % do curso da pandemia e o 34,1 % de 2019, un fenómeno que ademais está a cambiar: agora o máis frecuente é insultar e poñer motes, mentres baixan as agresións físicas, pero cada vez máis as cometen varias persoas en grupo.

Son conclusións do último Informe anual da Fundación Anar sobre acoso escolar.

Aquí en Galicia, son diversos os estudos e enquisas arredor desta problemática do acoso nas escolas, por citar algún de relevancia temos a “Análise da relación entre acoso escolar, ciberacoso e consumo de substancias” publicado na revista Children and Youth Services Review. Este traballo analizou a relación entre o acoso escolar, o ciberacoso e o consumo de substancias estupefacientes realizado entre mozos de 12 a 17 anos. No estudo utilizouse unha metodoloxía selectiva, aplicando unha enquisa a alumnos de IES de Galicia, e obtendo unha mostra de 3.173 adolescentes de 12 a 17 anos. O estudo foi aprobado polo Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela. Arredor de un de cada tres adolescentes estivo involucrado en casos de acoso escolar e un de cada dez en casos de ciberacoso; un de cada catro xa se emborrachou e fumou a idade temperá e un de cada cinco consumiu cánnabis. Ademais as mozas e mozos involucrados en casos de acoso escolar ou ciberacoso teñen taxas de consumos de risco ata tres veces superiores segundo os datos dun estudo “Análise da relación entre acoso escolar, ciberacoso e consumo de substancias” publicado na revista Children and Youth Services Review que analizou a relación entre o acoso escolar, o ciberacoso e o consumo de substancias estupefacientes realizado entre mozos de 12 a 17 anos. No estudo utilizouse unha metodoloxía selectiva, aplicando unha enquisa a alumnos de IES de Galicia, e obtendo unha mostra de 3.173 adolescentes de 12 a 17 anos. O estudo foi aprobado polo Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela.

Unha das principais conclusións é que o acoso escolar, o ciberacoso, o consumo de drogas e alcohol e outras condutas problemáticas estarían interrelacionadas. Neste traballo desenvolvido polos investigadores Rafael Pichel, Sandra Feijóo, Manuel, Isorna, Jesús Varela e Antonio Rial, destacan que os esforzos de



prevención e intervención deben realizarse desde unha idade máis temperá, antes de secundaria, xa que os nenos de 12 anos xa están inmersos no acoso escolar e nos consumos de risco.

Os datos deste estudo reflicten que un de cada tres adolescentes (34,4 %) estivo involucrado en acoso escolar, no caso de ciberacoso o 14,1% das e dos adolescentes.

A conclusión das persoas expertas involucradas no traballo é que o bullying é un problema en aumento e as altas taxas de vitimización atopadas no grupo de idade de 12-13 anos apoian a idea de que o acoso se está estendendo a idades máis novas.

O pasado ano en setembro de 2021 o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, presentou no Consello Galego de Convivencia os principais resultados da macro enquisa de convivencia escolar. Unha mellora que estaría baseada na percepción da comunidade educativa. Neste marco, xa hai máis dun ano no que se anunciaba por parte do conselleiro a nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025. Chegados a un novo comezo de curso sen saber nada arredor desta importante ferramenta cómpre lembrar tamén que este ano tivo lugar a aprobación cun gran consenso da Lei orgánica de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (8/2021, do 4 de xuño, LOPIVI), unha oportunidade para que nenas, nenos e adolescentes que asisten aos centros educativos contén coa maior protección fronte a calquera tipo de violencia en todos os ámbitos da súa vida e que na nosa comunidade nada se sabe da aplicación da Lei que contempla a figura do coordinador de benestar.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que calendario ten previsto a Consellería para a posta en marcha da nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025?
2. Cales son os motivos do incumprimento e dos atrasos na posta en marcha desta estratexia?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 11:43:56
Nº Rexistro: 41235
Data envío: 16/09/2022 11:43:56.828

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 11:38:48

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2022 11:38:58

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Onte mesmo coñecía-se o anuncio da Comisión Europea que o propio comisario de Pesca, Océanos e Medio Ambiente anticipaba xa a finais do pasado 2021 coa escenificación pública do seu apoio á campaña que estaba en marcha naquel momento e que pedía a prohibición da pesca de arrastre.

Punto por punto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.

Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe.

Tamén o Parlamento galego debateu ata en tres ocasións, e aprobou dúas veces por unanimidade, iniciativas de rexeitamento e medidas a levar a cabo para tratar de evitar a prohibición das artes de fondo por parte da UE.

A propia Xunta de Galiza, anunciou publicamente a realización de distintos informes -dos que os distintos Grupos da Cámara non tivemos máis coñecemento que as declaracións da conselleira de Mar en distintos actos e roldas de prensa- que avaliarían o





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

impacto da prohibición das artes de fondo no noso sector pesqueiro e na economía do país.

Nunha resposta do 25 de agosto ás preguntas do BNG do mes de marzo, a Xunta confirma a elaboración deses informes e a súa entrega en Bruxelas, así como o “establecemento de alianzas con aquelas rexións pesqueiras europeas que se verían afectadas polas restricións”.

E foi a mesma conselleira de Mar quen asegurou, sempre aos medios de comunicación, que, de consumarse a prohibición das artes de fondo, defendería á frota galega pola vía xudicial.

Un acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándoo nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser aterrecedoras, non pode ser aceptado baixo ningún concepto nin polos afectados nin polo Goberno de Galiza, unha das primeiras potencias pesqueiras de Europa.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza das medidas que levou a cabo para tratar de evitar a limitación e restrición da pesca de artes de fondo por parte da Comisión Europea?

. Cales foron as conclusións da rolda de contactos iniciada con outras rexións pesqueiras europeas afectadas?

. Que actuacións vai levar a cabo no inmediato, logo de facerse pública a decisión da CE no día de onte?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai iniciar o procedemento xudicial, tal e como anunciou publicamente a Conselleira de Mar?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/09/2022 12:15:57

María do Carme González Iglesias na data 16/09/2022 12:16:01

Daniel Castro García na data 16/09/2022 12:16:10



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Carmen Rodríguez Dacosta, Noelia Otero Lago e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A situación económica e laboral da mocidade galega debe ser unha prioridade na política económica do goberno da Xunta de Galicia. Despois de que Galicia perdesse 100.000 habitantes nos anos de goberno do presidente Feijóo, cómpre apostar polo futuro da mocidade na nosa comunidade.

Sen embargo, Galicia amosa unha taxa de actividade e de emprego da mocidade inferior ao dato nacional, mesturado cunha temporalidade laboral que segue empeorando e roza xa o 60 % e cun salario neto máis baixo que o promedio de España.

Por outra banda, os datos do último informe do Observatorio de Emancipación do Consejo de la Juventud de España, correspondente ao segundo semestre de 2021, poñen de manifesto unha realidade preocupante: as condicións laborais e salariais da mocidade galega están dificultando a súa emancipación á vista dos altos prezos da vivenda.

En concreto, no que atinxe á emancipación das persoas mozas en Galicia, o citado informe revela que só o 15,1 % da xuventude galega residía en 2021 nunha vivenda distinta á do seu fogar de orixe, por baixo da media estatal.

Canto á vivenda, a escasa oferta de vivenda de promoción autonómica xúntase a uns elevados prezos tanto de compra como de aluguer, que chegan, segundo o antedito informe, a supoñer ata un 70 % do salario neto medio das persoas mozas na provincia da Coruña.

Todo isto, nun contexto no que o salario medio en Galicia é un 26,2 % inferior ás retribucións medias dos 27 países da Unión Europea e un 7,5 % máis baixo que a nivel estatal, segundo os datos que recolle o VIII Monitor Adecco sobre Salarios, elaborado por The Adecco Group Institute.

Neste escenario, cómpre tomar medidas dende a Xunta de Galicia para fomentar as posibilidades económicas e laborais da mocidade galega así como para



favorecer a emancipación das persoas mozas en Galicia a través de accións destinadas a mellorar a calidade do emprego e as opcións para acceder á vivenda.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que política económica vai desenvolver a Xunta de Galicia para favorecer a situación económica e laboral, así como as posibilidades de emancipación, da mocidade galega?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Carmen Rodríguez Dacosta
Noelia Otero Lago
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/09/2022 13:08:37

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/09/2022 13:08:48

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 13:08:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/09/2022 13:09:06



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O actual Plan galego de financiamento universitario galego abrangue ata 2026. Pero o escenario de dificultades pola suba de prezos derivada da invasión de Ucraína por parte de Rusia e da consecuente crise enerxética constitúe un reto non só para as familias e empresas galegas, especialmente cando a inflación é máis alta en Galicia que en España, senón tamén para as universidades públicas galegas e o seu estudantado.

Na apertura do curso oficial do Sistema Universitario Galego, o propio reitor da USC, falando en representación dos reitores das tres universidades públicas galegas, chamou a atención sobre as dificultades que están sufrindo estas institucións académicas para enfrontar a alza dos custes. A inflación nos gastos correntes das universidades e os maiores custes no persoal investigador foron apuntados polo reitor da USC como determinantes dunha maior dificultade financeira nas universidades.

O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle no seu artigo 31 que a ensinanza é unha competencia plena de Galicia en todos os niveis e graos, de xeito que á Xunta de Galicia correspóndelle tomar medidas que contribúan a que o Sistema Universitario de Galicia (SUG) poida facer fronte ás novas circunstancias existentes e así cumprir a súa misión de ser garante da igualdade de oportunidades na formación. Nestas circunstancias cómpre que a Xunta de Galicia reaccione ante as peticións dos reitores de reunir a Comisión de seguimento do plan de financiamento. A maiores cabe sinalar a situación descrita polos informes de fiscalización das universidades públicas galegas, feitos dende o Consello de Contas, que apuntan unha perda de financiamento de 159.7 millóns de euros destas institucións académicas pola política de conxelación de taxas universitarias da Xunta de Galicia.



Ademais da suba dos prezos, outro aspecto que incide nos retos do SUG é a adaptación a un novo contexto derivado da recente aprobación no Congreso dos Deputados da Lei de Ciencia, que outorga máis garantías e dereitos á comunidade científica, con melloras na carreira laboral no eido da I+D+i e con novos dereitos laborais para os investigadores novos (como a indemnización por finalización dos contratos pre e posdoutorais).

Por todo o exposto, e tendo en conta a necesidade de garantir dende a Xunta ao bo funcionamento e suficiente financiamento das universidades públicas galegas, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Vai a Xunta de Galicia reforzar o financiamento das universidades públicas galegas, dado o escenario de incremento de custes ao que teñen que facer fronte?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/09/2022 12:09:54

Noelia Otero Lago na data 19/09/2022 12:10:04

Noa Susana Díaz Varela na data 19/09/2022 12:10:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/09/2022 12:10:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Castro García e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a nova licitación das obras de construción do parque acuático no complexo deportivo de Monterrei no concello de O Pereiro de Aguiar en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de agosto de 2021 adxudicouse o que contrato de Obras de construción da primeira fase do parque acuático no Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei no Concello do Pereiro de Aguiar. O contrato, formalizado no mes de setembro, tiña un orzamento de 4.701.920,85 € IVE incluído e un prazo de procedéndose á formalización de 8 meses.

A mediados de xuño de 2022 a Xunta de Galiza, transcorrido abondo o prazo de execución do contrato e no canto de informar a entrada en funcionamento do parque acuático, a Xunta de Galiza anuncia a resolución do contrato. A execución do contrato non só levaba meses paralizada, senón que ate o momento da “retirada” da empresa adxudicataria, o avance nas obras era extraordinariamente lento e xa evidenciaba que ía ser imposible rematar no prazo contratado.

Asemade a intervención simultánea en todo o espazo -tanto o de nova creación como as piscinas que xa estaban en funcionamento – reflicte unha falla de planificación na actuación construtiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo a Xunta de Galiza careceu da máis mínima dilixencia tanto no seguimento da execución da obra e do cumprimento do contrato, como, ante o abandono da obra pola adxudicataria, na resolución do devandito contrato. Tanto é así que aínda meses despois de que fora anunciada a resolución non consta a formalización da mesma.

As consecuencias de tanta negligencia foi que ante o verán coas temperaturas máis elevadas de toda a serie histórica cun grande número de xornadas por riba dos 40º, a cidadanía da comarca de Ourense viuse privada dun dos espazos acuáticos e de lecer de maior capacidade e aforo de toda a contorna.

Actualmente a actuación continúa paralizada, o espazo acuático integramente derruído e o contrato pendente de ser novamente licitado, inactividade que de continuar comprometera o lecer da cidadanía de toda a comarca unha tempada máis.

E por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- . Como valora a Xunta de Galiza o retraso na formalización dos contratos de obras, como por exemplo o que afecta ao parque acuático de Monterrei?
- . Por que razón a Xunta de Galiza aínda non procedeu á formalización da resolución do contrato das obras da 1ª fase do parque acuático de Monterrei no concello do Pereiro de Aguiar?
- . Cantos meses considera a Xunta de Galiza necesarios para a formalización da resolución do contrato e a formalización de nova licitación?
- . En que porcentaxe considera a Xunta de Galiza que está executado o proxecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Dado o estado que presentan as instalacións e as obras pendentes de executar cal é o prazo que considera necesario para o remate da primeira fase do parque acuático?

. Cal é o importe da liquidación e xa que logo o total abonado á adxudicataria?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Castro García

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/09/2022 12:27:28

Daniel Castro García na data 19/09/2022 12:27:33

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2022 12:27:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a afectación do actual contexto inflacionista na produción cultural e no acceso á cultura en equidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorren os últimos meses deste 2022 cunha preocupación que segue a callar na sociedade galega: a suba dos prezos de bens tan básicos como o alimentos, aos que hai que sumar a electricidade e os combustíbeis.

O dato máis recente da inflación do mes de agosto reflicte as seguintes conclusións:

- A variación interanual en Galiza se sitúa no 11,00% (cando en xullo era do 11,5%). - Seguimos a ter en Galiza un diferencial coa media estatal que se situou en agosto no 10,5%.

- No que vai de ano Galiza acumula un incremento dos prezos do 6,6% fronte a media estatal do 6,1%.

- A inflación subxacente sitúase no 6,1% en Galiza, o que significa que esta situación inflacionaria non é apenas conxuntural pola subida da enerxía e carburantes, senón que o aumento dos prezos trasladouse ao conxunto de bens e servizos (polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aumento do custos xeralizados de bens intermedios e o seu traslado a prezos por parte da industria, comercio e servizos).

A cultura galega non permanece allea ás consecuencias desta alza inflacionista tanto desde a perspectiva dos axentes creadores como do conxunto da sociedade consumidora de cultura.

No primeiro caso, a inflación xera un aumento de custes nos procesos creativos das producións culturais e no segundo dificulta, condiciona ou mesmo anula a capacidade de gasto en acceso á cultura para moitas persoas ou núcleos familiares.

A recente aprobación do Plan Estratéxico de Galicia 2030, que parte dunha análise económica do 2019, non contempla actuacións de reforzo compensador dun proceso sumatorio das consecuencias da crise económica anterior de 2010, agravada polas provocadas pola pandemia ao longo de case dous anos e à que agora se suman as propias desta tan incontralada como inasumíbel suba de prezos de bens de primeira necesidade.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas ten previsto activar o goberno galego para garantir o dereito de acceso á cultura en igualdade e apoiar os sectores e axentes culturais galegos no actual contexto inflacionista?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/09/2022 13:06:56

Daniel Castro García na data 19/09/2022 13:07:00

Mercedes Queixas Zas na data 19/09/2022 13:07:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á administración da cuarta dose da vacina contra a Covid-19 ás persoas maiores de 80 anos en “vacunómetros”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sergas ven de informar de que ten intención de administrar ás persoas maiores de 80 anos a cuarta dose da vacina contra a Covid 19 en centros de vacinación masiva, os chamados “vacunómetros”.

Non entendemos esa decisión, cando as tres anteriores doses lle foron administradas nos centros de saúde, coa pandemia moito máis presente e máis dificultades.

O BNG quere mostrar a súa desconformidade con esta medida, consideramos inxustificado obrigar aos nosos maiores, persoas de 80, 85,90 ou máis anos a desprazarse a quilómetros de distancia, co que iso significa tanto no aspecto físico como económico.

Son persoas con problemas de mobilidade, que lles vai obrigar a depender de familiares ou achegados para que @s leven ou pagar o desprazamento en taxi, ida-espere-volta, agardar de pé...

Significa tamén perda de continuidade na atención que se lles presta por parte d@s profesionais que @s atenden nos centros de saúde.

É unha decisión que supón molestias, intranquilidade e gastos económicos para un colectivo que nunha parte moi importante ten unhas pensións moi baixas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Cal é a xustificación da decisión de administrar ás persoas maiores de 80 anos a cuarta dose da vacina contra a Covid 19 en centros de vacinación masiva “vacunómetros” cando as anteriores doses lles foi administrada nos centros de saúde?

-Por que esta decisión que supón molestias, intranquilidade e gastos económicos para un colectivo que nunha parte moi importante ten unhas pensións moi baixas?

-Parécelle razoábel obrigar a persoas con problemas de mobilidade, que teñen que depender de familiares ou achegados para que @s leven ou pagar o desprazamento en taxi, ida-espera-volta, agardar de pé...?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2022 16:49:06

Iria Carreira Pazos na data 19/09/2022 16:49:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2022 16:49:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 é definido polo goberno da Xunta como a folla de ruta do futuro que terá como prioridades acadar unha recuperación sostible, resistente e inclusiva.

O presente da lingua galega fai parte dunha das áreas analizadas neste plan estratéxico, nomeadamente o que di respecto do seu coñecemento e uso, partindo dos datos da Enquisa estrutural a fogares do IGE do ano 2018.

Entre os datos máis relevantes de cara a garantir unha boa saúde da lingua galega no presente e no futuro inmediato destaca o feito de que *entre a poboación menor de 15 anos, a porcentaxe dos que sabe falar pouco ou nada o galego increméntase ata o 23,9%%, mentres que entre a poboación de 65 ou máis anos non chega ao 9%.*

Por outra banda, o Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 tamén recolle como a Enquisa estrutural a fogares do IGE reflicte que a porcentaxe de estudantes que reciben a mesma proporción de clases en galego que en castelán sitúase no 59,6% en 2018, unha porcentaxe que baixa ata o 36,0% entre a poboación de 17 ou máis anos, xa que recibe o 46,5% das clases en castelán ou maioritariamente neste idioma, o que claramente pon en





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cuestionamento o principio de igualdade lingüística e, como consecuencia, as posibilidades de adquirir competencia en galego.

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 recolle na análise DAFO centrada no P.A 4.3: Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía, recoñece como debilidade, a respecto da lingua galega, *o estancamento no uso habitual do galego que presenta significativas diferenzas xeográficas e por grupos de idade*.

No entanto, a diferenza de todos os restantes ítems, esta debilidade non recolle correspondencia ningunha con ameazas, fortalezas e oportunidades.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora o goberno esta debilidade como resultado da política lingüística de 13 anos de goberno do PP?
- Por que a debilidade do *estancamento no uso habitual do galego* non recolle ningunha proposta de mellora?
- Como pensa darlle resposta ao obxectivo central deste plan que di procurar a recuperación sostible, resistente e inclusiva para a lingua galega?
- Está o goberno da Xunta a deseñar un plan específico para superar a debilidade recollida no Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 a respecto do *estancamento no uso habitual do galego que presenta significativas diferenzas xeográficas e por grupos de idade*?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas vai implementar o goberno da Xunta para desenvolver, para alén doutros retos e necesidades, o reto sinalado no Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 de *conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos, se o desexar?*

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 09:32:44

Daniel Castro García na data 20/09/2022 09:32:49

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 09:33:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a protección e conservación das turbeiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de outubro de 2020 a Xunta adxudicou o contrato de “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia” á USC cun prezo de 70.966,50 € e un prazo de execución de 12 meses.

O citado estudo debería ser un bo punto de partida para a protección destes espazos e para o desenvolvemento dun plan de conservación e recuperación destes hábitats esenciais para a preservación da biodiversidade e para a loita contra o cambio climático.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

-Cal é o resultado do estudo sobre o estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galiza?

-Cal é o estado das turbeiras á luz do citado estudo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas ten previsto desenvolver a Xunta en relación coa protección, conservación e recuperación das turbeiras?

-Ten previsto o goberno galego incluír todas as turbeiras no rexistro de humidais?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2022 09:52:11

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2022 09:52:14

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2022 09:52:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os convenios do Plan Hurbe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O portal de contratos publicou nos anos 2021 e 2022 a información dos seguintes contratos de obras do Plan Hurbe, ao abeiro dos convenios asinados entre a Consellaría de Medio Ambiente e determinados concellos:

-Obra de derrubo de edificio e acondicionamento de praza na rúa do Faro 38 en San Cibrao no concello de Cervo (Lugo). Orzamento base de licitación 467.967,50 con IVE

-Obra de melloras na intersección da rúa do Souto con Praza da Vila no lugar de Vilariño de Conso, concello de Vilariño de Conso (Ourense). Orzamento base de licitación 239.070,98 con IVE

-Obras de mellora do bordo da praia, no concello de Porto do Son (A Coruña). Orzamento base de licitación 229.889,93 con IVE

-Subministración e colocación de 34 bancos públicos en núcleos rurais no Concello de Montederramo (Ourense). Orzamento base de licitación 38.015,94 con IVE

-Acondicionamento e mellora do núcleo de Montesalgueiro, no concello de Aranga (A Coruña). Contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

social e empresas de inserción laboral. Orzamento base de licitación 107.093,65 con IVE

-Obras de construción de piscina pública e un centro BTT, no concello de Outeiro de Rei (Lugo). Orzamento base de licitación 972.037,67 con IVE

-Reforma da praza, zona do mercado e biblioteca, no concello de Bande (Ourense). Orzamento base de licitación 107.463,80 con IVE

-Humanización dos contornos de Papucín e Fonte Santaia, no concello de Frades (A Coruña). Orzamento base de licitación 134.737,57 con IVE

-Humanización de espazos públicos, no concello de Os Blancos (Ourense). Orzamento base de licitación 70.770,06 con IVE

-Obra de rehabilitación da praza de abastos no concello de Viana do Bolo (Ourense). Orzamento base de licitación 695.512,57 con IVE

-Obra de melloras no acceso ao núcleo de Seadur, Larouco (Ourense). Orzamento base de licitación 79.189,74 con IVE

-Acondicionamento dos accesos á ruta de Salgueirón (A Barrela), no concello de Carballedo. Orzamento base de licitación 99.997,91 con IVE

-Obra mellora do entorno do Campo da Feira de Paiosaco, A Laracha (A Coruña). Orzamento base de licitación 114.463,06 con IVE

-Obra de humanización, melloras bioclimáticas e aproveitamento dos recursos hídricos de San Pedro de Leirado, Quintela de Leirado (Ourense). Orzamento base de licitación 431.879,04 con IVE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de urbanización e mellora de espazo público, Parada de Sil (Ourense).
Orzamento base de licitación 156.557,37 con IVE

-Obra de mellora da vía principal no lugar dos Novais, Quiroga (Lugo).
Orzamento base de licitación 69.282,47 con IVE

-Obra de urbanización e humanización da parcela do campamento de turismo municipal, Ribas de Sil (Lugo). Orzamento base de licitación 78.575,54 con IVE

-Obra construción dun edificio destinado a usos múltiples no lugar de Arenteiro, Piñor (Ourense). Orzamento base de licitación 451.336,66 con IVE

-Obra de urbanización de parque público no lugar de Outeiro Cruz no Concello de Arnoia (Ourense). Orzamento base de licitación 286.972,07 con IVE

-Obra de humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Coirós de Abaixo no Concello de Coirós (A Coruña). Orzamento base de licitación 98.810,17 con IVE

-Obra de embelecemento do entorno de Luíntra mediante a creación dun espazo no acceso á Oficina Municipal de Promoción Turística, Nogueira de Ramuín (Ourense). Orzamento base de licitación 99.999,99 con IVE

- Obra de humanización dos accesos ao Balneario e Fonte de Augas Santas, Pantón (Lugo). Contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción laboral. Orzamento base de licitación 99.999,99 con IVE

-Obra de construción dunha piscina pública en Boborás (Ourense). Orzamento base de licitación 414.979,18 con IVE

- Obra de urbanización e mellora de espazo público, Parada de Sil (Ourense)
Orzamento base de licitación 156.557,37 con IVE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de mellora das rúas Calvo Sotelo e Justo Martínez, A Estrada (Pontevedra). Orzamento base de licitación 275.403,80 con IVE

-Obra de humanización das rúas Mediodía e Víctor González Faya, Ordes (A Coruña). Orzamento base de licitación 398.734,17 con IVE

-Obra de urbanización do entorno das vivendas do grupo escolar, Vilardevós (Ourense). Orzamento base de licitación 89.999,99 con IVE

-Obra de humanización parcial do núcleo do Pereiro de Aguiar, 1ª fase (Ourense). Orzamento base de licitación 148.652,90 con IVE

-Obra de equipamento municipal de ocio nas instalación de Mirallos, Moraña (Pontevedra). Orzamento base de licitación 452.056,61 con IVE

-Rehabilitación de vivenda municipal en Fontán, Parderrubias. SALCEDA CASELAS. Orzamento base de licitación 74.547,36 con IVE

-Obra de pavimentación de rúas en Nocado, Os Blancos (Ourense). Orzamento base de licitación 49.962,35 con IVE

- Obra de humanización da contorna parroquial de San Mamede, Mos (Pontevedra). Orzamento base de licitación 390.000,00 con IVE

-Obra de humanización e mellora do espazo público do Tameirón, A Gudiña (Ourense). Orzamento base de licitación 127.000,00 con IVE

-Obra de construción dun centro sociocomunitario e ambiental no núcleo urbano de Pontepedra, Tordoia (A Coruña). Orzamento base de licitación 346.037,92 con IVE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de acondicionamento do espazo público no lugar de Mugares, Toén (Ourense). Orzamento base de licitación 75.152,93 con IVE

-Obra de rehabilitación interior do antigo edificio do concello como nova biblioteca pública, Salvaterra de Miño (Pontevedra). 300.000,00€

-Obra de humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Armea, no concello de Coirós (A Coruña). 96.656,40€

-Obra de mellora do parque público de Maceira, Covelo (Pontevedra). 261.387,19€

-Obra de pavimentación da rúa da Fonte en Castro, Carballedo (Lugo). 80.042,87€

-Obra de humanización e mellora das instalacións do espazo polivalente do Campo da Escola en Celeiros, Chandrexa de Queixa (Ourense). 96.649,00€

-Obra de execución dunha praza pública en Progo, Riós (Ourense). Contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción laboral. 96.735,74€

-Obra de rexeneración do conxunto de Santa María do Campo, en O Irixo (Ourense). 23.205,27€

-Obra de mellora da urbanización na rúa A Pateira, na Veiga (Ourense). 161.000,00€

-Obra de humanización na rúa San Benito, en Arbo (Pontevedra). 235.961,64€

-Obra de mellora de rúas en Cea (Ourense). 113.205,69€





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de acondicionamento de espazos públicos en Tourós-Barxés, no concello de Muíños (Ourense). 179.051,57€

-Obra acondicionamento do entorno do edificio multiusos no concello de O Incio (Lugo) 100.073,05€

-Obra de mellora do viario das Bouciñas a Croído, en Lousame (A Coruña). 120.687,12€

-Obra de mellora e humanización de espazos públicos urbanos, en Touro (A Coruña). 0.335,93€

-Obra de pavimentación da zona da Praza das Airas, no concello de O Barco de Valdeorras (Ourense). 114.000,00€

-Obra de pavimentación da rúa República Argentina, en Noia (A Coruña). 90.832,50€

-Obra de humanización de prazas en Xendive e Ganceiros en Lobios (Ourense). 96.800,00€ - Obra de mellora dos espazos públicos municipais: humanización do entorno do Mercado do Xurés, Bande (Ourense). 77.999,99€

-Obra de humanización e mellora dos espazos públicos urbanos no concello de Quiroga (Lugo). 65.738,63€

-Obra de pavimentación (praza) en Castiñeira, concello de Vilariño de Conso (Ourense). 61.884,63€

-Obra de humanización das rúas Travesía da Estrada de Éntoma e Francisco Neira, en Sobradelo, Carballada de Valdeorras (Ourense) 120.000,01€





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Obra de humanización da rúa Estrada entre a rúa Méndez Núñez e a rúa Concepción Arenal no concello de Marín (Pontevedra). Expediente 62/2019 U 314.548,18€ Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

-Obra de edificación e urbanización do club fluvial de Friol. 657.332,31€

-Obra de construción de piscinas municipais en Cualedro (Ourense). 400.000,00€

Da análise da documentación dos referidos contratos non se pode derivar un criterio obxectivo e xusto de distribución dos fondos públicos. Polo contrario, dérvase un reparto arbitrario e partidario dos recursos públicos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

-Que criterios segue a Xunta para o reparto dos fondos do Plan Hurbe mediante convenios?

-Por que os convenios só se asinan con concellos do PP, agás contadas excepcións?

-Ten previsto a Xunta o reparto de todos os fondos do Plan Hurbe mediante o procedemento de convocatoria pública de subvencións a concellos en concorrencia competitiva?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2022 11:15:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/09/2022 11:15:11

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2022 11:15:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a negativa da Consellaría de Educación de aumentar a oferta de prazas de mestrados de secundaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica de Educación do 3 maio de 2006 establece nos seus artigos 94,95,96 a obrigatoriedade de estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica para poder exercer a docencia na educación secundaria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de idiomas.

Así mesmo, o 8 de novembro do ano 2008 publicábase o real decreto 1834/2008 polo que se definían as condicións de formación para o exercicio da docencia no ensino obrigatorio, no bacharelato, na FP e nas ensinanzas de réxime especial. Neste real decreto, que foi modificado polo real decreto 665/2015 nalguna das súas disposicións, establecíase no artigo 9, relativo á formación pedagóxica e didáctica do profesorado, o seguinte "Para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e na ensinanza ensinanza de idiomas, será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica"

Da mesma maneira a Consellaría de Educación, Universidade e formación profesional na orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos ao corpo de profesores, no artigo 2.3.1 apartado b establecía como requirimento indispensable para participar nos procesos selectivos o seguinte:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Posuír a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirá este requisito quen posúa o título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade

É polo tanto evidente que segundo o establecido na lexislación educativa, a formación pedagóxica e didáctica do profesorado é un requisito básico e obrigatorio para o profesorado poder exercer as súas funcións no ensino galego.

Mais a pesar de ser a formación pedagóxica e didáctica *conditio sine qua* non no acceso á función docente e mesmo, en moitas titulacións, ser esta saída practicamente a única alternativa laboral sólida para o estudantado desas carreiras, o sistema universitario galego mantén dende hai anos unha oferta educativa tan cativa e insuficiente nos máster de acreditación de formación didáctica e pedagóxica que obriga ao alumnado a teren que se desprazar fóra do país e a matricularse en universidades privadas para poder exercer a docencia en Galiza.

Tal e como denunciou a comunidade educativa, no curso pasado a oferta educativa do master de profesorado nas universidades galegas foi dun total de 765 prazas para todas as especialidades que se distribúen do seguinte xeito nas diferente cidades: 200 en Compostela, 80 en Lugo, 180 en Vigo, 48 en Pontevedra, 52 en Ourense e 225 na Coruña.

Así pois, esta raquítica oferta educativa que expulsa do sistema educativo galego a centos de alumnas e alumnos amosa a súa absoluta insuficiencia cando estes datos dos mestrados se poñen en relación coa demanda de prazas dos aspirantes, ou mesmo coas prazas de ensino ofertadas neste ano. No ano 2020 a Xunta ofertou un total de 1174





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prazas para 765 prazas de máster do profesorado. Con esta oferta fica de manifesto que por cada 17 prazas que saca a concurso-oposición a Consellaría tan só hai 11 de mestrado. Ou dito doutro xeito, por cada 100 prazas de oposición tan só hai 65 de mestrado.

Pero alén dos datos relativos, non podemos tampouco obviar que debaixo desta media agóchanse realidades de titulacións que teñen como saída prioritaria a docencia e na que a oferta de prazas dos máster é de apenas 35 prazas en todo o país; cando a demanda de cada promoción duplica mesmo as prazas ofertadas.

Neste curso, a os Universidades volveron a demandar que a Consellaría de Educación incrementase esta oferta educativa. A pesar de que reitores e Consellos Sociais das Universidades defenderon este incremento, A consellaría negouse, escusándose na imposibilidade de ter máis profesorado para a realización das prácticas destes mestrados.

Dende o BNG entendemos que esta raquítica oferta de prazas supón unha anomalía intolerábel no ensino público galego. Unha eiva na formación dos nosos profesores que obriga en tantas ocasións ás nosas mozas e mozas a teren que cursar o seus estudos fóra, en Universidades privadas, as máis das veces, e cuns custes económicos ao que moitas familias simplemente non poden facer fronte.

Pero ademais, supón tamén un contrasentido pedagóxico e educativo, o feito de que a Xunta de Galiza obrigue a formarse en sistemas universitarios de fóra a profesorado que aspira a exercer o seu labor docente no noso país. Un contrasentido que rompe coas correntes didácticas e pedagóxicas modernas e que descontextualizada o proxecto educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Pensa o Goberno galego que a dotación actual de prazas para os máster de profesorado nas diferentes universidades galegas se adapta ás necesidades educativas do noso país?

. Pensa o Goberno galego que é admisíbel que cada ano, centos de futuros profesores galegos se vexan obrigados a cursar unha titulación indispensábel para o exercicio da docencia en universidades privadas fóra do noso país?

. Vai a Xunta de Galiza adoptar as medidas necesarias para ter unha oferta de prazas para o máster do profesorado acorde ás necesidades do noso país?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 12:01:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 20/09/2022 12:01:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 12:01:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a censura na Consellaría de Educación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente inicio de curso estivo marcado por unha conflitividade froito dos recortes da Consellaría de Educación que levaron a moitos centros a ter que adoptar medidas como as dimisións dos equipos directivos e a mobilización en defensa do ensino público.

Foron varias as comunidades educativas ao longo de todo o País que denunciaron os recortes no ensino público por parte do goberno galego. Centros dende A Guarda até Cedeira ou dende Redondela até Teixeira que manifestaron publicamente o seu malestar polo maltrato ao que o goberno galego sometía estas comunidades educativas.

Mais o que resulta a todas luces inadmisíbel é que a Consellaría de Educación, no canto de atender e negociar as demandas dos centros procedeu a unha estratexia de persecución e censura dos centros que decidiron facer pública a realidade que estaban a padecer. Unha estratexia que se evidenciou en chamadas dende a inspección ás direccións dos centros para tratar de impedir as mobilizacións ou na obriga de eliminar das páxinas dos centros informacións sobre os recortes de profesorado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que estas actitudes por parte do goberno galego, alén de inadmisíbeis, impropias dunha democracia do século XXI polo que formulamos a seguinte interpelación:

Vai o goberno galego cesar na súa estratexia de censura para con aqueles centros e equipos directivos que denuncian os recortes no ensino público?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 12:56:11

Daniel Castro García na data 20/09/2022 12:56:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 12:56:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a eliminación dos concertos educativos cos centros que segregan por sexo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasos días, o presidente da Xunta de Galiza realizou unhas declaracións nas que manifestaba que “Imos agardar á interpretación axeitada da LOMLOE” para determinar se ían seguir financiando ou non os centros que segregan alumnado por sexo.

Compre sinalar que despois de que durante o goberno bipartito, a Xunta daquel entón, iniciase os trámites para suprimir o desvío de fondos públicos para centros ultraconservadores que empregan un modelo educativo segregador do alumando, unha das primeiras iniciativas que levou adiante o goberno do PP foi o mantemento destes concertos.

Compre sinalar que na LOMLOE establécese que de cara ao “fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres” os centros “sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos” “desenvolverán o principio de coeducación en todas as etapas educativas” e “non separarán o alumnado polo seu xénero”.

Esta redacción deixa claro que coa nova normativa o financiamento destes centros non se poderá prorrogar, e por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai o Goberno galego cumprir coa lexislación vixente e suprimir os concertos educativos cos centros que segregan alumnado por sexo?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 13:18:12

Daniel Castro García na data 20/09/2022 13:18:33

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 13:18:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a adaptación dos xulgados á Lei sobre o apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación, e posterior entrada en vixencia, da Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación procesual e civil para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica supuxo unha importante reformulación do sistema de substitución e axuda ás persoas que, temporal ou de xeito indeterminado, ven alterada as súas posibilidades de actuación na vida ordinaria.

Entre outras modificacións a norma citada introduce unha nova redacción no art. 268 do Código Civil, establecendo a obriga de que as medidas de apoio ás persoas deben ser revisadas periodicamente nun período máximo de tres anos, que excepcional e motivadamente, a autoridade xudicial pode adiar, se ben non máis aló de 6 anos.

Asemade a Disposición Transitoria 5ª da Lei 8/2021, de 2 de xuño establece a necesidade de que todas as resolucións sobre capacidade das persoas adoptadas con anterioridade á entrada en vixencia da norma serán revisadas, de oficio ou a instancia do Ministerio Fiscal, no prazo máximo de 3 anos; ou no prazo dun ano dende que a revisión fose solicitada polo titor, curador, apoderado preventivo ou titular da patria potestade rehabilitada ou prorrogada daquelas persoas coa capacidade modificada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A necesidade de revisión das resolucións sobre as medidas de apoio acordadas implica un notable incremento da carga de traballo dos xulgados que teñen conferidas as atribucións nesta materia, xulgados que xa na actualidade veñen mantendo unha extraordinaria actividade e que, nalgúns casos, xa están en situacións próximas ao colapso e cuxas resolucións xa se demoran moito máis do razoable. Todo, a pesares do compromiso e entrega das traballadoras destinadas nesas unidades xudiciais, ás que a situación padecida estalles a afectar na propia saúde.

E por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Considera que as previsións contidas na Lei 8/2021 incrementa a carga de traballo dos xulgados de familia e con competencias en materia de capacidade das persoas?

. Considera que a carga de traballo que veñen soportando algúns dos xulgados con competencias nesta materia excede do máximo recomendado e que cumpre ampliar a planta xudicial?

. No seu caso, en que partidos xudiciais considera a Xunta de Galiza deben incrementarse as unidades xudiciais actualmente existentes?

. Que medidas adoptou a Xunta de Galiza dende a entrada en vixencia da devandita Lei 8/2021 para cumprir as previsións contidas na mesma?

. Entende a Xunta de Galiza que as medidas a adoptar son conxunturais ou que as previsións da norma introduce variacións que incrementan as necesidades permanentes dos xulgados con competencias en materia de capacidade das persoas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2022 16:32:40

Iria Carreira Pazos na data 20/09/2022 16:32:45

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/09/2022 16:32:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a contratación do profesorado de reforzo do programa ARCO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación vén de facer público hai escasos días que este ano non vai levar adiante as contratacións de profesorado que se viñan realizando ao abeiro do programa ARCO.

Dende o BNG entendemos que se ben este tipo de profesorado non son a solución aos problemas e demandas do sistema educativo galego e que a mellora do noso sistema educativo pasa pola contratación de profesorado estrutural, non é menos certo que no contexto actual, e ante o recorte de profesorado que se ven executando no noso sistema educativo e as necesidades educativas que xorden nun contexto económico e postpandémico como o que vivimos, non semella razoábel que a Consellaría de Educación opte por suprimir este programas.

Desafortunadamente, como se esta realidade non existe, a Consellaría de Educación anunciou que este ano non teriamos este tipo de contratacións e non canto de optar pola busca de solucións para atender o alumnado que máis o precisa, a Consellaría optou por botar balóns fóra e buscar culpábeis no canto de buscar solucións.

Mais por esta realidade non fose dabondo prexudicial para a alumnado con necesidades educativas, o goberno galego decidiu que este ano, tampouco ía abrir o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

programa Proa+ a novas necesidades dos centros, xa que só poderán renovar este programa aqueles centros que participaron del no curso pasado.

Estamos ante unha medida, alén de inxusta, tremendamente absurda xa que as necesidades dos centros mudan, e un centro que non tivo necesidades de reforzo no ano anterior, pode telas no presente curso.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Por que a Consellaría de Educación decidiu suprimir este ano o profesorado do Programa Arco?

. Pensa o goberno galego que nun contexto como o que estamos non se precisa profesorado de reforzo?

. Ten pensado a Xunta de Galiza Proceder no inmediato a contratación neste curso do profesorado que viña realizando o traballo de reforzo ao abeiro do programa ARCO?

. Vai o goberno Galego incrementar os cadros de persoal no sistema educativo de maneira que o profesorado estrutural poida dispoñer de capacidade horaria para realizar estas funcións?

. Vai o goberno galego abrir a participación no programa Proa+ ás novas necesidades educativas que xurdan nos centros de ensino?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2022 17:09:08

Daniel Castro García na data 20/09/2022 17:09:12

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2022 17:09:23



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Fai máis dun ano e medio que o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de impulso demográfico. O Grupo Parlamentario Socialista advertiu da falta de compromiso orzamentario e concreción da norma. Tras máis dun ano e medio despois da súa aprobación, a realidade é que non existen avances de calado e non se perciben medidas importantes ou concretas na sociedade que poidan cambiar o curso da inversión da pirámide poboacional a longo prazo.

De feito, fai unhas semanas coñeciamos novos datos respecto á situación de despoboación que posicionan a Galicia como das comunidades autónomas que peores datos amosan.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista advertimos ao goberno galego que, dita norma debера ser transversal a todas as áreas de goberno, con especial atención a medidas para evitar a precarización laboral e o desemprego, así como medidas concretas que fomenten o talento asociado ao territorio.

A fuga de talento que ano tras ano fai que Galicia invista centos de millóns en formar mozos e mozas que finalmente teñen que emigrar por falta de opcións laborais fai que non só se deixen de crear centos de empresas novas ao ano, senón tamén que deixen de nacer miles de nenos e nenas en Galicia, segundo os estudos do Foro Económico de Galicia, no seu informe: “Fuga de Talento en Galicia: Mito o realidade”. Este tipo de datos amosan a falta de estratexia por parte do Goberno galego que afectan inevitablemente ao reto demográfico.

O certo é que as medidas illadas que ata o momento deu a coñecer o Goberno galego non poden ter unha repercusión significativa na problemática que padece Galicia nesta materia. Provincias como Ourense e Lugo son das máis afectadas do país, cunha idade media cada vez maior e unha inversión da pirámide poboacional que fai que incluso en Ourense existan máis pensionistas que cotizantes.

A falta de oportunidades e de servizos no rural fai que cada vez sexa máis complexo dar comezo a un proxecto vital no mesmo, cando o Goberno galego



do Partido Popular en vez que blindar os servizos ou incrementalos no rural, os recorta ano tras ano tras máis dunha década de Goberno ininterrompido.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes presentan a seguinte Interpelación:

1.^a) Cales son as medidas posteriores á aprobación da Lei de impulso demográfico?

2.^a) Que balance fai o Goberno galego da Lei de impulso demográfico tras máis dun ano e medio despois da súa aprobación no Parlamento?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 21/09/2022 09:20:56

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2022 09:21:17



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Para afrontar os retos da cultura galega, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, impulsaba en 2017 a Estratexia da Cultura Galega (ECG), un documento traballado co sector que marca as principais liñas de actuación e as prioridades da política cultural de Galicia para os vindeiros anos.

Os obxectivos xerais da ECG21 son:

- Fortalecer a industria cultural, para que cree máis riqueza e postos de traballo.
- Estender a produción e distribución cultural de base por todo o territorio de Galicia para favorecer a inclusión e a participación na cultura de toda a sociedade.
- Asegurar os servizos públicos culturais: bibliotecarios, museísticos, arquivísticos etc.
- Propiciar canles estable que favorezan unha maior colaboración entre as administracións públicas nas políticas culturais e unha maior participación da sociedade e das entidades privadas na cultura.

Eses obxectivos poñen o foco en dez retos prioritarios:

- Consolidar unha visión social da cultura como valor esencial e imprescindible para o desenvolvemento integral da sociedade, e a valoración da lingua galega como instrumento-clave da nosa identidade cultural e activo útil para a cidadanía.
- Estimular a produción cultural (profesional e afeccionada) e a súa distribución.
- Facilitar o acceso á cultura (ampliación de públicos, inclusión social) e favorecer a participación da sociedade no seu financiamento.
- Promover a cooperación institucional e a boa gobernanza da cultura (administración autonómica, local e provincial; novas sinerxías educación-cultura; Xacobeo; medios de comunicación públicos): corresponsabilidade, coherencia, eficiencia, participación, racionalización dos recursos, vertebración do territorio.
- Consolidar o tecido industrial creativo.



- Impulsar a salvagarda e a difusión do patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo e accesible.
- Avanzar na proxección exterior e a internacionalización da produción cultural de Galicia (posicionamento da marca 'Cultura de Galicia', proxección da Cidade da Cultura, vínculos coa Galicia exterior).
- Potenciar o posicionamento da cultura galega no marco da sociedade dixital.
- Apoiar a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, así como a colaboración entre as institucións públicas e privadas no ámbito da cultura.
- Continuar co proxecto da Cidade da Cultura de Galicia como colaborador do emprendemento, da tecnoloxía e da programación da cultura galega.

O proceso de elaboración da ECG21 consistiu en 3 fases. Unha primeira de encontros territoriais informativos e a elaboración por parte do Consello da Cultura Galega dunha diagnose sobre a cultura galega; unha segunda de reunións das mesas sectoriais; e unha terceira de redacción, exposición pública e revisión levada a cabo entre marzo e xuño de 2019 coa fin de redactar o documento final.

Mais logo desa terceira fase nada se soubo desa ECG21, que parece non culminou nun documento final de traballo de vital importancia para a industria e os axentes culturais do noso país. Pasados xa tres anos, e coa maior parte do traballo realizado, convén que o Goberno galego inicie un período de conversas para rematar a estratexia adaptándoa ao novo escenario da cultura galega e aos novos documentos e plans estratéxicos que lle afectan directamente.

Por iso, as deputadas que asinan, interpelan ao Goberno galego os seguintes termos:

- 1ª) Valora o Goberno galego traballar na actualización ou nunha nova estratexia de cultura galega?
- 2ª) Cal foi a razón ou razóns de non ter culminado o proceso de elaboración da Estratexia da Cultura Galega (ECG21)?
- 3ª) Realizou o Goberno galego algún avance dende 2019 para o desenvolvemento da citada estratexia?
- 4ª) Considera o Goberno galego necesario un novo proceso de conversas co tecido cultural galego para actualizar a Estratexia da Cultura Galega e aprobala definitivamente?





Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 19/09/2022 16:11:33

Noelia Otero Lago na data 19/09/2022 16:11:51



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades asinou co Concello de Mos en xuño de 2022 un convenio para a realización das obras de rehabilitación da antiga casa reitoral de Petelos e convertela, en principio, nun centro de día para persoas maiores.

Neste convenio o punto número quinto recolle o seguinte:

“Que por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o concello de afrontar en solitario os compromisos económicos que supoñen estas actuacións. A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia, manifestada polo concello, e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do concello de Mos”.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal é a relación de concellos que se beneficiaron dun financiamento concedido directamente e sen concorrência competitiva pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidade?
2. Cal é a relación de concellos da provincia de Pontevedra que se beneficiaron dun financiamento concedido directamente e sen concorrência competitiva pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidade?
3. A que importe ascenden as axudas directas sen concorrência competitiva concedidas pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidade aos diferentes concellos de Pontevedra?



4. Cales son os criterios seguidos pola Xunta de Galicia para repartir discrecional os fondos públicos entre os diferentes concellos da provincia de Pontevedra?
5. Considera o Goberno galego que o reparto de fondos discrecional é un modelo equitativo e xusto para distribuír os fondos de toda a cidadanía?
6. Cales son os motivos polos que o Goberno galego non realiza unha convocatoria público de concorrência competitiva para este tipo de actuacións nos concellos galegos?
7. A cantos concellos beneficia a Xunta de Galicia para habilitar centros de día?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/09/2022 12:58:01

Noa Susana Díaz Varela na data 21/09/2022 12:58:10

Noelia Otero Lago na data 21/09/2022 12:58:24



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O parque natural das Fragas do Eume foi declarado o 12 de agosto de 1997, sendo con 9.125 hectáreas o segundo de Galicia en superficie despois do Xurés. Destaca pola súa biodiversidade e por ser no momento da súa declaración, como di aínda hoxe a páxina *web* de Turismo de Galicia, un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa, ademais dun “bosque mixto de frondosas considerado un dos máis extensos da Galicia litoral e relevante a nivel europeo como bosque climático” do que destaca a presenza de variedades de feitos de grande interese, 103 especies de aves, 41 de mamíferos e 8 de peixes, e tamén especies endémicas de invertebrados e réptiles.

A pesar destes valores naturais, 25 anos despois de ser creado o parque carece de Plan reitor de usos e xestión (PRUX), cando debería telo como mínimo desde o ano 2003 segundo o artigo 35.4 da Lei galega 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, que establece que “Os plans reitores de uso e xestión aprobaranse no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da declaración do espazo natural protexido, previo informe, no seu caso, da xunta consultiva correspondente”. Certamente, a Lei 9/2001 foi derogada pola Lei 5/2019 do patrimonio natural e biodiversidade de Galicia, que eliminou o prazo para aprobar o plan, pero isto non habilita para soste indefinidamente a anómala situación dun parque natural que leva nada máis e nada menos que un cuarto de século sen PRUX.

Sendo un parque considerado como bosque atlántico de ribeira teoricamente ben conservado e sendo o bosque atlántico un bosque mixto caducifolio, a expansión descontrolada no parque e na súa contorno dunha especie como o eucalipto non soamente desvirtúa a esencia do ecosistema que se pretendía conservar e poñer en valor coa declaración como parque natural senón que reduce a biodiversidade do parque na medida en que diversos estudos constatan ese efecto como característico desa especie forestal.

Ademais da eucaliptización, as agresións medioambientais sobre o parque son constantes: ó gran incendio do ano 2012 (que deu pé a que o Presidente da Xunta falase dun plan de recuperación do que nunca máis se soubo) únense os episodios de contaminación do río Eume, entre eles o acontecido no ano 2021, así como a práctica desecación durante décadas dun tramo de quilómetros de río pola empresa



Endesa, augas abaixo do encoro radicado no propio parque, un auténtico atentado ecolóxico cometido en pleno parque natural.

Por outra banda, a estreita estrada que bordea o río Eume ata o Mosteiro de Caaveiro convértese cada fin de semana (agás o verán, cando unha parte da mesma pecha ó tráfico) nun constante ir e vir de coches que se mesturan cos sendeiristas que percorren a estrada, unha situación insólita que debería ser evitada simplemente propiciando cun aparcamento ou aparcamentos disuasorios que os visitantes deixen o coche na entrada do parque e accedan ó mesmo andando, en beneficio do parque (elimínanse ruídos e contaminación) e dos propios visitantes, que poderían percorrer os 10 quilómetros que separan Ombre de Caaveiro sen a molestia do tráfico ou, no seu caso, en minibuses de considerarse axeitada tal alternativa, reiteradamente reclamada polo concello de Pontedeume, que ademais ofrece a súa colaboración para implementala.

Finalmente, os propietarios de terreos radicados dentro do parque teñen limitados os usos que poden desenvolver nos seus terreos pero non perciben ningún tipo de compensación ou beneficio por esa limitación. O prezo de mercado de cada unha das 9.125 hectáreas que conforman o parque sería de 4.400 €, segundo o prezo recollido para a comarca no informe do Observatorio Galego de Mobilidade de Terras do ano 2021, polo que sería perfectamente asumible para o Goberno de Galicia un programa de adquisición de terras a longo prazo que progresivamente implicase o paso á titularidade pública dun espazo que ten unha finalidade predominantemente pública, o cal sería compatible con outras fórmulas de compensación aos propietarios.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cal é o motivo de que 25 anos despois da creación do parque non se aprobase o PRUX que segundo a lexislación estatal e autonómica é o principal instrumento de xestión de calquera parque natural?

2ª) Cando ten previsto o Goberno de Galicia aprobar o PRUX do Parque Natural das Fragas do Eume?

3ª) É consciente o Goberno de Galicia de que desde a declaración como parque natural nas Fragas do Eume se reduciu o espazo de bosque autóctono e aumentou considerablemente a superficie de eucalipto?

4ª) Vai evitar o Goberno de Galicia a eucaliptización do Parque Natural das Fragas do Eume?



5ª) Cal é o importe que dedicou o Goberno de Galicia a conservar e mellorar o estado ecolóxico do Parque Natural das Fragas do Eume nos últimos 10 anos?

6ª) Ten previsto o Goberno de Galicia establecer mecanismos de compensación económica aos propietarios de terreos afectados por restricións de usos?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 21/09/2022 19:05:50

Paloma Castro Rey na data 21/09/2022 19:06:08



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Gonzalo Caballero Miguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Xunta de Galicia anunciou en abril de 2020 a implantación da gratuidade das escolas infantís para os segundos fillos e sucesivos e en outubro de 2021, no debate sobre o Estado da Autonomía, o ex presidente Feijóo anunciou que esta gratuidade se ampliaría a todas as familias a partir do próximo curso 2022-2023, que cifraba nunhas 30.000 familias, e que a Xunta de Galicia destinaría 30 millóns de euros en pagar esta gratuidade nas escolas da súa titularidade, nas municipais e nas concertadas.

No Diario Oficial de Galicia do mércores 22 de xuño de 2022 a Consellería de Política Social e Xuventude publicou a Orde do 20 de xuño de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2022/23, cun orzamento total para o curso 2022-2023 de 41.470.940€ e no artigo 4 establécense os tipos de axuda e a contía, que no punto 1 recolle literalmente:

“1. A convocatoria comprende unha liña de axudas destinada a compensar a aplicación da bonificación do 100 % do prezo da atención educativa na contía do prezo mensual que lle corresponda aboar á familia, segundo as tarifas establecidas polas horas de asistencia do neno ou nena, ata un máximo de 306 euros/mes por praza a xornada completa, excluído o mes de vacacións do neno ou nena”.

Posteriormente, no Diario Oficial de Galicia do 3 de agosto de 2022 a Consellería de Política Social e Xuventude publica a Orde do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23, cun orzamento total de 10.591.031€ para o curso 2022-2023 e no artigo 4 recolle o tipo de axuda e a contía, que no seu apartado 4 establece literalmente: *“4. A liña 2, destinada a compensar estes centros pola aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da matrícula, de ser o caso, dos nenos/as que asisten á escola infantil.*



As axudas pola aplicación da bonificación do 100% do prezo da atención educativa estableceranse en función do número de prazas efectivamente ocupadas e terán unha contía equivalente á do prezo mensual que lle correspondería aboar á familia nunha praza pública segundo o previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, e durante un máximo de 11 mensualidades.

As axudas pola aplicación da bonificación do 100 % do prezo da matrícula será o equivalente ao recollido na correspondente ordenanza fiscal aplicable para o curso 2021/22, sen que en ningún caso poida superar os 100 euros.

Para os efectos do previsto nos parágrafos anteriores, durante todo o período subvencionable a entidade entregaralles ás familias os xustificantes mensuais de pagamento en que conste o número de horas ao día de asistencia e o importe que lles correspondería aboar, coa lenda de prezo bonificado 100 % pola Xunta de Galicia”.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos.

1ª) Que valoración fai o Goberno galego destas dúas convocatorias de subvención?

2ª) Parécelle correcto ao Goberno galego anunciar a gratuidade de prazas de todas as escolas infantís de Galicia como un programa da comunidade autónoma sen ter en conta a parte que financian os concellos?

3ª) Ten feito o Goberno galego algún estudo do custe total de cada unha das escolas infantís de 0 a 3 anos e o financiamento total que reciben de cada administración?

4ª) Como valora o Goberno galego o feito de que se achegue a cada familia un xustificante mensual de pagamento no que conste o número de horas ao día de asistencia e o importe que lles correspondería aboar, coa lenda de prezo bonificado 100 % pola Xunta de Galicia, sen que se inclúa a parte que pagan os concellos?

5ª) Cando ten previsto o Goberno galego asumir a totalidade do custe das escolas infantís galegas que están mantendo os concellos, asumindo a competencia propia que lle corresponde?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/09/2022 18:54:02

Marina Ortega Otero na data 21/09/2022 18:54:22

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/09/2022 18:54:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Ramón Fernández Alfonzo e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, instando o Goberno galego a tomar medidas para a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após a entrada en vigor do novo Plan de Transporte da Xunta de Galiza, as comarcas de Ferrolterra e As Mariñas na súa conexión coa cidade da Coruña e o seu percorrido entre os concellos das comarcas, víronse agravadas por una precarización e devaluación na calidade do servizo, tal e como veñen denunciando os usuarios e usuarias do transporte por estrada.

Moitas foron as queixas emitidas e recibidas polo mal funcionamento deste servizo, mentres a Xunta de Galiza e a empresa concesionaria foron aplicando parches a modo de solución parcial, que non foron ben recibidas nin avaliadas polos usuarios e usuarias.

Decisións como a tomada a comezos do ano 2022, de reforzar o servizo realizado pola AP-9 non foi suficiente, e precarizou aínda máis os servizos que se fan por estrada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Actualmente, esta situación viuse agravada após o comezo de curso e a aplicación das distintas bonificacións ao servizo, cun servizo xa deficiente que fixo aínda máis visíbeis os problemas nesta liña.

Os usuarios e usuarias levan tempo denunciando os atrasos, os autobuses que non pasan polos itinerarios marcados, os servizos que se deixan de facer intermitentemente e sen aviso, o mal estado de moitos dos vehículos e os reiterados incumprimentos de contrato pola empresa concesionaria desta liña.

Moitas tamén foron as queixas e denuncias en material laboral e de incumprimentos contractuais, tales como os que teñen que ver coas modalidades contractuais e as condicións nas que operan as traballadoras e traballadores, o incumprimento manifesto dos tempos de resposta estipulados na oferta da empresa, a non existencia das bases e servizos que estas deben ofertar, e unha longa lista de deficiencias e incumprimentos que se foron denunciando nos últimos tempos.

Se o obxectivo é o fomento do transporte público, o que está a acontecer nesta liña vai no sentido contrario, xa que un servizo que presenta estas eivas e deficiencias non pode ser percibido como útil polo conxunto da cidadanía.

É obriga das institucións públicas fomentar o uso do transporte público en todos os eidos, e quen faga uso do servizo para ir ao traballo, ir a aulas ou a atender calquera tipo de xestión ou cita médica, debe ter a certeza de que pode usar o transporte público, que vai estar á súa hora, que vai ter prazas suficientes e que viaxa cunhas medidas de seguridade axeitadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para reverter a situación de precarización do servizo público de transporte na liña XG871 e para resolver as deficiencias producidas na mesma?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Ramón Fernández Alfonso

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2022 16:42:42

Ramón Fernández Alfonso na data 22/09/2022 16:42:47

Paulo Ríos Santomé na data 22/09/2022 16:42:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de outubro de 2020 o Pleno do parlamento galego aprobou por unanimidade unha proposición non de lei, transaccionada por todos os grupos a partir dunha iniciativa do BNG, na que se demandaba que o goberno galego colaborase coas demais institucións na recuperación das estatuas de Abraham e Isaac atribuídas ao Mestre Mateo, así como a constitución dun grupo de traballo entre a Xunta e o Concello de Santiago.

No mes de novembro de 2020 iniciáronse os traballos da comisión de persoas expertas para a recuperación das esculturas, sen que até o momento de fixese pública ningunha información ao respecto.

Recentemente, o Estado presentou unha demanda sobre a propiedade dos bens do Pazo de Meirás, na que non se inclúe a reclamación das citadas esculturas, que están depositadas no interior do BIC.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

. Que accións prevé adoptar a Xunta, en coordinación co concello de Santiago, para a recuperación das estatuas de Abraham e Isaac?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. A que conclusións chegou a comisión de persoas expertas para a recuperación das estatuas de Abraham e Isaac?

. Ten previsto o goberno galego informar ao Parlamento sobre esta materia?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Mercedes Queixas Zas
Deputados e deputada do G.P. do BNG


Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2022 17:07:09

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/09/2022 17:07:13

Xosé Luis Bará Torres na data 22/09/2022 17:07:23





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

